



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 179
26 de marzo de 2025

Fascículo 1



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 22247 (12/PNP-001790)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de converter a atención primaria no auténtico eixe vertebrador do sistema sanitario

[74993](#)

I 22251 (12/PNP-001791)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 15 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición dos menores migrantes non acompañados

[74999](#)

Admisión a trámite e publicación

I 21768 (12/PNP-001743)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relacionadas coa mellora das infraestruturas ferroviarias en Galicia para o transporte de mercadorías

[75002](#)

I 21777 (12/PNP-001745)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as demandas que o Goberno galego debe trasladar ao Goberno central co fin de que mellore a situación da alta velocidade ferroviaria en Galicia

[75005](#)

I 21781 (12/PNP-001746)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do desenvolvemento da normativa necesaria para a creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia

[75008](#)

I 21784 (12/PNP-001747)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis



Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que impulse unha nova lei de patrimonio cultural que actualice o marco lexislativo nesta materia [75011](#)

I21790 (12/PNP-001749)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 7 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Concello de Vigo co obxectivo de que reactive o proxecto de reforma das pistas de atletismo de Balaídos [75014](#)

I21796 (12/PNP-001750)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que procure o consenso coas sociedades científicas e cos axentes implicados para pór en marcha o Plan de saúde mental 2025-2027 [75017](#)

I21810 (12/PNP-001751)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en materia de financiamento das oficinas de xustiza municipais [75020](#)

I21812 (12/PNP-001752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Campero Dorado, Cristina e 10 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que reforce con medios humanos e materiais os postos da Garda Civil da Limia e da Baixa Limia para afrontar o incremento da actividade delituosa nestas zonas [75023](#)

I21813 (12/PNP-001753)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e González Iglesias, Carmela

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa discriminación que sofre a poboación da Costa da Morte debido aos altos prezos dos combustibles nas estacións de servizo desta comarca [75025](#)

I21823 (12/PNP-001754)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central no que atinxe á mellora das condicións da estrada N-550, especialmente entre Santiago de Compostela e A Coruña [75032](#)

I21826 (12/PNP-001755)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de informar sobre a evolución das obras de ampliación e remodelación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

[75035](#)

I21876 (12/PNP-001756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre o plan de choque que o Goberno galego debe pór en marcha contra a discriminación económica e laboral das mulleres

[75038](#)

I21883 (12/PNP-001757)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que modifique o Decreto 48/2024, do 22 de abril, que regula os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

[75041](#)

I21899 (12/PNP-001758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta a prevención ante os riscos biolóxicos aos que se expón o persoal dos centros de conservación de fauna silvestre

[75044](#)

I21933 (12/PNP-001759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar respecto da súa decisión de segmentar os servizos sanitarios do Centro de Saúde Nóvoa Santos, de Ourense, ata o remate das obras do futuro centro integral de saúde

[75046](#)

I21941 (12/PNP-001760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que escoite as peticións do claustro do IES As Lagoas e da Xunta de Persoal Docente de Ourense relativas á seguridade e á dignidade da profesión docente

[75052](#)

I21948 (12/PNP-001761)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego dirixidas a activar a incorporación de traballadores e traballadoras ao sector marisqueiro

[75056](#)

I21955 (12/PNP-001762)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis



Sobre a demanda ao Goberno galego dunha reformulación da planificación das prestacións sanitarias do Centro de Saúde Nóvoa Santos, de Ourense, no transcurso das obras para construír o novo centro integral de saúde [75059](#)

I21960 (12/PNP-001763)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de informes relativos á externalización de funcións do Instituto Galego de Estatística e ás actividades da nova Oficina Económica de Galicia [75062](#)

I21980 (12/PNP-001764)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre as actuacións ás que debe proceder o Goberno galego co fin de destinar á cidade de Ourense unha partida orzamentaria inicialmente prevista para Vigo e que non foi executada [75065](#)

I21981 (12/PNP-001765)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co obxectivo de construír un novo centro de saúde no concello de Negreira [75069](#)

I21989 - 21994 (12/PNP-001766)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego destinadas á poboación que padece a enfermidade celíaca [75072](#)

I A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 21994. [75075](#)

I21995 (12/PNP-001767)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre os informes que debe remitir o Goberno galego ao Parlamento de Galicia en relación coa actividade da Sociedade Recursos de Galicia [75077](#)

I22015 (12/PNP-001768)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego tras a anulación parcial por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da normativa que regula as entidades de colaboración ambiental [75081](#)

I22021 (12/PNP-001769)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna



Sobre a demanda ao Goberno galego da súa comparecencia na Cámara para dar conta dos resultados da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024 e das medidas incluídas para o período 2024-2030

[75084](#)**I22053 (12/PNP-001770)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que impulse a execución da autovía A-76 entre Ourense e Ponferrada e outros proxectos de infraestruturas viarias estatais en Galicia

[75087](#)**I22056 (12/PNP-001771)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar á Mesa do Congreso dos Deputados co obxectivo de que permita o avance da tramitación da proposición de lei orgánica relativa á transferencia a Galicia da AP-9

[75090](#)**I22067 (12/PNP-001772)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe reiterar ante o Goberno central co fin de que elabore un estudo relativo aos custos do rescate da AP-9, á gratuidade das peaxes e ás vías de anulación das prorrogas da concesión

[75092](#)**I22081 (12/PNP-001773)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co proxecto de mellora e humanización do tramo da estrada N-550 ao seu paso polo lugar da Ponte, en Padrón

[75095](#)**I22082 (12/PNP-001774)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que dote economicamente a lei da esclerosis lateral amiotrófica (ELA) para facela realmente efectiva e poder cumprir os seus obxectivos

[75098](#)**I22085 (12/PNP-001775)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co impulso da construción da Autovía da Mariña (A-74)

[75101](#)**I22087 (12/PNP-001776)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



García González, Patricia e 11 máis

Sobre as solicitudes que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Concello de Vigo co fin de retomar as reunións relacionadas co impulso das infraestruturas urbanas previstas para Vigo [75104](#)

I22094 (12/PNP-001777)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 15 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que presente un novo Plan director do Corredor Atlántico que evite o illamento da provincia de Lugo en materia de infraestruturas viarias e ferroviarias [75107](#)

I22100 (12/PNP-001778)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 16 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que proceda a rehabilitar integralmente o firme da estrada N-540 entre Lugo e Ourense [75110](#)

I22104 (12/PNP-001779)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo respecto do Plan director da automoción para o período 2025-2027 [75113](#)

I22113 (12/PNP-001780)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no ámbito da atención sanitaria a pacientes con patoloxías psiquiátricas [75116](#)

I22121 (12/PNP-001781)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia relativas á regulación das categorías e condicións retributivas das modalidades de contratación laboral establecidas no marco da Lei orgánica do sistema universitario [75119](#)

I 22130 (12/PNP-001782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego da reposición da praza de nutricionista que viña existindo nos centros de saúde de Santa Comba e de Negreira [75123](#)

I22138 (12/PNP-001783)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Pérez López, José Daniel



Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo logo do remate da concesión da xestión do spa e centro de viñoterapia do mosteiro de San Clodio de Leiro [75126](#)

I22142 (12/PNP-001784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a postura e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co acollemento de menores estranxeiros non acompañados [75129](#)

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

I22246 (12/PNC-002084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de converter a atención primaria no auténtico eixe vertebrador do sistema sanitario [75133](#)

I22252 (12/PNC-002085)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 15 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición dos menores migrantes non acompañados [75138](#)

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

I21767 (12/PNC-002030)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relacionadas coa mellora das infraestruturas ferroviarias en Galicia para o transporte de mercadorías [75141](#)

I21776 (12/PNC-002032)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as demandas que o Goberno galego debe trasladar ao Goberno central co fin de que mellore a situación da alta velocidade ferroviaria en Galicia [75144](#)

I21780 (12/PNC-002033)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do desenvolvemento da normativa necesaria para a creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia [75147](#)



I21783 (12/PNC-002034)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que impulse unha nova lei de patrimonio cultural que actualice o marco lexislativo nesta materia

[75150](#)**I21789 (12/PNC-002036)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García González, Patricia e 7 máis**

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Concello de Vigo co obxectivo de que reactive o proxecto de reforma das pistas de atletismo de Balaídos

[75153](#)**I21795 (12/PNC-002037)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e 7 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que procure o consenso coas sociedades científicas e cos axentes implicados para pór en marcha o Plan de saúde mental 2025-2027

[75156](#)**I21809 (12/PNC-002038)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 8 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en materia de financiamento das oficinas de xustiza municipais

[75159](#)**I21811 (12/PNC-002039)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Campero Dorado, Cristina e 10 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que reforce con medios humanos e materiais os postos da Garda Civil da Limia e da Baixa Limia para afrontar o incremento da actividade delituosa nestas zonas

[75162](#)**I21814 (12/PNC-002040)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar e González Iglesias, Carmela**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa discriminación que sofre a poboación da Costa da Morte debido aos altos prezos dos combustibles nas estacións de servizo desta comarca

[75164](#)**I21822 (12/PNC-002041)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis**

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central no que atinxe á mellora das condicións da estrada N-550, especialmente entre Santiago de Compostela e A Coruña

[75171](#)**I21827 (12/PNC-002042)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de informar sobre a evolución das obras de ampliación e remodelación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

[75174](#)**I21840 (12/PNC-002043)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que exerza un control medioambiental da actividade industrial do polígono das Somozas

[75177](#)**I21855 (12/PNC-002044)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia en relación coas actuacións de acondicionamento que levou a cabo na contorna exterior do Centro de Saúde da Ponte, en Ourense

[75180](#)**I21875 (12/PNC-002045)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre o plan de choque que o Goberno galego debe pór en marcha contra a discriminación económica e laboral das mulleres

[75184](#)**I21881 (12/PNC-002046)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que modifique o Decreto 48/2024, do 22 de abril, que regula os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

[75187](#)**I21882 (12/PNC-002047)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que modifique o Decreto 48/2024, do 22 de abril, que regula os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

[75190](#)**I21900 (12/PNC-002048)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta a prevención ante os riscos biolóxicos aos que se expón o persoal dos centros de conservación de fauna silvestre

[75193](#)**I21934 (12/PNC-002049)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis



Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar respecto da súa decisión de segmentar os servizos sanitarios do Centro de Saúde Nóvoa Santos, de Ourense, ata o remate das obras do futuro centro integral de saúde [75196](#)

I21942 (12/PNC-002050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que escoite as peticións do claustro do IES As Lagoas e da Xunta de Persoal Docente de Ourense relativas á seguridade e á dignidade da profesión docente [75202](#)

I21949 (12/PNC-002051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego dirixidas a activar a incorporación de traballadores e traballadoras ao sector marisqueiro [75206](#)

I21954 (12/PNC-002052)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha reformulación da planificación das prestacións sanitarias do Centro de Saúde Nóvoa Santos, de Ourense, no transcurso das obras para construír o novo centro integral de saúde [75209](#)

I21961 (12/PNC-002053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de informes relativos á externalización de funcións do Instituto Galego de Estatística e ás actividades da nova Oficina Económica de Galicia [75212](#)

I21974 (12/PNC-002054)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre os criterios que debe ter en conta a Xunta de Galicia no proceso de declaración do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, de Sada, como ben de interese cultural [75216](#)

I21982 (12/PNC-002055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co obxectivo de construír un novo centro de saúde no concello de Negreira [75219](#)

I21988 -21994 (12/PNC-002056)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia



Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego destinadas á poboación que padece a enfermidade celíaca [75222](#)

■ A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 21994. [75225](#)

■ 21996 (12/PNC-002057)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre os informes que debe remitir o Goberno galego ao Parlamento de Galicia en relación coa actividade da Sociedade Recursos de Galicia [75227](#)

■ 21997 (12/PNC-002058)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre os informes que debe remitir o Goberno galego ao Parlamento de Galicia en relación coa actividade da Sociedade Recursos de Galicia [75231](#)

■ 22014 (12/PNC-002059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego tras a anulación parcial por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da normativa que regula as entidades de colaboración ambiental [75235](#)

■ 22020 (12/PNC-002060)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre a demanda ao Goberno galego da súa comparecencia na Cámara para dar conta dos resultados da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024 e das medidas incluídas para o período 2024-2030 [75238](#)

■ 22052 (12/PNC-002061)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que impulse a execución da autovía A-76 entre Ourense e Ponferrada e outros proxectos de infraestruturas viarias estatais en Galicia [75241](#)

■ 22055 (12/PNC-002062)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar á Mesa do Congreso dos Deputados co obxectivo de que permita o avance da tramitación da proposición de lei orgánica relativa á transferencia a Galicia da AP-9 [75244](#)

■ 22066 (12/PNC-002063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe reiterar ante o Goberno central co fin de que elabore un estudo relativo aos custos do rescate da AP-9, á gratuidade das peaxes e ás vías de anulación das prorrogas da concesión

[75246](#)**I22080 (12/PNC-002064)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co proxecto de mellora e humanización do tramo da estrada N-550 ao seu paso polo lugar da Ponte, en Padrón

[75249](#)**I22084 (12/PNC-002065)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co impulso da construción da Autovía da Mariña (A-74)

[75252](#)**I22086 (12/PNC-002066)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 11 máis

Sobre as solicitudes que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Concello de Vigo co fin de retomar as reunións relacionadas co impulso das infraestruturas urbanas previstas para Vigo

[75255](#)**I22093 (12/PNC-002067)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 15 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que presente un novo Plan director do Corredor Atlántico que evite o illamento da provincia de Lugo en materia de infraestruturas viarias e ferroviarias

[75258](#)**I22095 (12/PNC-002068)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a mellora do CEIP de Prácticas da Coruña

[75261](#)**I22099 (12/PNC-002069)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 16 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que proceda a rehabilitar integralmente o firme da estrada N-540 entre Lugo e Ourense

[75265](#)**I22105 (12/PNC-002070)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo respecto do Plan director da automoción para o período 2025-2027

[75268](#)

I22106 (12/PNC-002071)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e 2 máis**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo respecto do Plan director da automoción para o período 2025-2027

[75271](#)**I22114 (12/PNC-002072)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e 2 máis**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no ámbito da atención sanitaria a pacientes con patoloxías psiquiátricas

[75274](#)**I22122 (12/PNC-002073)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia**

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia relativas á regulación das categorías e condicións retributivas das modalidades de contratación laboral establecidas no marco da Lei orgánica do sistema universitario

[75277](#)**I22129 (12/PNC-002074)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a demanda ao Goberno galego da reposición da praza de nutricionista que viña existindo nos centros de saúde de Santa Comba e de Negreira

[75281](#)**I22140 (12/PNC-002075)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre a postura e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co acollemento de menores estranxeiros non acompañados

[75284](#)**I22141 (12/PNC-002076)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Pérez López, José Daniel**

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo logo do remate da concesión da xestión do spa e centro de viñoterapia do mosteiro de San Clodio de Leiro

[75288](#)**1.4. Procedementos de información****1.4.2. Solicitudes de comparecencia****1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión****Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación****I22217 (12/CPC-000072)****Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Do director xeral de Planificación Enerxética e Minas, por petición propia, para dar conta dos certificados de aforro enerxético que está a xestionar a Xunta de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

[75291](#)

I22218 (12/CPC-000073)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, por petición propia, para dar conta dos apoios ás empresas activados polo IGAPE no primeiro trimestre do ano 2025

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

[75293](#)

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I22245 (12/INT-000898)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre a situación en que se atopa a sanidade pública de Galicia

[75295](#)

Admisión a trámite e publicación

I21818 (12/INT-000877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e González Iglesias, Carmela

Sobre a situación de desigualdade que sofren as comarcas máis despoboadas respecto do prezo dos combustibles, singularmente no caso da Costa da Morte

[75300](#)

I21828 (12/INT-000878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da finalización das obras de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

[75308](#)

I21839 (12/INT-000879)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 4 máis

Sobre as políticas que prevé desenvolver a Xunta de Galicia ante o impacto económico da declaración de sete comarcas galegas como zonas vulnerables aos nitratos (ZVN)

[75311](#)

I21874 (12/INT-000880)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a situación da fenda laboral e retributiva de xénero e as súas consecuencias na economía galega

[75315](#)

I21880 (12/INT-000881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre o grao de profesionalización e de independencia dos postos superiores e de dirección do organigrama da Xunta de Galicia

[75318](#)**I21898 (12/INT-000882)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre os plans da Xunta de Galicia para garantir a protección do persoal dos seus centros de conservación de fauna silvestre ante os riscos biolóxicos aos que se expón

[75321](#)**I21938 (12/INT-000883)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre o rigor da planificación dos servizos sanitarios prestados nos centros de saúde de atención primaria, singularmente no caso da segmentación provisional da atención do centro de saúde ourensán Nóvoa Santos

[75324](#)**I21950 (12/INT-000884)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as estratexias destinadas á activar o emprego no sector marisqueiro

[75330](#)**I21962 (12/INT-000885)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as actividades desenvolvidas pola nova Oficina Económica de Galicia

[75333](#)**I21987 (12/INT-000886)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a posta en marcha de políticas de apoio á poboación con baixos recursos que padece a enfermidade celíaca

[75336](#)**I21998 (12/INT-000887)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a capacidade de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia na Sociedade Recursos de Galicia

[75339](#)**I22013 (12/INT-000888)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a anulación parcial por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da normativa que regula as entidades de colaboración ambiental

[75343](#)**I22019 (12/INT-000889)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre o balance da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024

[75346](#)

I22118 (12/INT-000890)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as estratexias da Xunta de Galicia para afrontar os problemas de seguridade na atención sanitaria de pacientes con patoloxías psiquiátricas

[75349](#)

I22123 (12/INT-000891)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a regulación por parte da Xunta de Galicia das figuras de persoal laboral definidas na Lei orgánica do sistema universitario

[75352](#)

I22128 (12/INT-000892)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre o número de nutriólogos na atención primaria galega e a importancia desta especialidade no sistema sanitario

[75355](#)

I22139 (12/INT-000893)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a postura do Goberno galego no proceso de acollemento de menores non acompañados

[75358](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.1. Proposicións presentadas

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de marzo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 22247 (12/PNP-001790)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de converter a atención primaria no auténtico eixe vertebrador do sistema sanitario

- 22251 (12/PNP-001791)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 15 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición dos menores migrantes non acompañados

Admisión a trámite e publicación

- 21768 (12/PNP-001743)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relacionadas coa mellora das infraestruturas ferroviarias en Galicia para o transporte de mercadorías

- 21777 (12/PNP-001745)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as demandas que o Goberno galego debe trasladar ao Goberno central co fin de que mellore a situación da alta velocidade ferroviaria en Galicia

- 21781 (12/PNP-001746)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do desenvolvemento da normativa necesaria para a creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia

- 21784 (12/PNP-001747)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que impulse unha nova lei de patrimonio cultural que actualice o marco lexislativo nesta materia

- 21790 (12/PNP-001749)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 7 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Concello de Vigo co obxectivo de que reactive o proxecto de reforma das pistas de atletismo de Balaídos

- 21796 (12/PNP-001750)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que procure o consenso coas sociedades científicas e cos axentes implicados para pór en marcha o Plan de saúde mental 2025-2027

- 21810 (12/PNP-001751)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en materia de financiamento das oficinas de xustiza municipais

- 21812 (12/PNP-001752)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Campero Dorado, Cristina e 10 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que reforce con medios humanos e materiais os postos da Garda Civil da Limia e da Baixa Limia para afrontar o incremento da actividade delituosa nestas zonas

- 21813 (12/PNP-001753)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e González Iglesias, Carmela

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa discriminación que sofre a poboación da Costa da Morte debido aos altos prezos dos combustibles nas estacións de servizo desta comarca

- 21823 (12/PNP-001754)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central no que atinxe á mellora das condicións da estrada N-550, especialmente entre Santiago de Compostela e A Coruña

- 21826 (12/PNP-001755)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis



Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de informar sobre a evolución das obras de ampliación e remodelación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

- 21876 (12/PNP-001756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre o plan de choque que o Goberno galego debe pór en marcha contra a discriminación económica e laboral das mulleres

- 21883 (12/PNP-001757)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que modifique o Decreto 48/2024, do 22 de abril, que regula os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

- 21899 (12/PNP-001758)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta a prevención ante os riscos biolóxicos aos que se expón o persoal dos centros de conservación de fauna silvestre

- 21933 (12/PNP-001759)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar respecto da súa decisión de segmentar os servizos sanitarios do Centro de Saúde Nóvoa Santos, de Ourense, ata o remate das obras do futuro centro integral de saúde

- 21941 (12/PNP-001760)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que escoite as peticións do claustro do IES As Lagoas e da Xunta de Persoal Docente de Ourense relativas á seguridade e á dignidade da profesión docente

- 21948 (12/PNP-001761)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego dirixidas a activar a incorporación de traballadores e traballadoras ao sector marisqueiro

- 21955 (12/PNP-001762)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis



Sobre a demanda ao Goberno galego dunha reformulación da planificación das prestacións sanitarias do Centro de Saúde Nóvoa Santos, de Ourense, no transcurso das obras para construír o novo centro integral de saúde

- 21960 (12/PNP-001763)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de informes relativos á externalización de funcións do Instituto Galego de Estatística e ás actividades da nova Oficina Económica de Galicia

- 21980 (12/PNP-001764)

Grupo Parlamentario Mixto

Ojea Bouzo, Armando

Sobre as actuacións ás que debe proceder o Goberno galego co fin de destinar á cidade de Ourense unha partida orzamentaria inicialmente prevista para Vigo e que non foi executada

- 21981 (12/PNP-001765)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co obxectivo de construír un novo centro de saúde no concello de Negreira

- 21989 - 21994 (12/PNP-001766)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego destinadas á poboación que padece a enfermidade celíaca

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 21994.

- 21995 (12/PNP-001767)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre os informes que debe remitir o Goberno galego ao Parlamento de Galicia en relación coa actividade da Sociedade Recursos de Galicia

- 22015 (12/PNP-001768)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego tras a anulación parcial por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da normativa que regula as entidades de colaboración ambiental

- 22021 (12/PNP-001769)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna



Sobre a demanda ao Goberno galego da súa comparecencia na Cámara para dar conta dos resultados da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024 e das medidas incluídas para o período 2024-2030

- 22053 (12/PNP-001770)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que impulse a execución da autovía A-76 entre Ourense e Ponferrada e outros proxectos de infraestruturas viarias estatais en Galicia

- 22056 (12/PNP-001771)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar á Mesa do Congreso dos Deputados co obxectivo de que permita o avance da tramitación da proposición de lei orgánica relativa á transferencia a Galicia da AP-9

- 22067 (12/PNP-001772)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe reiterar ante o Goberno central co fin de que elabore un estudo relativo aos custos do rescate da AP-9, á gratuidade das peaxes e ás vías de anulación das prorrogas da concesión

- 22081 (12/PNP-001773)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co proxecto de mellora e humanización do tramo da estrada N-550 ao seu paso polo lugar da Ponte, en Padrón

- 22082 (12/PNP-001774)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que dote economicamente a lei da esclerosis lateral amiotrófica (ELA) para facela realmente efectiva e poder cumprir os seus obxectivos

- 22085 (12/PNP-001775)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co impulso da construción da Autovía da Mariña (A-74)

- 22087 (12/PNP-001776)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



García González, Patricia e 11 máis

Sobre as solicitudes que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Concello de Vigo co fin de retomar as reunións relacionadas co impulso das infraestruturas urbanas previstas para Vigo

- 22094 (12/PNP-001777)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 15 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que presente un novo Plan director do Corredor Atlántico que evite o illamento da provincia de Lugo en materia de infraestruturas viarias e ferroviarias

- 22100 (12/PNP-001778)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 16 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que proceda a rehabilitar integralmente o firme da estrada N-540 entre Lugo e Ourense

- 22104 (12/PNP-001779)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo respecto do Plan director da automoción para o período 2025-2027

- 22113 (12/PNP-001780)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no ámbito da atención sanitaria a pacientes con patoloxías psiquiátricas

- 22121 (12/PNP-001781)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia relativas á regulación das categorías e condicións retributivas das modalidades de contratación laboral establecidas no marco da Lei orgánica do sistema universitario

- 22130 (12/PNP-001782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego da reposición da praza de nutricionista que viña existindo nos centros de saúde de Santa Comba e de Negreira

- 22138 (12/PNP-001783)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Pérez López, José Daniel

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo logo do remate da concesión da xestión do spa e centro de viñoterapia do mosteiro de San Clodio de Leiro



- 22142 (12/PNP-001784)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a postura e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co acollemento de menores estranxeiros non acompañados

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.1. Proposicións presentadas

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 22246 (12/PNC-002084)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 4 máis

Sobre as actuacións que debe impulsar a Xunta de Galicia co obxectivo de converter a atención primaria no auténtico eixe vertebrador do sistema sanitario

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22252 (12/PNC-002085)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 15 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa repartición dos menores migrantes non acompañados

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 21767 (12/PNC-002030)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relacionadas coa mellora das infraestruturas ferroviarias en Galicia para o transporte de mercadorías

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 21776 (12/PNC-002032)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 8 máis

Sobre as demandas que o Goberno galego debe trasladar ao Goberno central co fin de que mellore a situación da alta velocidade ferroviaria en Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 21780 (12/PNC-002033)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego do desenvolvemento da normativa necesaria para a creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 21783 (12/PNC-002034)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que impulse unha nova lei de patrimonio cultural que actualice o marco lexislativo nesta materia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21789 (12/PNC-002036)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 7 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Concello de Vigo co obxectivo de que reactive o proxecto de reforma das pistas de atletismo de Balaídos

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 21795 (12/PNC-002037)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co obxecto de que procure o consenso coas sociedades científicas e cos axentes implicados para pór en marcha o Plan de saúde mental 2025-2027

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21809 (12/PNC-002038)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en materia de financiamento das oficinas de xustiza municipais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 21811 (12/PNC-002039)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Campero Dorado, Cristina e 10 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que reforce con medios humanos e materiais os postos da Garda Civil da Limia e da Baixa Limia para afrontar o incremento da actividade delituosa nestas zonas

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 21814 (12/PNC-002040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e González Iglesias, Carmela

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación coa discriminación que sofre a poboación da Costa da Morte debido aos altos prezos dos combustibles nas estacións de servizo desta comarca

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 21822 (12/PNC-002041)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central no que atinxe á mellora das condicións da estrada N-550, especialmente entre Santiago de Compostela e A Coruña

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 21827 (12/PNC-002042)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia co fin de informar sobre a evolución das obras de ampliación e remodelación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21840 (12/PNC-002043)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que exerza un control medioambiental da actividade industrial do polígono das Somozas

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 21855 (12/PNC-002044)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as accións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia en relación coas actuacións de acondicionamento que levou a cabo na contorna exterior do Centro de Saúde da Ponte, en Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21875 (12/PNC-002045)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre o plan de choque que o Goberno galego debe pór en marcha contra a discriminación económica e laboral das mulleres

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 21881 (12/PNC-002046)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que modifique o Decreto 48/2024, do 22 de abril, que regula os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 21882 (12/PNC-002047)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis



Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que modifique o Decreto 48/2024, do 22 de abril, que regula os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 21900 (12/PNC-002048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que garanta a prevención ante os riscos biolóxicos aos que se expón o persoal dos centros de conservación de fauna silvestre

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 21934 (12/PNC-002049)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as medidas que a Xunta de Galicia debe adoptar respecto da súa decisión de segmentar os servizos sanitarios do Centro de Saúde Nóvoa Santos, de Ourense, ata o remate das obras do futuro centro integral de saúde

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21942 (12/PNC-002050)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que escoite as peticións do claustro do IES As Lagoas e da Xunta de Persoal Docente de Ourense relativas á seguridade e á dignidade da profesión docente

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21949 (12/PNC-002051)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as actuacións que debe pór en marcha o Goberno galego dirixidas a activar a incorporación de traballadores e traballadoras ao sector marisqueiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 21954 (12/PNC-002052)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego dunha reformulación da planificación das prestacións sanitarias do Centro de Saúde Nóvoa Santos, de Ourense, no transcurso das obras para construír o novo centro integral de saúde

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21961 (12/PNC-002053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena



Sobre a demanda á Xunta de Galicia de informes relativos á externalización de funcións do Instituto Galego de Estatística e ás actividades da nova Oficina Económica de Galicia
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 21974 (12/PNC-002054)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Castro García, Daniel

Sobre os criterios que debe ter en conta a Xunta de Galicia no proceso de declaración do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, de Sada, como ben de interese cultural

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 21982 (12/PNC-002055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar o Goberno galego co obxectivo de construír un novo centro de saúde no concello de Negreira

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 21988 - 21994 (12/PNC-002056)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre as accións que debe pór en marcha o Goberno galego destinadas á poboación que padece a enfermidade celíaca

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

A Mesa admítea coa corrección de erros formulada no doc. núm. 21994.

- 21996 (12/PNC-002057)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre os informes que debe remitir o Goberno galego ao Parlamento de Galicia en relación coa actividade da Sociedade Recursos de Galicia

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 21997 (12/PNC-002058)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre os informes que debe remitir o Goberno galego ao Parlamento de Galicia en relación coa actividade da Sociedade Recursos de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 22014 (12/PNC-002059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar adiante o Goberno galego tras a anulación parcial por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da normativa que regula as entidades de colaboración ambiental

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 22020 (12/PNC-002060)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre a demanda ao Goberno galego da súa comparecencia na Cámara para dar conta dos resultados da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024 e das medidas incluídas para o período 2024-2030

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22052 (12/PNC-002061)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co fin de que impulse a execución da autovía A-76 entre Ourense e Ponferrada e outros proxectos de infraestruturas viarias estatais en Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22055 (12/PNC-002062)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar á Mesa do Congreso dos Deputados co obxectivo de que permita o avance da tramitación da proposición de lei orgánica relativa á transferencia a Galicia da AP-9

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22066 (12/PNC-002063)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe reiterar ante o Goberno central co fin de que elabore un estudo relativo aos custos do rescate da AP-9, á gratuidade das peaxes e ás vías de anulación das prorrogas da concesión

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22080 (12/PNC-002064)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co proxecto de mellora e humanización do tramo da estrada N-550 ao seu paso polo lugar da Ponte, en Padrón

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22084 (12/PNC-002065)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central en relación co impulso da construción da Autovía da Mariña (A-74)

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 22086 (12/PNC-002066)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García González, Patricia e 11 máis

Sobre as solicitudes que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Concello de Vigo co fin de retomar as reunións relacionadas co impulso das infraestruturas urbanas previstas para Vigo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22093 (12/PNC-002067)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 15 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que presente un novo Plan director do Corredor Atlántico que evite o illamento da provincia de Lugo en materia de infraestruturas viarias e ferroviarias

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22095 (12/PNC-002068)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para a mellora do CEIP de Prácticas da Coruña

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22099 (12/PNC-002069)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 16 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que proceda a rehabilitar integralmente o firme da estrada N-540 entre Lugo e Ourense

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 22105 (12/PNC-002070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo respecto do Plan director da automoción para o período 2025-2027

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 22106 (12/PNC-002071)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo respecto do Plan director da automoción para o período 2025-2027

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 22114 (12/PNC-002072)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 2 máis



Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo no ámbito da atención sanitaria a pacientes con patoloxías psiquiátricas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22122 (12/PNC-002073)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as demandas dirixidas á Xunta de Galicia relativas á regulación das categorías e condicións retributivas das modalidades de contratación laboral establecidas no marco da Lei orgánica do sistema universitario

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 22129 (12/PNC-002074)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a demanda ao Goberno galego da reposición da praza de nutricionista que viña existindo nos centros de saúde de Santa Comba e de Negreira

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22140 (12/PNC-002075)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a postura e as medidas que debe adoptar o Goberno galego en relación co acollemento de menores estranxeiros non acompañados

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 22141 (12/PNC-002076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Pérez López, José Daniel

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo logo do remate da concesión da xestión do spa e centro de viñoterapia do mosteiro de San Clodio de Leiro

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 22217 (12/CPC-000072)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Planificación Enerxética e Minas, por petición propia, para dar conta dos certificados de aforro enerxético que está a xestionar a Xunta de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 22218 (12/CPC-000073)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Da directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, por petición propia, para dar conta dos apoios ás empresas activados polo IGAPE no primeiro trimestre do ano 2025
Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 22245 (12/INT-000898)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre a situación en que se atopa a sanidade pública de Galicia

Admisión a trámite e publicación

- 21818 (12/INT-000877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e González Iglesias, Carmela

Sobre a situación de desigualdade que sofren as comarcas máis despoboadas respecto do prezo dos combustibles, singularmente no caso da Costa da Morte

- 21828 (12/INT-000878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Longueira Castro, Silvia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da finalización das obras de ampliación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña

- 21839 (12/INT-000879)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Valcárcel Armesto, Montserrat e 4 máis

Sobre as políticas que prevé desenvolver a Xunta de Galicia ante o impacto económico da declaración de sete comarcas galegas como zonas vulnerables aos nitratos (ZVN)

- 21874 (12/INT-000880)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre a situación da fenda laboral e retributiva de xénero e as súas consecuencias na economía galega

- 21880 (12/INT-000881)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre o grao de profesionalización e de independencia dos postos superiores e de dirección do organigrama da Xunta de Galicia

- 21898 (12/INT-000882)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre os plans da Xunta de Galicia para garantir a protección do persoal dos seus centros de conservación de fauna silvestre ante os riscos biolóxicos aos que se expón

- 21938 (12/INT-000883)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre o rigor da planificación dos servizos sanitarios prestados nos centros de saúde de atención primaria, singularmente no caso da segmentación provisional da atención do centro de saúde ourensán Nóvoa Santos

- 21950 (12/INT-000884)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre as estratexias destinadas á activar o emprego no sector marisqueiro

- 21962 (12/INT-000885)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as actividades desenvolvidas pola nova Oficina Económica de Galicia

- 21987 (12/INT-000886)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a posta en marcha de políticas de apoio á poboación con baixos recursos que padece a enfermidade celíaca

- 21998 (12/INT-000887)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a capacidade de decisión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia na Sociedade Recursos de Galicia

- 22013 (12/INT-000888)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Valcárcel Armesto, Montserrat

Sobre a anulación parcial por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da normativa que regula as entidades de colaboración ambiental

- 22019 (12/INT-000889)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e Fernández González, Ariadna

Sobre o balance da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024

- 22118 (12/INT-000890)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Carreira Pazos, Iria e 2 máis

Sobre as estratexias da Xunta de Galicia para afrontar os problemas de seguridade na atención sanitaria de pacientes con patoloxías psiquiátricas

- 22123 (12/INT-000891)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a regulación por parte da Xunta de Galicia das figuras de persoal laboral definidas na Lei orgánica do sistema universitario

- 22128 (12/INT-000892)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre o número de nutricaoistas na atención primaria galega e a importancia desta especialidade no sistema sanitario

- 22139 (12/INT-000893)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a postura do Goberno galego no proceso de acollemento de menores non acompañados

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á situación de alarma permanente na que se encontra a sanidade pública de Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada pola situación na que se atopa a sanidade pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está en situación de alerta permanente, o seu deterioro non cesa, consecuencia das políticas de acoso do Partido Popular na Xunta de Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alerta polas consecuencias negativas ao longo de toda a cadea asistencial. Listas de espera tanto en atención primaria como hospitalaria, sobrecarga de profesionais, diagnósticos tardíos, de xeito que as enfermidades que puideron ser detectadas precozmente progresan sen control, reducindo as opcións de tratamento eficaces. Isto xera ansiedade, incerteza e carga emocional insoportábel nas persoas doentes. Cada atraso en consultas, cada diagnóstico tardío é unha condena ao sufrimento.

A consecuencia directa e a cada vez máis baixa calidade asistencial, a pesares do esforzo dxs profesionais, que non teñen mans abondo para atender a demanda, e tamén a perda de confianza no sistema sanitario.

Todo isto non é unha consecuencia inevitable, senón o resultado da política sanitaria do Partido Popular que leva 16 anos primando o enriquecemento da sanidade privada sobre a calidade asistencial.

A Xunta ten que actuar con urxencia para evitar que máis doentes sufran as consecuencias do deterioro sanitario, a saúde e a vida de moitas persoas dependen diso.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha sen máis dilación medidas para converter a Atención Primaria no auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario, con profesionais suficientes, para que poidan dispor dos recursos, tempo, número de doentes... que permitan unha atención de calidade. Contemplando cando menos as seguintes:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Aumentar o orzamento destinado á Atención Primaria até chegar ao 25%, na actual lexislatura.

2.- Presentar de inmediato un informe que permita ter unha radiografía fidedigna da situación do cadro de persoal de Atención Primaria:

- Relación de centros de saúde con prazas estruturais sen cubrir.
- Número de xubilacións que se van a producir nos vindeiros cinco anos e previsión de cobertura.
- Número de galeg@s sen asignación de médic@ de familia e pediatra, desagregado por centro de saúde e concello.
- Número de profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitución...desagregado por categorías.
- Número medio de horas mensual que están a realizar @s profesionais.
- Número medio de doentes que están atendendo cada día.
- Porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías.

3.-Rematar coa política de precariedade e explotación nas condicións laborais, contratar pola causalidade do mesmo, reducir a rotación e mobilidade ao mínimo imprescindible...

4.- Poñer en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5.- Incorporación de categorías novas en número suficiente para formar auténticos equipos multidisciplinares: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos- optometristas...

6.- Tomar todas as medidas precisas para garantir que na formación universitaria a presenza da Atención Primaria sexa acorde á relevancia que este nivel asistencial representa na atención á poboación.”

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/03/2025 17:44:57

José Manuel Golpe Acuña na data 24/03/2025 17:45:01

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/03/2025 17:45:05

Óscar Insua Lema na data 24/03/2025 17:45:12

Luis Bará Torres na data 24/03/2025 17:45:18

Ariadna Fernández González na data 24/03/2025 17:45:25

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/03/2025 17:45:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 24/03/2025 17:45:39

Carmela González Iglesias na data 24/03/2025 17:45:46

Paulo Ríos Santomé na data 24/03/2025 17:45:54

Alexandra Fernández Gómez na data 24/03/2025 17:46:00

María Montserrat Prado Cores na data 24/03/2025 17:46:10

Mercedes Queixas Zas na data 24/03/2025 17:46:17

Rosana Pérez Fernández na data 24/03/2025 17:46:25

Daniel Pérez López na data 24/03/2025 17:46:35

Iria Carreira Pazos na data 24/03/2025 17:46:43

Iria Taibo Corsanego na data 24/03/2025 17:46:52

Olalla Rodil Fernández na data 24/03/2025 17:47:00

Daniel Castro García na data 24/03/2025 17:47:08

Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/03/2025 17:47:16

Iago Suárez Fernández na data 24/03/2025 17:47:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 24/03/2025 17:47:38

Sonia Vidal Lamas na data 24/03/2025 17:47:49

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/03/2025 17:47:56

Secundino Fernández Fernández na data 24/03/2025 17:48:07



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel María Vázquez Mourelle, María Encarnación Amigo Díaz, Víctor Manuel Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, María Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, María Magdalena Pérez Millares, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Carmen María Pomar Tojo, Paula Prado del Río, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia que para Galicia ten o correcto funcionamento do sistema de acollida e a integración destas persoas, migrantes menores non acompañados

Exposición de Motivos:

Logo dun pacto con *Junts per Catalunya* o Goberno central aprobou o 18 de marzo en Consello de Ministros un decreto lei que reforma o artigo 35 da lei de estranxeiría, que permite derivar de forma obrigatoria a menores migrantes non acompañados a outras comunidades autónomas, e establece os criterios de repartición. Este feito constitúe unha nova chantaxe dos independentistas a un Pedro Sánchez absolutamente refén a cambio de permanecer na Moncloa.

A lei de estranxeiría modifícase sen discusión previa na Conferencia Sectorial nin consulta ás Comunidades.

O ministro de Política Territorial y Memoria Democrática, Ángel Víctor Torres, sinalou que o reparto farase con criterios “obxectivos e homoxéneos”, pero o certo é que os criterios establecidos no Real Decreto, tal como desvelou unha das partes asinantes do acordo, farían que do total de 4.000 migrantes menores que se deben distribuír, a Galicia asignaríanselle 326 menores fronte a 26 para Cataluña.

Unha vez máis Sánchez sométese á chantaxe dos independentistas.

Dende o Goberno galego insítese en que Galicia é unha terra solidaria, que sempre votou a favor dun acollemento ben planificado, porque se trata de persoas que requiren unha atención adecuada pero que o decreto é “absolutamente irrealizable”.



Que o decreto non ten en conta a situación real da rede de protección da infancia de Galicia, polo que máis ben parece que, primeiro se decidiu cantos menores se debían reasignar a cada Comunidade, e logo se fixaron os criterios. Sen planificación e sen recursos financeiros axeitados.

E que non se pode ceder á unha imposición a todas as Comunidades acordada con un prófugo da Xustiza, nunha materia tan sensible. Polo que, se é preciso, Galicia irá aos tribunais.

O sistema de acollida de menores non acompañados de Galicia é un dos máis integradores do Estado ao non separar a mozos que chegan á Comunidade pola súa procedencia. Con esta medida búscase a súa integración plena e evitar a formación de guetos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que, en diálogo co conxunto das comunidades autónomas, acorde unha repartición de migrantes menores non acompañados dun xeito planificado e acompañada da financiación precisa.”

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/03/2025 18:16:03

Raquel Arias Rodríguez na data 24/03/2025 18:16:10

Noelia Pérez López na data 24/03/2025 18:16:42

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/03/2025 18:16:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/03/2025 18:17:09

Víctor Baladrón Lamas na data 24/03/2025 18:17:18

Nicole Grueira Fernández na data 24/03/2025 18:17:28

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/03/2025 18:17:38

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/03/2025 18:17:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Maria Magdalena Perez Millares na data 24/03/2025 18:18:01

Julio García Comesaña na data 24/03/2025 18:18:08

Roberto Rodríguez Martínez na data 24/03/2025 18:18:23

Paula Mouzo Mas na data 24/03/2025 18:18:40

Carmen Pomar Tojo na data 24/03/2025 18:18:50

Paula Prado del Rio na data 24/03/2025 18:18:59

María Felisa Rodriguez Carrera na data 24/03/2025 18:19:06

Katherinie Varela Fernández na data 24/03/2025 18:19:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

O uso da rede ferroviaria para o transporte de mercadorías é extremadamente baixo polo deficiente servizo que ofrece a empresa pública estatal Renfe e a dificultade das operadoras privadas de ofrecer máis servizos en Galicia.

Tanto o Parlamento galego como o propio Goberno galego veñen reivindicando de forma reiterada e, ata o momento sen éxito, o impulso por parte do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible das autoestradas ferroviarias en Galicia.

Para reforzar esta reivindicación e facilitar o establecemento de novos servizos, estase a estudar a demanda ferroviaria de mercadorías das empresas galegas a través do convenio recentemente asinado entre a Xunta de Galicia e o Clúster da Función Loxística de Galicia.

É urxente que o Goberno de España faga unha planificación seria, detallada e cun cronograma claro de mellora desta infraestrutura que faga o ferrocarril de mercadorías competitivo e, sobre todo fiable.

Cómpre lembrar que Galicia por decisión do Goberno que presidente Pedro Sánchez, quedou fóra da rede de autopistas ferroviarias, máis en concreto, do Plan de ADIF Mercancías 30 no que se definía a estratexia para transportar en tres camiós completos ou os seus semiremolques para evitar as estradas e as emisións propias de longos percorridos.

A exclusión de Galicia comporta non só un prexuízo derivado da perda de oportunidades para as nosas empresas senón tamén a perda de financiamento na modernización de actualización da rede ferroviaria interna. Todas as autovías ferroviarias contan cun estudo para garantir que os trens poidan transportar camiós, coa análise dos gálidos e un diagnóstico das obras necesarias para solucionar posibles problemas de espazo en túneles e pasos elevados sobre as vías férreas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a incorporación da nosa Comunidade na rede de autopistas ferroviarias, definida na estratexia ADIF Mercancías 30, o que permitirá beneficiarse dos investimentos precisos para establecer novos servizos en interese das empresas galegas.

Asemade, demandará do Goberno central unha planificación seria, detallada e cun cronograma claro de mellora desta infraestrutura que faga o ferrocarril de mercadorías competitivo e, sobre todo fiable, e que como mínimo contemple a creación dunha rede de plataformas intermodais Mar-Ferrocarril-Estrada e desenvolver as capacidades das autoestradas ferroviarias no Corredor Atlántico”

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/03/2025 14:16:13

Gonzalo Trenor López na data 13/03/2025 14:16:39

Carmen Pomar Tojo na data 13/03/2025 14:16:59

José Luis Ferro Iglesias na data 13/03/2025 14:17:45

Cristina Campero Dorado na data 13/03/2025 14:18:11

María Deza Martínez na data 13/03/2025 14:18:36

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/03/2025 14:23:14

Argimiro Marnotes Fernández na data 13/03/2025 14:25:23

Dolores Hermelo Piñeiro na data 13/03/2025 14:26:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Roberto Rodríguez Martínez na data 13/03/2025 14:26:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Galicia precisa e merece un transporte ferroviario áxil e eficiente, á altura dos servizos que demanda a cidadanía e con investimentos de modernización da rede como mínimo equivalentes aos que o Goberno de España ofrece a outras comunidades.

Este obxectivo levounos a exercer presión, política e institucional, para a posta en marcha na nosa comunidade dos trens AVRIL, que permitisen ampliar (aínda que non completar) a extensión da alta velocidade.

As cidades de Lugo e Ferrol seguen privadas do AVE por decisión dos actuais dirixentes do Goberno de España e, no resto do territorio, os trens AVRIL véñse afectados por multitude de incidencias que foron continuas desde a súa posta en marcha.

Aos incumprimentos no que se refire a súa tardía chegada, hai que engadir agora que seguen pendentes cuestións tan básicas e importantes como son os compromisos en canto ás frecuencias e aforros de tempo que non son os agardados.

As persoas usuarias do servizo en Galicia son as máis prexudicadas polos problemas constantes e tamén son habituais as incidencias nos trens de media distancia e nos de alta velocidade de baixo custo AVLO.

As explicacións a todas estas incidencias deberan vir da empresa pública Renfe e do Ministerio de Transportes pero tampouco se materializa o diálogo prometido polo Goberno de España co autonómico.





Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España:

1º-) Corrixir as incidencias periódicas que se producen na alta velocidade ferroviaria en Galicia, tanto na rede interior como na súa conexión con Madrid, incluído o cumprimento dos compromisos adquiridos en canto ás frecuencias e aforros de tempo que, a día de hoxe, non son os agardados.

2º-) Elaborar unha planificación seria, detallada e cun cronograma claro para a extensión da rede de alta velocidade ás cidades de Lugo e de Ferrol, incluídos os investimentos previstos para facelo posible”

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 10:53:22

Gonzalo Trenor López na data 14/03/2025 10:53:45

María Deza Martínez na data 14/03/2025 10:53:57

Katherinie Varela Fernández na data 14/03/2025 10:54:39

Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 10:54:59

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/03/2025 10:55:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 10:55:20

José Luis Ferro Iglesias na data 14/03/2025 10:55:41

Cristina Campero Dorado na data 14/03/2025 10:56:00

Dolores Hermelo Piñeiro na data 14/03/2025 10:56:42

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/03/2025 10:57:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González, María Felisa Rodríguez Carrera, Cecilia Suárez Vázquez e Borja Vereas Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

O pasado 19 de novembro de 2024, o Parlamento de Galicia aprobou -sen votos en contra- a Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia. Unha norma pioneira en Europa que busca conciliar o acceso á cultura coa realidade das diferenzas que presentan as persoas.

O debate parlamentario desenvolveuse despois da elaboración dun proxecto de lei, por parte do Goberno galego, emanado do diálogo social, constituíndo unha proposta madura e consensuada con máis de medio cento de entidades do sector cultural.

A Lei, publicada no Diario Oficial de Galicia o 11 de decembro de 2024, recolle entre o seu articulado o mandato para creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia. Un órgano colexiado de asesoramento e de participación institucional, que terá como obxectivos a observancia e o seguimento do cumprimento da norma, a análise e avaliación das necesidades, a participación institucional e a emisión de propostas de actuación en materia de inclusión e de accesibilidade no conxunto de ámbitos da cultura de Galicia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Do mesmo xeito, a disposición derradeira primeira establece un prazo de dous anos desde a entrada en vigor da lei para o desenvolvemento da normativa necesaria para a creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver a normativa necesaria para creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia.»

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/03/2025 15:33:57

Carmen Pomar Tojo na data 13/03/2025 15:34:50

Rubén Lorenzo Gómez na data 13/03/2025 15:35:22

José Luis Ferro Iglesias na data 13/03/2025 15:35:47

Víctor Baladrón Lamas na data 13/03/2025 15:36:19

Julio García Comesaña na data 13/03/2025 15:36:44

Patricia García González na data 13/03/2025 15:37:10

Raúl Santamaría González na data 13/03/2025 15:39:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/03/2025 15:39:30

Cecilia Vázquez Suárez na data 13/03/2025 15:39:50

Borja Vereza Fraiz na data 13/03/2025 15:40:14

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González, María Felisa Rodríguez Carrera, Cecilia Suárez Vázquez e Borja Vereja Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos:

A Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español foi un marco clave para a protección do patrimonio cultural en España, pero transcorridos 40 anos da súa aprobación existe a necesidade de reformala coa finalidade de enfrontar os desafíos actuais coma as novas figuras de protección, a dixitalización do patrimonio e as novas formas de promoción e difusión de noso patrimonio.

Durante a XIV Lexislatura (2019-2023), en xuño de 2021, o Consello de Ministros tomou coñecemento do Anteproxecto polo que se modificaban a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e a Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial.

Porén, o Goberno de Sánchez non foi quen de sacar adiante esta norma pola inclusión de medidas que restaban eficacia e eficiencia á xestión dos poderes públicos en materia de patrimonio cultural, e que invadían as competencias autonómicas.

Agora corresponde que o Goberno reinicie as tarefas que deixou a medias e que se leve a cabo un debate con todos os actores públicos e privados que protexen e promoven o coñecemento do noso patrimonio.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que impulse unha nova Lei do Patrimonio Cultural para modernizar e refundir a lexislación vixente en materia de patrimonio, en colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia, os concellos e as demais institucións públicas e privadas do sector.»

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 11:32:51

Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 11:33:08

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/03/2025 11:33:22

José Luis Ferro Iglesias na data 14/03/2025 11:33:35

Víctor Baladrón Lamas na data 14/03/2025 11:33:53

Julio García Comesaña na data 14/03/2025 11:34:01

Patricia García González na data 14/03/2025 11:34:11

Raúl Santamaría González na data 14/03/2025 11:34:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Felisa Rodriguez Carrera na data 14/03/2025 11:34:42

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/03/2025 11:34:50

Borja Vereza Fraiz na data 14/03/2025 11:35:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

As pistas de atletismo de Balaídos constitúen unha infraestrutura deportiva clave na cidade de Vigo, sendo utilizadas por atletas federados, clubs deportivos e cidadanía en xeral. Con todo, estas instalacións levan anos nun estado de deterioro que dificulta a práctica deportiva en condicións óptimas e impide a celebración de competicións oficiais.

A necesidade dunha rehabilitación integral foi reiteradamente exposta por colectivos do atletismo e entidades deportivas, que demandan a modernización destas instalacións. A Xunta de Galicia manifestou a súa disposición a colaborar economicamente na súa reforma; porén, ata o momento, o Concello de Vigo non ten presentado os proxectos técnicos necesarios para iniciar as actuacións.



Ademais, as obras en curso no Estadio Municipal de Balaídos, particularmente na grada de Gol, afectan de maneira parcial á operatividade das pistas, facendo aínda máis urxente a planificación e execución dunha reforma que garanta a continuidade da práctica atlética na cidade.

Ante esta situación, e co fin de desbloquear o proxecto, é necesario que a Xunta de Galicia se dirixa ao Concello de Vigo para que reactive os traballos técnicos, habilite a partida económica correspondente e colabore co Goberno autonómico na execución das obras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Dirixirse formalmente ao Concello de Vigo para demandar a reactivación do proxecto de reforma integral das pistas de atletismo de Balaídos.
- 2.- Solicitar ao Concello de Vigo a redacción e entrega do proxecto técnico, que permita avanzar na planificación das obras e garantir instalacións homologadas e adaptadas ás necesidades deportivas da cidade.
- 3.- Instar ao Concello de Vigo a reactivar con urxencia o proxecto de reforma das pistas de atletismo de Balaídos, garantindo a súa execución nun prazo razoable e con financiación adecuada”.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 10:58:14



Patricia García González na data 14/03/2025 10:58:29

Paula Prado del Rio na data 14/03/2025 10:58:41

Julio García Comesaña na data 14/03/2025 10:58:55

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 10:59:07

Paula Mouzo Mas na data 14/03/2025 10:59:19

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/03/2025 10:59:34

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/03/2025 10:59:41

Katherinie Varela Fernández na data 14/03/2025 10:59:55



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, Encarna Amigo Díaz, Dolores Hermelo Piñeiro, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A saúde mental é unha cuestión prioritaria para a o Goberno galego tal e como quedou demostrado co desenvolvemento do Plan de saúde mental poscovid. De feito, por medio desta iniciativa, incrementouse o número de profesionais, ademais de crearse hospitais de día de saúde mental infanto-xuvenil e, máis recentemente, unha segunda unidade de hospitalización en Vigo.

A isto hai que engadir a posta en marcha, por parte da Xunta, de proxectos neste mesmo ámbito como son, por exemplo, o de prevención do suicidio, o programa YAM, no que participaron 1.400 estudantes durante o curso pasado.

Nesta mesma aposta da Xunta de Galicia tamén se enmarca a creación, nesta lexislatura, da Subdirección Xeral responsable da Atención á Saúde Mental.

Con todo a abordaxe da saúde mental esixe e esforzo e concorrencia de todas as administracións con competencia nesta materia, incluído o Goberno de España que, ao igual que a Xunta de Galicia, prepara un novo plan de saúde mental.

Galicia, ao igual que outras comunidades autónomas, está convencida de que un plan de saúde mental debe estar baseado en evidencias científicas e no apoio dos profesionais implicados. A medicina e a saúde mental deben guiarse pola ciencia e pola experiencia dos que están en contacto directo cos pacientes, garantindo así a mellor atención posible.

As decisións sobre saúde mental deben ser tomadas de maneira colaborativa, escoitando aos profesionais e ao conxunto da sociedade para asegurar que os plans sexan verdadeiramente efectivos.



Galicia sempre apostará polo diálogo e o consenso como base para avanzar nun tema tan sensible e importante.

Neste sentido, Galicia seguirá apostando por un traballo conxunto, onde todos os axentes implicados teñan voz e voto. Por iso, debates como o que ten lugar coa imposición do Estatuto Marco foi un exemplo claro de como, ao non contar co apoio de quen mellor coñecen a realidade sanitaria, as decisións poden resultar incompletas.

Só terá sentido apoiar o Plan estatal de Acción en Saúde Mental 2025-2027 cando se logre un consenso real entre todas as partes implicadas, especialmente as sociedades científicas, que son as que mellor comprenden as necesidades e desafíos do sistema sanitario e a saúde mental.

En coherencia con este principio, na última reunión do Consello Interterritorial, a Xunta de Galicia manifestou o seu apoio ao Plan de Prevención do Suicidio, pero este apoio está condicionado á garantía de que o Ministerio proporcione os recursos necesarios para que as accións e medidas propostas poidan ser implementadas de forma efectiva.

O noso obxectivo en materia de saúde mental é que calquera medida que se tome sexa viable e conte coas condicións necesarias para lograr o benestar de todas as persoas con trastorno mental.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, en colaboración cos profesionais e as sociedades científicas, traballe para que o Plan estatal de Saúde Mental 2025-2027 acade un consenso real cos axentes implicados, asegurando que sexa efectivo e que estea ben fundamentado e dotado dos recursos necesarios para a súa posta en marcha.”

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 11:16:12

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/03/2025 11:16:29

Dolores Hermelo Piñeiro na data 14/03/2025 11:16:37

Raquel Arias Rodríguez na data 14/03/2025 11:16:51

Víctor Baladrón Lamas na data 14/03/2025 11:17:04

Nicole Grueira Fernández na data 14/03/2025 11:17:16

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 11:17:28

Noelia Pérez López na data 14/03/2025 11:17:41

Ethel Vázquez Mourelle na data 14/03/2025 11:17:54

Maria Magdalena Perez Millares na data 14/03/2025 11:18:11





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Prado del Rio, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Alberto Pazos Couñago, Carmen Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de Motivos

A entrada en vigor da Lei orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza suporá a introdución de novidades fundamentalmente no que respecta á organización dos xulgados.

Un dos cambios máis significativos é a conversión dos actuais Xulgados de Paz en Oficinas de Xustiza nos municipios. E os cambios non se limitan ao nome, afectarán tamén ás súas funcións e ás características do persoal que deberá atendelas.

Todos os concellos pertencentes aos partidos xudiciais dos pobos nos que non teña a súa sede un Tribunal de Instancia deberán contar cunha Oficina de Xustiza operativa o vindeiro 1 de xullo e o resto a partir do 31 de decembro.

A Lei vén con orzamento cero por parte do Estado. Na Memoria do análise de impacto normativo dos anteproxectos de Leis de medidas de eficiencia procesual e de eficiencia dixital do Servizo Público de Xustiza, establécese que os efectos sobre a economía en xeral da norma terá un impacto económico positivo.

Segundo establece a propia Lei, serán os concellos e as comunidades autónomas que teñan transferidas competencias en Xustiza ás que asuman o custo do seu funcionamento. Unha vez máis, o Goberno central lexisla e impón obrigas ás demais administracións pero non prevé o traspaso de fondos adicionais para poder asumilas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte **Proposición non de lei**:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a pedir ao Goberno central financiamento adicional para o mantemento das oficinas de xustiza nos concellos como consecuencia do incremento de funcións que é de obrigado cumprimento pola entrada en vigor da Lei de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza”.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 12:18:40

Paula Prado del Rio na data 14/03/2025 12:18:55

Julio García Comesaña na data 14/03/2025 12:19:04

Paula Mouzo Mas na data 14/03/2025 12:19:15

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 12:19:25

Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 12:19:43

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/03/2025 12:20:21

Katherinie Varela Fernández na data 14/03/2025 12:20:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Roberto Rodríguez Martínez na data 14/03/2025 12:20:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cristina Campero Dorado, Paula Prado del Río, Víctor Baladrón Lamas, Katherinie Varela Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen Pomar Tojo e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, **a seguinte proposición non de lei en pleno.**

Exposición de Motivos:

A veciñanza dos concellos que constitúen as comarcas da Limia e da Baixa Limia está preocupada polo incremento da criminalidade que se rexistra na zona.

Causa especial alarma social a recente vaga de roubos con violencia e intimidación que traen aparellada a invasión dos domicilios das vítimas e, en moitos casos, cos propietarios no interior.

Esta repunta delituosa coincide no tempo co desmantelamento que se está a producir nos cuarteis da Garda Civil en moitos concellos do rural. Tamén municipios fronteirizos con Portugal, como poden ser o de Lobios, Calvos, Baltar.

A desprotección dos veciños do rural galego é aproveitada polos amigos do alleo para roubarlles o que require do Goberno de España, como administración competente en materia de seguridade pública, un plan co obxecto de reforzar e intensificar o traballo da Garda Civil, as súas instalación e número de efectivos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España co obxecto de que reforce e intensifique de maneira urxente, con medios humanos e materias suficientes, os postos da Garda Civil nas comarcas da Limia e da Baixa Limia, a fin de que garanta a súa operatividade as 24 horas do día ante a alarma social que provoca a repunta delituosa.





Asemade, compre estudar a posibilidade de reapertura daqueles cuarteis da Garda Civil clausurados nos últimos anos, de xeito especial, en localidades limítrofes con Portugal”

Santiago de Compostela, 14 de marzo 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 12:31:27

Cristina Campero Dorado na data 14/03/2025 12:31:42

Paula Prado del Rio na data 14/03/2025 12:31:51

Víctor Baladrón Lamas na data 14/03/2025 12:32:04

Katherinie Varela Fernández na data 14/03/2025 12:32:15

Julio García Comesaña na data 14/03/2025 12:32:32

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/03/2025 12:32:48

Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 12:32:59

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/03/2025 12:33:11

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 12:33:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Oscar** e da deputada **Carmela González Iglesias**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre as medidas a adoptar ante un posible abuso nos prezos do combustible na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Costa da Morte, ademais de ser unha zona periférica que leva esperando décadas por novas conexións de vías de comunicación, como o remate da autovía AG-55 coa cidade da Coruña, é unha zona deprimida dende o punta de vista económico, industrial e demográfico.

A implantación de novas empresas vai a contagotas, como demostra o panorama que se aprecia nos polígonos de Cee, Vimianzo ou Baio, onde só se reinstalan empresas que xa existían, que precisan de máis superficie ou precisan instalarse en áreas habilitadas para os seus fins. Non existen políticas activas, nin da Xunta de Galiza nin do Estado Español, para atraer novas industrias capaces de xerar máis de 30 empregos estables, máis aló dos parques eólicos que só xeran traballo no período de construción civil. Nin os insignificantes incentivos sobre o prezo do solo nos polígonos industriais, nin a desidia para o impulso en portos e nas zonas costeiras que outra hora albergaron industriais do sector do mar, son quen de axudar a despegar a unha comarca que esmorece pouco a pouco co paso do tempo. Esta situación de abandono político provocou un considerable descenso da poboación, pois só nos últimos vinte anos, as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comarcas de Fisterra e Soneira, perderon arredor de 10.000 habitantes, que emprenderon rumbo a outras cidades galegas, españolas e europeas, en busca de traballo e mellores condicións de vida.

A este escenario deprimente, hai que engadir a existencia duns prezos abusivos nos carburantes, abusivos si os comparamos cos que atopamos nas cidades máis próximas, A Coruña e Santiago de Compostela, porque se os comparamos entre os das propias estacións de servizo da comarca, calquera diría que os efectos esperables do chamado libre mercado non acaban de aparecer. A incorporación de novas gasolineiras nos últimos 30 anos, non contribuíron a implementación de máis competencia, e por ende, da rebaixa dos prezos do combustible. Houbo que esperar a aparición das chamadas “de baixo prezo” para albiscar unha pequena baixada dos prezos, pero que en todo caso moi lonxe dos prezos que as mesmas ofrecen nas cidades galegas. No cadro comparativo que mostramos a continuación podemos observar as diferencias de prezos entre as distintas estacións de servizo na comarca de diferente ou igual marca de distribución, e das diferencias de prezo, de ata 12 céntimos de euro por litro, entre as gasolineiras “de baixo prezo” da mesma distribuidora na comarca e as das cidades da Coruña e Compostela,:

CONCELLOS	MARCA	GASOLEO A- DIESEL			GASOLINA 95 -E5		
		13/3/2025	10/3/2025	10/2/2025	13/3/2025	10/3/2025	10/2/2025
A CORUÑA	CARBUGAL	1.29	1.30	1.34	1.33	1.34	1.44
SANTIAGO	CARBUGAL	1.31	1.33	1,34	1.37	1.38	1.44
CEE	CARBUGAL	1.38	1.40	1.46	1.42	1.43	1.51
CEE	REPSOL	1.50	1.52	1.56	1.54	1.55	1.61
FISTERRA	REPSOL	1.50	1.52	1.61	1.54	1.55	1.61
VIMIANZO	REPSOL	1.51	1.51	1.62	1.57	1.57	1.65
CAMARIÑAS	REPSOL	1.47	1.51	1.54	1.51	1.52	1.58
DUMBRÍA	REPSOL	1.51	1.51	1.57	1.57	1.57	1.64





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ZAS	CEPSA	1.58	1.59	1.55	1.59	1.59	1.63
CARNOTA	CEPSA	1.54	1.58	1.57	1.58	1.59	1,64
MUXÍA	SHELL	1,54	1.54	1.56	1.58	1.58	1.6

É difícil de entender, como unha comarca que se atopa a menos de 90 Kms. da refinería da Coruña pertencente ao grupo Repsol, ten os prezos dos combustibles máis altos aos prezos existentes noutros territorios do Estado que se atopan a centos de quilómetros cara ao interior, e que supostamente deberan ter prezos superiores, ao soportar máis custes co transporte. Igualmente é difícil de entender como empresas da mesma distribuidora poidan ter diferencias de prezo tan grandes nos prezos de combustible, cando a distancia entre a refinería é igual, como ocorre na nosa comarca en comparación con Santiago de Compostela.

Esta situación non é nova, xa que non hai mais que lembrar como no ano 2018 o presidente da CNMC (Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia), José María Marín Queimada, e o conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, Francisco Conde, asinaban un Protocolo Xeral de Actuación entre a CNMC e a Xunta , a través do que activaron unha serie de medidas para mellorar a competencia no mercado dos carburantes en Galiza, pois dende anos atrás, os prezos da gasolina e do gasóleo en Galiza atopábanse entre os máis elevados do estado Español.

Entre as actuacións a realizar que se recollían en dito protocolo destaca a de que “a CNMC e a Comisión Galega da Competencia vixiarían as prácticas empresariais neste mercado para detectar posibles incumprimentos da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia, nese caso abrirían os correspondentes expedientes sancionadores, segundo corresponda ao ámbito nacional ou autonómico en que se produzan”. A día de hoxe, descoñecemos si se fixo algún tipo de vixilancia no sector de vendas de combustibles e de si se abriu algún expediente sancionador.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no seu artigo 38, autorizou a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de consumo, que ten como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras. Na súa virtude e por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, creouse o Instituto Galego do Consumo e da Competencia no que veñen reguladas, como funcións do mesmo as seguintes, entre outras:

“c) Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.

f) Cooperar e colaborar coas administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, a través de acordos e convenios de colaboración, no ámbito dos obxectivos deste organismo.

h) Realizar actuacións de inspección e sanción no ámbito de protección das persoas consumidoras, de acordo coas disposicións vixentes.

m) Preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

n) Exercer todas as funcións, competencias e potestades que sexan precisas para o desenvolvemento e exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia de protección das persoas consumidoras e defensa da competencia.”

A Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio minorista regula no artigo 13 a Liberdade de prezos e establece que:

“1. Os prezos de venda dos artigos serán libremente determinados e ofertados con carácter xeral de acordo co disposto na lexislación de defensa da libre e leal competencia, coas excepcións establecidas en leis especiais.

2. Isto, no entanto, o Goberno do Estado, previa audiencia dos sectores afectados, poderá fixar os prezos ou as marxes de comercialización de determinados produtos, así como someter as súas modificacións a control ou a previa autorización administrativa, nos casos seguintes:

a) Cando se trate de produtos de primeira necesidade ou de materias primas estratéxicas.

b) Cando se trate de bens producidos ou comercializados en réxime de monopolio ou mediante concesión administrativa.

c) Como medida complementaria das políticas de regulación de producións ou de subvencións ou outras axudas a empresas ou sectores específicos.

d) Excepcionalmente e mentres persistan as circunstancias que aconsellen a intervención, cando, nun sector determinado, apréciase ausencia de competencia efectiva, existan obstáculos graves ao funcionamento do mercado ou se produzan situacións de desabastecemento.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á vista do exposto, e dado que na Costa da Morte parece que se aprecia ausencia de competencia efectiva ou cando menos obstáculos graves no funcionamento do mercado dos combustibles, sendo este un produto estratéxico, conviña que o goberno do Estado fixara os prezos dos combustibles ou aló menos os marxes de comercialización na Costa da Morte, co obxectivo de equilibrar a igualdade de oportunidades entre a Costa da Morte e o mercado galego e de incentivar a creación de empresas nesta comarca deprimida pola ausencia de políticas activas para o seu desenvolvemento económico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar unha prognose adecuada dos prezos do combustible na Costa da Morte, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento desta situación
2. No caso de comprobarse a existencia de obstáculos graves no funcionamento do mercado dos combustibles que impiden unha competencia efectiva no sector e que menoscaban os dereitos dos consumidores, solicitar do Goberno do Estado a fixación dos prezos ou as marxes de comercialización dos combustibles na Costa da morte, de acordo co establecido no artigo 13.2 da Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio minorista.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025

Asdo.: Oscar Insua Lema

Carmela González Iglesias

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 14/03/2025 12:29:41

Carmela González Iglesias na data 14/03/2025 12:35:07

Ana Pontón Mondelo na data 14/03/2025 12:35:23





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen María Pomar Tojo, Cecilia Suárez Vázquez, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei en pleno.

Exposición de Motivos:

A nacional N-550 é unha estrada de titularidade estatal que une a cidade da Coruña co municipio pontevedrés de Tui. Ao longo dos 180 quilómetros do seu trazado percorre diferentes municipios ata o punto de ser considerada como a columna vertebral da mobilidade histórica de Galicia, en particular, unha das principais estradas, libre de peaxe, vertebradoras do litoral atlántico.

Na actualidade, esta estrada nacional presenta unha serie de deficiencias, especialmente no tramo que une as cidades de Santiago de Compostela e da Coruña e, máis en particular ao seu paso polos municipios de Oroso e Ordes. Neste espazo a deterioración do seu asfalto é máis que evidente e perigoso, o que aconsella requirir ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible que acometa de maneira urxente a mellora integral do firme e a adopción de medidas de seguridade ao longo do seu percorrido.

Son polo tanto evidentes, as numerosas deficiencias e danos que presenta este tramo sobre todo no que se refire ao estado do firme con innumerables fochancas, gretas e desniveis na plataforma, graves problemas de drenaxe, mala sinalización, falta de visibilidade, peraltes deteriorados e cruces perigosos.

O Goberno de España é coñecedor desta situación xa que logo son múltiples as queixas formuladas pola veciñanza e polos usuarios que utilizan este traxecto a diario, nunha vía que ademais soporta unha gran intensidade de tráfico xa que constitúe un itinerario alternativo e gratuito á carísima autopista estatal AP-9. Con todo, non parece





ter en conta esta situación, ante a realidade do seu estado deficiente e a escasa ou nula labor de mantemento e conservación ao longo dos últimos sete anos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España o arranxo da estrada estatal N-550, especialmente nos treitos comprendidos entre as cidades de Santiago de Compostela e da Coruña, que se atopan co firme moi deteriorado”

Santiago de Compostela, 14 de marzo 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 13:50:23

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/03/2025 13:50:40

Katherinie Varela Fernández na data 14/03/2025 13:50:51

Cristina Campero Dorado na data 14/03/2025 13:50:59

José Luis Ferro Iglesias na data 14/03/2025 13:51:09

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 13:51:24

María Deza Martínez na data 14/03/2025 13:51:32

Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 13:51:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/03/2025 13:51:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Roberto Rodríguez Martínez na data 14/03/2025 13:52:08

Gonzalo Trenor López na data 14/03/2025 13:52:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Silvia Longueira Castro, Julio Ernesto Abalde Alonso e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 21 de marzo do 2022, o entón presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, fixo públicas as recreacións visuais da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, CHUAC, e comprometeuse a que no 2025 estaría en pé o 80 % da nova infraestrutura.

Tres anos despois e xa chegado o ano 2025 vemos como existe unha demora evidente nos traballos deste equipamento sanitario e polo tanto un grave incumprimento nos prazos dados, o que suscita inquietude no conxunto da área sanitaria da Coruña.

Estamos a falar da maior infraestrutura sanitaria de Galicia que atende a unha área de máis de 550.00 habitantes e que é un centro de referencia nacional para algunhas especialidades. É evidente que se trata dun tema chave non só para a cidade da Coruña senón para a súa área de influencia así como para a xestión que ten que pilotar o Sergas.

O Concello da Coruña tiña sempre como prioridade nos seus obxectivos o deseño do plan director do mesmo que estaba rematado xa en 1998. Finalmente en marzo de 2022, asinouse o convenio mencionado onde se comprometían máis de 430 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia para levar a cabo as obras. Pola súa banda, o Concello da Coruña comprometíase





cos fondos pactados, 22 millóns de euros, que se desembolsarán na medida en que se presenten a certificación de obra referida aos accesos viarios. A realidade é que a día de hoxe só se certificaron 547.000 euros dun total de 22 millóns de euros que o concello da Coruña ten dispoñibles para axudar a financiar esta actuación, e non foi posible desembolsalos porque non se executaron as obras en tempo e forma.

Ao alarmante retraso do que calquera cidadán pode ser testemuña súmaselle a preocupación que xorde entre os propios facultativos. Segundo veñen de manifestar dende o Colexio Oficial de Médicos da Coruña este retraso nas obras de seguir co ritmo actual, podería alargarse até dentro de 10 anos, o que podería afectar á excelencia profesional do Complexo Sanitario da Coruña que ten que seguir mantendo na provisionalidade espazos e dotacións que a día de hoxe o fan estar á vangarda da medicina.

Ven con preocupación que se teñan que adiar novas incorporacións e novas áreas de investigación e coñecemento ata o momento en que estea rematado o novo CHUAC, e pregúntanse como afrontar entón todo este tempo que falta xa que a día de hoxe o retraso é evidente.

Ante esta emerxencia no eido da construción sanitaria, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar un informe nesta Cámara galega, nun prazo de tres meses, que recolla os motivos polos que anunciaron en 2022 que A Coruña tería xa en 2025 o 80 % do novo CHUAC a disposición da cidade e da área sanitaria, e exixir responsabilidades polo engano ao que someteron á cidadanía, xerando unhas expectativas fraudulentas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21826
Data envío: 14/03/2025 16:12:57,486

2. Dar a coñecer o porcentaxe de execución da obra a data 21 de marzo de 2025, tres anos despois do anuncio feito.
3. Presentar ante esta Cámara galega un calendario nun prazo de tres meses das obras do novo CHUAC, que recolla as diferentes fases que se van acometer e poña un prazo final de posta en funcionamento desta infraestrutura sanitaria.

Santiago de Compostela, a 14 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 14/03/2025 16:10:16

Julio Abalde Alonso na data 14/03/2025 16:10:26

Elena Espinosa Mangana na data 14/03/2025 16:10:34

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/03/2025 16:10:43

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75037

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre as consecuencias na economía galega da permanencia da fenda de xénero e fenda salarial ou retributiva na economía galega e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A desigualdade no ámbito económico e laboral é un elemento central na discriminación das mulleres na sociedade, porque sen autonomía económica non pode haber autonomía persoal e ese é un elemento de dominación clave para o patriarcado.

A análise desta situación é poliédrica, desde a permanencia dos estereotipos de xénero á distinta composición dos sectores laborais pasando pola falta de cumprimento ou desenvolvemento do marco legal e xurídico. Así, o resultado é que hoxe son as mulleres as que acaparan maiores cotas de temporalidade e maior parcialidade, os traballos peor pagados son os máis fortemente feminizados fronte a outros nos que somos minoría, etc. que se resume ben na imaxe do chan pegañento fronte ao teito de cristal.

A concatenación de crises consolidou esta situación e fronte ás súas teóricas intencións, a reforma laboral agrandou algunhas fendas de xénero preocupantes: o 60% dos contratos fixos-descontinuos son de mulleres e a temporalidade acada o 29,9% nas mulleres fronte ao 17,8% dos homes. Existe, asociado a isto, unha fenda de xénero salarial que en Galiza é do 18,4% e que aumentou en termos absolutos ata os 4.687 euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro elemento que contribúe á permanencia desta desigualdade é a sobrecarga que sofren as mulleres pola falta de servizos públicos, como demostran os datos de excedencias que corroboran que son as mulleres nun 88% as que collen excedencias para coidar crianzas e para coidado de familiares un 78,6%.

Ante esta situación cómpre intensificar a resposta institucional, xa que segue fallando o cumprimento das leis, non hai políticas efectivas para abordar a segregación ocupacional e porque a Xunta como empregadora e financiadora dunha parte importante dos empregos feminizados deste país tamén contribúe a esta situación.

Por estes motivos e polas consecuencias da permanencia da fenda salarial e de xénero na economía galega, o Grupo Parlamentar do BNG Presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a intensificar o cumprimento e a fiscalización do cumprimento da lexislación en materia de igualdade cun Plan de choque contra a discriminación económica e laboral das mulleres que incorpore as seguintes medidas:

1. Impulso dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a asegurar o cumprimento dos convenios colectivos e da lexislación vixente e avaliar, singularmente, a posible existencia de fendas salariais de xénero e as medidas para o corrixir.

2. Impulsar, en colaboración co Consello Económico e Social, unha estratexia específica para combater a desigualdade de acceso ás diferentes ocupacións e comezar a desenvolver o Artigo 117 da lei de igualdade canto ao fomento da contratación de mulleres en sectores con infrarrepresentación feminina, acordando medidas para favorecer a incorporación das mulleres nas ocupacións altamente masculinizadas e vinculando aquelas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que consistan en axudas económicas ao mantemento do emprego e da actividade empresarial.

3. Intensificar o exercicio do seu papel de autoridade laboral e, a través da autoridade autonómica da Inspección de Traballo e Seguridade Social, realizar un Plan de actuacións tendentes a detectar e a erradicar situacións de fenda salarial e economía somerxida, especialmente en actividades feminizadas, para o que presentará unha estratexia específica de actuación con obxectivos anuais e informará anualmente ao Parlamento.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2025 13:47:55

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/03/2025 13:48:04

Olalla Rodil Fernández na data 17/03/2025 13:48:11





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana, Paloma Castro Rey e Julio Ernesto Abalade Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 48/2024, do 22 de abril, que regula os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia establece importantes novidades, entre as que destaca a politización de postos antes reservados a persoas empregadas públicas, abrindo o nomeamento a persoas afiliadas e afíns ao PPdeG. O que amosa un ataque grave á profesionalización e independencia do persoal empregado/a público da Xunta de Galicia, e reforza a concepción “patrimonialista” que ten o Goberno galego da Administración autonómica galega, que debe estar ao servizo do interese público e non ao servizo partidista do PPdeG.

Así, unha das novidades na área de Presidencia é que as xefaturas territoriais pasarán a denominarse “direccións territoriais”. Ademais, as propias delegacións territoriais, que ata agora dependían da Consellería de Presidencia de Diego Calvo, pasan a facelo da propia Presidencia da Xunta.

Antes no organigrama administrativo, por debaixo dos seis delegados territoriais (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), quedaban adscritos orgánica e funcionalmente ás xefaturas territoriais de cada consellería, que eran nomeadas polo sistema de libre designación de entre





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21883
Data envío: 17/03/2025 15:00:25.332

persoal funcionario/a de carreira dos grupos A1 e A2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co Decreto 48/2024, do 22 de abril, poderán ocupar esas xefaturas territoriais calquera persoa aínda que non sexa funcionaria. A politización dos postos polo PPdeG é intolerable e supón un ataque sen precedentes a independencia e profesionalización dos empregados públicos da Xunta de Galicia, que esixen os artigos 9.2 e 103 da CE.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Modificar o Decreto 48/2024, do 22 de abril, de tal xeito que as xefaturas territoriais se provean por libre designación entre persoas empregadas públicas dos grupos A1 e A2.
2. Que as persoas non empregadas públicas nomeadas como directores/as territoriais ao abeiro do Decreto 48/2024, do 22 de abril, se absteñan de realizar funcións que impliquen o exercicio de autoridade pública.

Santiago de Compostela, a 17 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 17/03/2025 14:53:57

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75042

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21883
Data envío: 17/03/2025 15:00:25.332

Elena Espinosa Mangana na data 17/03/2025 14:54:12

Paloma Castro Rey na data 17/03/2025 14:54:30

Julio Abalde Alonso na data 17/03/2025 14:54:39

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/03/2025 14:54:51

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75043

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o goberno do Estado elevara o risco de gripe aviar este pasado xaneiro, dadas as circunstancias mundiais nas que nos atopamos a este respecto, co falecemento dunha persoa acaecida desta enfermidade nos EEUU, levouse a cabo en Galiza o peche das explotacións avícolas de autoconsumo nas zonas de risco.

O número de concellos localizados nesas áreas serán máis nesta ocasión, xa que ao listado que aparece na orde APA/2442/2006 do 27 de xullo, o Ministerio de Agricultura propón engadir outros nunca antes incluídos, dadas as últimas informacións sobre concentracións de aves salvaxes e rutas migratorias, coa aparición de aves afectadas en ditos concellos.

Este tipo de aves salvaxes son atendidas, de ser preciso, polos centros de conservación de fauna silvestre repartidos polo país, un en cada provincia galega e que nestes momentos teñen unha especial importancia non só na recuperación da fauna, tamén aportando información sobre esta patoloxía que ameaza a saúde animal pero tamén a humana.

Dado que o persoal que leva a cabo a súa labor profesional ten contacto cos animais, tanto no caso dos que non teñen ningún tipo de risco para a súa saúde, coma no caso dos que si o teñen, e debido a que nun dos centros galegos xa se tivo constancia dun gromo de gripe aviar no 2024, as medidas para a protección e prevención dos contaxios entre os propios animais e o paso da enfermidade cara os humanos deben ser exhaustivas e levadas a cabo de xeito adecuado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta ao Goberno galego a garantir que todos os centros de conservación de fauna silvestre responsabilidade da Xunta de Galiza, contén cunha avaliación exhaustiva dos riscos biolóxicos aos que se expoñen os e as traballadoras, elaborando un plan de prevención que de lugar a unha serie de medidas coordinadas que permitan controlar e garantir que se están a levar a cabo as labores profesionais coa maior seguridade posible.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 17/03/2025 17:57:10

Secundino Fernández Fernández na data 17/03/2025 17:57:13

Sonia Vidal Lamas na data 17/03/2025 17:57:21

Luis Bará Torres na data 17/03/2025 17:57:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de que a Xunta de Galiza rectifique a súa decisión unilateral de segmentar a prestación sanitaria de atención primaria do Centro de Saúde Novoa Santos entre o PAC e o Centro do Couto contra a vontade profesional e veciñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na segunda quincena de marzo de 2025 vén de coñecerse que a Xunta de Galiza, contra a vontade da comunidade sanitaria, decidiu unilateralmente segmentar a prestación sanitaria de atención primaria do Centro de Saúde Novoa Santos entre o PAC e o Centro do Couto ante a previsión de demolición do actual edificio para impulsar o futuro Centro Integral de Saúde (CIS) de Ourense. Unha decisión sen consenso, sen rigor profesional e sen a adecuada planificación que debe ser rectificadora e revisada.

Cómpre recordar que a promesa dun CIS para Ourense nace xa a finais do ano 2020 e comeza a súa andaina administrativa e orzamentaria no ano 2021. Porén, a realidade é que mentres os CIS de Lugo e de Lalín, comprometidos na mesma altura, están rematados e en funcionamento, o investimento en Ourense continúa na lista de tarefas pendentes, da mesma maneira que gran parte do Plan Director do CHUO ou a aposta pola demolición do materno, unha rectificación anunciada con décadas de atraso e que é aínda hoxe un anuncio ou unha nova UCI que en realidade ten menos camas das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que foron prometidas. Esta situación certifica a falta de compromiso coa atención sanitaria ourensá, con atrasos permanentes aos que se suma unha cada vez maior dificultade de consolidar e atraer persoal ao non contar cunha estratexia específica nin favorecer na Área Sanitaria un bo funcionamento laboral.

Así as cousas, presuntamente, este centro renovado unificaría o PAC coa atención ordinaria; sumaría un circuíto específico para pacientes infecciosos; contaría cunha sala específica de diagnóstico por ultrasóns e área de radiodiagnóstico; e aplicaría programas para pacientes crónicos e multipatolóxicos e outros de rehabilitación integral. Posteriormente, a Xunta especificou que contaría con 13 alturas e unha superficie construída de máis de 7.584 metros cadrados e servizos e unidades asistenciais como rehabilitación, saúde mental ou radiodiagnóstico. En outubro de 2024, despois de múltiples desacordos coa veciñanza e cos propios servizos urbanísticos do municipio, o Consello da Xunta aprobada declarar o novo Centro Integral de Saúde Novoa Santos de Ourense como proxecto público de urxencia e de excepcional interese ao abeiroa da Lei 3/2016 do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Máis dun ano despois coñécense un conxunto de decisións unilaterais do goberno galego ante a próxima demolición do edificio que actualmente alberga o C.S Novoa Santos e ante o que as e os profesionais puxeron en coñecemento da sociedade distintas discrepancias. Estas discrepancias son razonadas e razonables e foron trasladadas, sen éxito, á xerencia sanitaria sen ser tidas en conta.

Entre os problemas sinalados, as e os profesionais sanitarios advirten da ruptura das bases de atención primaria para un terzo da poboación da cidade, da segregación de servizos e pacientes, da sobrecarga do Centro de Saúde do Couto que pasará a duplicar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboación atendida, da ruptura da calidade e impartición de docencia e do desmantelamento do Centro de Orientación Familiar, que afecta ao conxunto da cidade.

Coa segregación de servizos, profesionais e pacientes romperanse as bases de accesibilidade, lonxitudinalidade, continuidade asistencial e integralidade, bases consensuadas, estudadas e contrastadas pola comunidade científica, que non responden a criterios aleatorios senón obxectivos e que redundan nunha maior saúde comunitaria. Así mesmo, un dos principais problemas será a sobre carga do centro de saúde do Couto, un centro que ten menos dunha década de funcionamento despois de dilacións na súa obra e de numerosos problemas de acondicionamento pola falta de calidade destas e ser outro exemplo de improvisación administrativa.

Da mesma maneira que cando se puxo en marcha o Centro do Couto, non está habendo unha planificación coa comunidade, nin cos e coas profesionais que atenden no centro actual, nin cos e coas profesionais dos centros afectados nin coas entidades sociais e veciñais. Tampouco se está a ter en conta a crecente demanda sanitaria nun contexto social no que aumenta o avellentamento e no que se incorpora nova veciñanza. Así, unha atención primaria xa saturada vaise segregar en distintos centros sen garantir espazos e horarios adecuados nin facilitar, de ser necesario, o prolongamento da xornada. Particularmente alarmante resulta o novo agravio contra o Centro de Orientación Familiar, que se suma ás decisións contrarias ás necesidades da saúde da muller en Ourense.

Resulta inaceptable do punto de vista da xestión pública e da xestión sanitaria que a chegada, a longo prazo, dunha nova infraestrutura, teña un prezo tan alto para a comunidade na que se proxecta. Con independencia do debate social e profesional que existe arredor da idoneidade ou non de distintos aspectos do proxecto do CIS, é evidente que hai que procurar unidade e racionalidade arredor das consecuencias da posta en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

marcha desta obra e buscar unha alternativa para que se manteña unha atención sanitaria na zona que estea planificada, manteña a unidade do servizo e accesibilidade, non reduza servizos nin sature outros centros. Unha alternativa que foi formulada polas profesionais e que pasaría por reubicar o servizos, cunha mínima reforma, no histórico Centro de Especialidades situado na rúa Concello, a menos de 300 metros do actual C.S Novoa Santos.

É necesaria unha rectificación urxente por parte da Xunta de Galiza, que se interrompa a proposta de segregación profesional e sanitaria e que se acorde coa comunidade sanitaria, singularmente cos e coas profesionais, os termos de reorganización do servizo.

É preciso que a Xunta de Galiza sexa dialogante e responsable, pois estamos a falar da afectación a un terzo da poboación da cidade de Ourense e dun tempo prolongado de afectación que pode levar nunha previsión optimista arredor de cinco anos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a rectificar a súa decisión unilateral de segregar os servizos sanitarios de atención primaria que actualmente presta no Centro de Saúde Novoa Santos ante a posta en marcha das obras do futuro CIS a través das seguintes medidas:

1. Interromper de forma inmediata a posta en marcha da segregación profesional e sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Constituír unha mesa de traballo plural e participativa, na que se conte especialmente cos e coas profesionais afectados e colexios profesionais, así como coa participación e escoita de asociacións veciñais e sanitarias, entidades sociais e colectivos afectados, e acordar os termos de reorganización dos servizos.

3. Dar prioridade ao acondicionamento do actual Centro de Especialidades para albergar os servizos, de forma que sexa posible un traslado adecuado e funcional antes do inicio das obras do futuro CIS.

4. Dar prioridade á reubicación do Centro de Orientación Familiar garantindo a prestación do servizo.”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 18/03/2025 09:44:01

Noa Presas Bergantiños na data 18/03/2025 09:44:09

María Montserrat Prado Cores na data 18/03/2025 09:56:09

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/03/2025 09:56:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á situación de desamparo na que se atopa o profesorado IES As Lagoas e as actuacións que debe impulsar o goberno galego para protexer a dignidade e a seguridade da profesión docente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de febreiro de 2025 transcenderon, a través dos medios de comunicación, diversas queixas dun reducido grupo de pais, nais e alumnado que facían públicas as presuntas discrepancias coa metodoloxía didáctica e avaliacións dunha profesora de matemáticas do IES As Lagoas de Ourense e iniciaron unha serie de actos de protesta de distinta índole. Máis alá da lexítima discrepancia que pode haber por parte de calquera membro da comunidade educativa no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, que se pode vehicular por distintas canles oficiais, a situación recrúuse cun grao de intensidade e agresividade na expresión destas discrepancias que colide co ambiente de respecto e cordialidade que debe imperar no ensino público. Así, nos últimos meses o centro está a sufrir difamacións respecto da súa actividade e un sinalamento público tanto nos medios de comunicación como a través do empapelamento das instalacións e da súa contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación e o acoso mediático levou a que o propio Claustro do IES As Lagoas emitira un comunicado o pasado 26 de febreiro e a que a Xunta de Persoal Docente de Ourense tamén rexeitase, reunidos e publicamente, os feitos e a situación xerada. Máis recentemente, o pasado 12 de febreiro de 2025, as seis organizacións sindicais con representación na Xunta de Persoal Docente de Ourense convocaron unha manifestación que rematou diante da Dirección Territorial da Consellaría de Educación e que cun amplo respaldo profesional e social manifestou o apoio ao claustro do IES As Lagoas e a defensa da dignificación da profesión docente.

Desde a comunidade de profesores e profesoras pediuse de novo explicitamente que as autoridades educativas interveñan de forma contundente nesta situación. Esixiuse da administración galega, especialmente da inspección, da Dirección Territorial e da propia Consellaría de Educación que deixen de mirar para outro lado ante a gravidade dos feitos e interveñan para protexer o persoal docente da desinformación, das difamacións e dunha situación sen precedentes e velen polo cumprimento da normativa.

É necesario por parte do goberno galego unha intervención nesta situación e unha reflexión sobre a situación xerada. Estes feitos que hoxe pasan nun centro educativo concreto, que ademais está respaldado por unha ampla traxectoria, un funcionamento consolidado, uns grandes resultados académicos e unha forte integración na vida comunitaria da cidade, poden estenderse a outros centros normalizando formas e procederes impropios do que debe ser a convivencia educativa. Os termos nos que se está a dar este conflito e o recruar dos acontecementos, que non teñen precedentes, deben traer unha intervención en varias esferas para garantir a protección das e dos docentes, o bo funcionamento do ensino público e as garantías e confianza de toda a comunidade educativa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a escoitar as demandas do claustro do IES As Lagoas e da Xunta de Persoal Docente de Ourense e, ante a gravidade dos feitos que están a danar a convivencia educativa, a dignidade da profesión docente e o recoñecemento do ensino público galego, se implique na posta en marcha das distintas medidas que ten a súa disposición para protexer a seguridade da profesión docente, a convivencia da comunidade educativa, a resolución dialogada e evitar que este tipo de acontecementos se poidan dar noutros centros e que se poidan normalizar este tipo de actuacións fóra das canles reguladas.”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Cristina Fernández Davila

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 18/03/2025 12:54:21

Cristina Fernández Davila na data 18/03/2025 12:58:44

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/03/2025 12:59:05

Ana Pontón Mondelo na data 18/03/2025 12:59:18





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As cifras da campaña de marisqueo do ano 2024 non deixan lugar a dúbidas na evidencias de que o sector do marisqueo atópase neste momento nunha situación crítica: na ría de Arousa un 93 % menos de berberecho, un 86 % menos de ameixa e 45 millóns menos de facturación nos últimos catro anos.

Con estas cifras de resultado económico do labor extractiva nas nosas rías non é estraño que se estea a producir unha perda continua da poboación de galegos e galegas que desenvolven esta actividade económica tan importante para os nosos pobos mariñeiros, sobre todo polo alto nivel de emprego feminino neste sector.

Segundo o IGE neste momento traballan no sector 3.300 persoas, 2.470 mulleres e 837 homes, que son 200 menos que o ano anterior e 400 menos que no ano 2020, ao comezo da pandemia do COVID, é dicir, no último ano caeron un 6,3 % o numero de traballadoras e traballadores do marisqueo en Galicia.

Esta baixa se ve aínda mais agudizada polo baixo, e en algunhas zonas, nula presenza de persoas menores de 30 anos que se dedican a esta actividade, o que imposibilita o relevo xeracional con que é unha actividade que esta condenada a desaparición, coas consecuencias sociais e económicas da





amplas zoas da nosa costa, a que esta ademais fortemente golpeada pola baixada demográfica e a despoboación.

Á hora de facer unha diagnose son múltiples as variables que inflúen nesta situación, pero está claro que a baixada da produción debida a cambios climáticos, condiciona ambientais, contaminación, a alta mortalidade das especies, en definitiva, a perda de valor económico e garantía de sostibilidade do sector está na raíz deste problema.

O sector do marisqueo, na súa vertente económica precisa neste momento de seguridade de que esta actividade é sostible no tempo para que se manteña o nivel de emprego e, sobre todo, novas xeracións se incorporen a esta actividade.

A Consellería do Mar, en colaboración con outras unidades da Xunta de Galicia, ten a responsabilidade de facer fronte a esta situación e traballar para que o sector sexa sostible e atractivo e desa maneira fixar poboación moza nas nosas costas para que os nosos pobos mariñeiros teñan futuro.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha dun plan de choque para que se revista a situación de perda continuada dos traballadores e traballadoras no marisqueo, con especial incidencia na incorporación de novas xeracións a esta actividade.
2. Este plan deberá contar con actividades de información, formación e incentivo de incorporación a este sector.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 13:58:04
Nº Rexistro: 21948
Data envío: 18/03/2025 13:58:04.181

3. Elaborar un plan económico financeiro para sostibilidade do marisqueo que prevea axudas e compensación económicas de activación automática en situacións de cese de actividade por peche programado dos bancos marisqueos acordado entre a Xunta de Galicia e os representantes do traballadores do mar.

Santiago de Compostela, a 18 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 18/03/2025 13:52:42

Carlos López Font na data 18/03/2025 13:52:53

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2025 13:55:07





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O proxecto do novo Centro Integral de Saúde Novoa Santos da cidade de Ourense, que se levantará no solar de Juan XXIII tras demoler o actual, foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia como proxecto público de urxencia e de interese excepcional en virtude da Lei 3/2016, do 1 de marzo.

O dito proxecto foi recorrido en vía contencioso administrativa, polos veciños lindeiros, conforme aos informes desfavorables dos técnicos municipais en relación coa altura e fondo que tachan de desproporcionados.

Os últimos acontecementos en relación con esta infraestrutura acontecía nos pasados días cando se anunciaba a próxima demolición do edificio de Juan XXIII e a actual xerencia informaba de que os doentes do Novoa Santos serían recolocados no Centro de Saúde do Couto e no centro de Especialidades da rúa Concello de forma que os traballadores e traballadoras da quenda de mañá pasasen a traballar no centro de especialidades, sito na rúa Concello, así como os deslizantes que combinan traballo de tarde e mañá serán trasladados ao Centro de Saúde do Couto. Pediatría será trasladado ao centro de especialidades, o farmacéutico ao Centro de Saúde do Couto, as matronas ao Centro de Saúde do Couto, Odontoloxía (odontóloga + hixienista + auxiliar) ao Centro de Saúde do Couto, Centro de Orientación Familiar ao hospital, nutricionista ao Centro de Saúde do





Couto, a traballadora social ao Centro de Saúde do Couto e a área administrativa repártese para ambos os centros.

Así as cousas, os profesionais entenden que existe falta de previsión dado que non hai datas para o inicio das obras do centro de saúde integral, non hai licitación e non están resoltas as alegacións dos veciños; o cambio afecta ao 29,8 % dos habitantes da cidade; non é unha decisión participativa, contrastada coa poboación afectada.

Xérase un grave problema dado que o Centro de Saúde do Couto duplicaría practicamente a súa asistencia, pasaría de ter asignadas 9.500 persoas a 19.000.

Por outra banda, o histórico e emblemático centro de orientación familiar queda desmantelado e non teñen noticias sobre o centro de saúde mental.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que de forma inmediata presente no Parlamento de Galicia unha planificación para reformular a prestación sanitaria do actual Centro de Saúde Novoa Santos, dunha maneira razoable e eficaz, unha vez escoitadas as partes afectadas.

Parlamento de Galicia, 18 de marzo de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21955
Data envío: 18/03/2025 14:07:10.232

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/03/2025 13:57:09

Elena Espinosa Mangana na data 18/03/2025 13:57:29

Silvia Longueira Castro na data 18/03/2025 13:57:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2025 13:57:53

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

75061

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de febreiro do 2025 publicouse no DOG o Decreto 16/2025, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Entre os cambios máis significativos da norma regulamentaria, está o cambio de adscrición orgánica do Instituto Galego de Estatística (IGE), que antes dependía da Consellería de Facenda, e agora pasa a depender directamente da Presidencia da Xunta de Galicia a través da Oficina de Coordinación Económica.

A decisión coñécese cinco meses despois da polémica aberta polo informe do instituto estatístico que concluía que un de cada tres nenos galegos non saben falar a lingua propia da comunidade.

Por unha banda, a Xunta de Galicia anunciou no Pleno do 10 de marzo do 2025 cambios na xestión e tratamento dos datos estatísticos públicos. Neste semestre vai a licitar un contrato para que as empresas tecnolóxicas “poidan ofrecer os seus servizos para centralizar, xestionar e explotar os distintos datos” que ten o Goberno galego.

É dicir, en cuestión duns meses unha compañía privada poderá reunir e tratar a información do IGE, o Instituto Galego de Estatística, as consellerías, as





universidades e outros organismos, para segundo motivacións dadas polo goberno galego se “poida dispoñer con axilidade e precisión de información pública actualizada”.

O anuncio fíxoo o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, na rolda de prensa posterior á reunión semanal do Consello da Xunta de Galicia. Asegurou que a intención é “optimizar” o uso de datos para dar mellores servizos. E a Xunta de Galicia optou por recorrer aos servizos dunha empresa externa para aplicar “as ferramentas e instrumentos que existen”.

Por outra banda, non coñecemos a día de hoxe as actuacións levadas a cabo pola creación da nova Oficina Económica de Galicia; poderíamos presupoñer que as súas funcións ían ser de gran relevancia no aspecto económico do Goberno galego, pero analizando polo miúdo o novo Decreto de estrutura orgánica da Presidencia, observamos que a Oficina económica de Galicia carece de funcións executivas, son máis ben de coordinación, de estudo e análise.

Asemade, moitas das súas atribucións duplícanse con outros órganos ou unidades creadas, como a oficina económica no Instituto Galego de Promoción Económica, a sociedade Impulsa, ou de outros órganos directivos da Consellería de Facenda e mesmo da Consellería de Economía e Industria.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 17:01:56
Nº Rexistro: 21960
Data envío: 18/03/2025 17:01:56,658

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que presente ante esta Cámara:

1. Un informe no prazo de 3 meses no que se aclare cal vai a ser o alcance da externalización das funcións públicas de estática galega no contrato, na xestión e no tratamento dos datos estatísticos públicos, co fin de garantir a efectiva a fiscalización do Goberno galego por parte dos grupos da oposición.
2. Un informe con periodicidade trimestral sobre as actividades desenvolvidas pola devandita Oficina, co fin de garantir e favorecer a transparencia e a rendición de contas da nova Oficina Económica de Galicia.

Santiago de Compostela, a 18 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 18/03/2025 16:35:53

Elena Espinosa Mangana na data 18/03/2025 16:36:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2025 16:36:12

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75064

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTARIA
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 981 55 15 83
gp-mixto@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO

D. Armando Ojea Bouzo, deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto, en representación de Democracia Ourensana, ao abeiro do disposto no artigo 160 e seguintes do Regulamento do Parlamento de Galicia, presenta a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate no Pleno** do Parlamento de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A execución dos Orzamentos da Xunta de Galicia ten amosado, na nosa opinión, unha desconexión preocupante entre a planificación financeira e as necesidades reais do territorio galego. En moitas ocasións, os investimentos quedan bloqueados ou non se executan por cuestións administrativas, deixando sen aproveitamento recursos que poderían destinarse a actuacións urxentes noutras zonas que levan anos demandándoas. Un caso paradigmático é o da cidade de Vigo, onde a falta de execución dunha partida de 24 millóns de euros, inicialmente destinada a un proxecto concreto, impide que eses fondos se empreguen de forma eficiente. Mentres tanto, cidades como Ourense seguen padecendo unha falta de investimentos estruturais que afectan ao seu desenvolvemento e benestar social.

No debate dos Orzamentos para 2025, **Democracia Ourensana propuxo que estes fondos se reorientasen a proxectos de grande impacto en Ourense, como a mellora e ampliación das infraestruturas deportivas**, que levan anos sen recibir a atención necesaria. **Tamén se pediu a construción dun novo centro de saúde no barrio do Vinteún**, unha demanda histórica dos veciños e comprometida pola Xunta hai décadas, a cal se detraía de outra partida por unha mera cuestión procedimental. **O soterramento da rúa Otero Pedrayo, é outra das intervencións esenciais para Ourense que axudaría a mellorar a mobilidade e a seguridade viaria da cidade, que tamén se podería levar a cabo a cargo desa partida de 24 millóns de euros que se según as propias manifestacións de representantes do Partido Polular se están a rexeitar**.



Dado que a execución da partida orzamentaria inicialmente prevista para Vigo está en risco, e tendo en conta a urxencia das actuacións pendentes en Ourense, propoñemos que estes fondos sexan redistribuídos para cubrir necesidades prioritarias na cidade.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1. Realizar unha modificación de crédito para reorientar a partida de 24 millóns de euros inicialmente prevista para Vigo cara a investimentos prioritarios en Ourense.**
- 2. Incluir no novo destino orzamentario actuacións como a mellora das infraestruturas deportivas, a construción do novo centro de saúde no barrio do Vinteún e o soterramento da rúa Otero Pedrayo.**
- 3. Comprometerse a corrixir o déficit histórico de investimentos en Ourense, establecendo un plan específico para garantir que a cidade reciba os recursos necesarios para o seu desenvolvemento.**

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2025.

Fdo. D. Armando Ojea Bouzo.

Deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto.

Firmado por Armando
Ojea Bouzo el día
19/03/2025 con un
certificado emitido
por ParGal-CA2



Asinado dixitalmente por:

Armando Ojea Bouzo na data 19/03/2025 13:07:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 13:08:36
Nº Rexistro: 21980
Data envío: 19/03/2025 13:08:36.017

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/03/2025 13:08:37



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 13:08:36
Nº Rexistro: 21980
Data envío: 19/03/2025 13:08:36.017

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Negreira dá servizo aos case 7.000 habitantes do concello, poboación que nos últimos anos presenta tendencia de crecemento, segundo os datos do INE. Ademais tamén dá servizo ás poboacións próximas dos concellos limítrofes, que igualmente están incrementando en poboación, sobre todo no verán en que teñen que compensarse ausencias de determinadas especialidades nos distintos centros de saúde da comarca.

O centro actual xa esta sobrepasado e cunhas infraestruturas deterioradas e con dificultades de accesos en caso de urxencias. Nos últimos anos, en distintas ocasións os servizo de infraestruturas do Sergas realizaron inspeccións que constataron importantes carencias e deficiencias que non permiten dar servizos sanitarios en condicións adecuadas. O nivel de deterioro e a situación e dimensión do centro actual fai que nos sexa eficiente afrontar unha reparación ou actualización do centro actual polo que, os propios técnicos, recomendan a construción de un novo centro construído en outra localización con instalacións modernas que permitan uns servizos de máxima calidade sanitaria.

O Concello de Negreira, polo que manifesta o Concello, está dispoñible para aportar os terreos precisos así como facilitar os trámites para a súa cesión ao Sergas así como as licencias necesarias para permitir a construción do novo centro de saúde.





A Consellería en varias ocasións mostrouse favorable a construción deste novo centro recoñecendo a situación deficitaria do centro actual, pero pasan os anos e estas promesas non se plasman nin na tramitación ou redacción do convenio entre o Sergas e o Concello de Negreira nin existe constancia que se atope entre as previsións de investimentos futuros de construción do Sergas, como sucede noutros concellos como Noia, en fase de proxecto construtivo, ou Porto Son que xa está prevista a próxima construción, cousa que nos parece moi adecuada pero Negreira tamén ten necesidade de que se planifique estas novas instalacións.

Polo tanto é necesario que a Consellería de Sanidade e o Sergas teñan en conta este novo centro de saúde do Concello de Negreira nos seus plans de infraestruturas sanitarias, que se asigne o Convenio de colaboración co Concello de Negreira no que se recolla a situación, as condicións das instalacións e unha planificación dos investimentos para a construción do novo centro de saúde.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incluír un novo centro de saúde no Concello de Negreira nos plans de infraestruturas sanitarias, un novo centro moderno, con instalacións óptimas para prestar servizos sanitarios de calidade que merece a nosa cidadanía.
2. Elaborar e asinar o Convenio de colaboración co Concello de Negreira no que se recolla a situación e as condicións das instalacións de construción do novo centro de saúde.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 13:15:43
Nº Rexistro: 21981
Data envío: 19/03/2025 13:15:43,239

Santiago de Compostela, a 19 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/03/2025 13:08:39

Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 13:08:49

Julio Abalde Alonso na data 19/03/2025 13:09:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/03/2025 13:09:09

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75071

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de motivos

A enfermidade celíaca, segundo a Organización Mundial de Gastroenteroloxía, é unha enfermidade autoinmune provocada pola inxestión de alimentos que conteñen glute. Esta alteración intestinal non só se produce cando se consumen alimentos con alto contido de glute, senón tamén cando hai contaminación cruzada en alimentos que, en principio, non contiñan glute, pero que, debido á manipulación, poden quedar contaminados con trazas deste.

A Asociación de Celíacos de Galicia (Acega) estima que a prevalencia desta enfermidade correspóndese co 1 % da poboación, arredor dos 27.000 galegos e galegas. A parte diso, consideran que entre o 75-80 % da poboación celíaca aínda non está diagnosticada. Segundo as estatísticas da Sociedade Española de Patoloxía Dixestiva as diagnoses de enfermidade aumenta exponencialmente un 30% cada ano. Estes datos de diagnose chocan de xeito frontal contra a adaptación real da sociedade, así como das entidades pertencentes á hostalería.

Esta enfermidade xera unha fenda na poboación o ter que cambiar, non so a alimentación diaria, senón que tamén a adaptación de todos os hábitos sociais. Se non fose pouco a adaptación completa da vida, esta enfermidade xera outra fenda, neste caso económica.

A Federación de Asociacións de Celíacos de España, nun informe do 2024, amosa que na adquisición de produtos específicos sen glute destínase arredor de 1.704.40 €, elevándose en 167.57 € con respecto ó ano 2023 tendo en





conta a subida do 10,90 % dos produtos sen glute. Esta cifra sitúa o gasto adicional da poboación celíaca en 1.087,72 € fronte as dietas que o permiten. Salientan dende esta federación que en puntos concretos do calendario como pode ser o Nadal, a disparidade de prezos entre os produtos con e sen glute alcanza o seu punto máximo, chegando a custar un 240 % máis.

O pan sen glute, un alimento que case a totalidade da poboación consume a diario e que o 100g de media ten un custe de 1,27 € mentres que se se trata de pan común, con glute, estes 100g custan 0,23 €. É dicir, este pan ten un incremento do 452,17 % máis caro. E se atendemos ós prezos da pasta esta porcentaxe elévase ate o 757 %.

Estes prezos elevados causan moitas dificultades nas familias con menos recursos que, se xa lles custa chegar a fin de mes, esta situación agrava aínda máis a súa capacidade para cubrir necesidades básicas.

O Goberno de España está xa actuando sobre o tema. Nas súas competencias, reduciu a través do Ministerio de Facenda, o IVE do 10 % ó 4 %. O Concello de Barbadás achega 400 € anuais para aquelas persoas diagnosticadas con celiacía. A Xunta de Galicia ten que ir máis aló do fomento do comercio e a restauración para as persoas celíacas, que está ben, pero con prezos desorbitados dos produtos sen glute non é unha prioridade ir a restaurantes para as familias que teñen que pagar case 100 € máis cada mes pola compra, por cada celíaco que conviva nese núcleo e máis atendendo o sobrecusto que teñen os produtos sen glute na hostalería. A Xunta de Galicia dentro das súas competencias en benestar social debe actuar con achegas directas ás familias con menores recursos e con persoas diagnosticadas como celíacos e celíacas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 13:27:09
Nº Rexistro: 21989
Data envío: 19/03/2025 13:27:09.993

1. Á creación dunha liña de axudas dirixida a cubrir a diferenza económica entre os produtos con glute e sen glute, destinada a aquelas persoas diagnosticadas como celíacas nos fogares con menos recursos, atendendo á renda do fogar.
2. A establecer plans de formación, concenciación e adaptación de toda a hostalería ás persoas celíacas.

Santiago de Compostela, 19 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 13:20:55

Silvia Longueira Castro na data 19/03/2025 13:21:14

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/03/2025 13:21:28





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21994
Data envío: 19/03/2025 16:00:31.568

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz, presenta ante esa Mesa unha corrección de erros nos documentos con número de rexistro: 21988 e 21989, advertido un erro en ditos documentos.

Corrección de erros:

Onde di

“Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz...”;

debe dicir:

“Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz...”.

Santiago de Compostela, 19 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75075

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21994
Data envío: 19/03/2025 16:00:31.568

Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 15:59:18

Silvia Longueira Castro na data 19/03/2025 15:59:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/03/2025 15:59:44

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75076

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios, atraer a inversión e sobre todo, contar coa cidadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados para que o aproveitamento destes recursos respecte escrupulosamente o medio ambiente, biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para as galegas e galegos.

A política enerxética e industrial do goberno non é recoñecible no noso país, porque está sumida nunha inseguridade xurídica sen precedentes. O Goberno galego non está a liderando a transición enerxética e facilitar o asentamento de proxectos industriais sostibles no noso país. Hai no momento actual cerca de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por incumprimento de criterios de sustentabilidade ambiental. Este caos, sen precedentes, na paralización do desenvolvemento eólico en Galicia é responsabilidade exclusiva do Goberno galego que levan case 16 anos no goberno.

Ademais, o Goberno galego optou pola privatización na xestión dos nosos recursos naturais, xa que se substitúe a política pública enerxética pola xestión a través dunha sociedade privada, a sociedade de Recursos de Galicia- RdeG-na que a Xunta de Galicia ten o 30 % do capital social.





Foi a través dos medios de comunicación - o 14 de novembro de 2023- cando coñecemos a noticia da creación da sociedade público- privada- que nace “baixo o paraugas da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais en Galicia” ó acadar os 100 millóns en 2027, sendo a participación no dito capital da Xunta de Galicia o 30 %, correspondendo o 70 % restante a empresas galegas, e “garantía de que a xestión da riqueza natural de Galicia se traduza en riqueza social”.

Segundo as novas, sempre por medios de comunicación a empresa Sociedade de Recursos de Galicia- en adiante RdeG- constitúese para o despregamento de novos proxectos de enerxía renovable, ligados á minaría ou que requiran da concesión de auga para usos como o acuícola, agropecuarios ou a produción industrial de bens de consumo.

Coa sociedade RdeG xa constituída, tramitouse logo no Parlamento o Proxecto de lei para promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais de Galicia. Polo tanto, creábase primeiro a sociedade privada-pública, sen tan sequera ter aprobada a lei que regularía o aproveitamento de recursos para beneficio social e económico. Esta forma de proceder amosa unha falta de respecto polo funcionamento democrático das institucións e do control que debe exercer o poder lexislativo ao executivo galego.

A Lei 2/2024, do 7 de novembro, xa en vigor, foi aprobada unicamente cos votos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e pretendeu avalar legalmente a creación opaca da sociedade RdeG, que se artellou precisamente para fuxir do entorno de control público e da rendición de contas da devandita sociedade, ao amparo do artigo 102 da Lei 16/2010 de ordenación e funcionamento do sector público autonómico (LOFAXGA).





Pola vía do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para poder exercer o noso labor de fiscalización do Goberno galego, solicitamos, ata en nove ocasións, o expediente de creación, así como as sucesivas modificacións societarias de RdeG. A día de hoxe, segue sen remitirse o expediente administrativo que debe obrar en poder da Consellería de Facenda, ao amparo do artigo 93 da Lei de patrimonio de Galicia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse á Consellería de Facenda e á Sociedade de Recursos de Galicia para que remita á Cámara galega un informe completo de:

- Creación, modificacións societarias, ampliacións de capital, así como as subscricións de capital desembolsado polos accionistas dende a súa creación, de conformidade co previsto no artigo 93 da Lei de patrimonio de Galicia.
- Procedementos de selección do CEO e do persoal directivo da Sociedade de Recursos de Galicia, así como a relación anonimizada do cadro de persoal contratado, dende a súa creación.
- Contratación de consultaría e asistencia técnica subscritos pola Sociedade de Recursos de Galicia, dende a súa creación.
- Rendición de contas anuais e as auditorías de contas da Sociedade de Recursos de Galicia.

Santiago de Compostela, a 19 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21995
Data envío: 19/03/2025 16:11:17.416

Patricia Iglesias Rey na data 19/03/2025 16:03:46

Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 16:03:56

Lara Méndez López na data 19/03/2025 16:04:04

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/03/2025 16:04:13

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75080

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e do deputado **Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a anulación parcial polo TSXG da normativa que regula as entidades de colaboración ambiental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 12 de marzo fíxose pública a sentenza do TSXG que anula parcialmente, dando resposta a un recurso presentado pola CIG, a normativa que regula as “entidades de colaboración ambiental”, previstas na *Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza* e no Decreto que a desenvolve.

Tanto a nota publicada polo Consello Xeral do Poder Xudicial como o texto da sentenza cuestiona con dureza a normativa aprobada polo goberno galego e anula parte do *Decreto 102/2023, do 15 de xuño, polo que se regulan as entidades de colaboración ambiental e se crean o Rexistro de Entidades de Colaboración Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia e o Banco de persoas expertas en avaliación ambiental*.

A motivación central desta sentenza é que as citadas entidades supoñen “unha verdadeira privatización da tramitación da avaliación ambiental”, de maneira que unha competencia exclusiva da administración queda residenciada na iniciativa privada. A ilegalidade desta externalización queda expresada de maneira contundente na sentenza, ao “trasladar a unha empresa privada funcións que están reservadas a funcionarios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos, porque reciben incluso de xeito explícito o mandato de valorar alegacións e informes". O que vén sinalar a sentenza é que as citadas entidades non son "colaboradoras" da administración senón que son "suplantadoras" e "substitutas" das funcións que corresponden ao persoal da administración, xa que "non colaboran coa administración, senón que suplantán á administración durante nada menos que toda a tramitación da avaliación ambiental".

Se ben esta sentenza non é firme e cabe a posibilidade de recurso, a realidade é que os termos da mesma deixan en mal lugar a Xunta do PP e poñen de manifesto como se vulnera de maneira sistemática a lei na tramitación das avaliacións ambientais.

Máis alá desta figura concreta, a Xunta leva anos externalizando as funcións do persoal da administración na tramitación de avaliacións e informes ambientais, o que podería derivar en responsabilidades e nulidade das actuacións. É o caso da "administración paralela" da empresa TRAGSATEC, que recibiu numerosas encomendas de xestión para trámites ambientais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Deixar sen efecto a parte do *Decreto 102/2023, do 15 de xuño, polo que se regulan as entidades de colaboración ambiental e se crean o Rexistro de Entidades de Colaboración Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia e o Banco de persoas expertas en avaliación ambiental*, que foi anulado pola sentenza do TSXG.

2. Respetar as funcións e competencias do persoal ao servizo da administración e non suplantalas a través de empresas ou persoas privadas, nomeadamente no caso das avaliacións e nos informes ambientais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Facer públicos todos os informes e avaliacións realizados por entidades de colaboración ambiental e persoas expertas en avaliación ambiental, ao abeiro da normativa anulada polo TSXG.”

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/03/2025 16:32:19

Luis Bará Torres na data 19/03/2025 16:32:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a avaliación da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024 e a aprobación dunha nova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2024 rematou a vixencia da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024. Segundo o propio documento aprobado, a Xunta de Galiza debía facer un seguimento e avaliación dos instrumentos e medidas nela previstas así como realizar un informe final para valorar o seu grao de cumprimento e os resultados obtidos.

De igual maneira, a Xunta de Galiza debe aprobar unha nova Estratexia para o seguinte período. Neste senso, a Consellaría de Política Social tivo a exposición pública un documento preliminar de estrutura e obxectivos para a Estratexia 2024- 2030. Porén, a día de hoxe continúa sen aprobar aínda o novo documento.

Este 2025 cúmprense 600 anos da chegada do pobo xitano á Península Ibérica. Malia o tempo transcorrido a falta de inclusión social da poboación xitana no noso País é evidente. Segundo os datos que nos traslada a Fundación Secretariado Xitano, a nivel estatal:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A taxa de abandono escolar entre o alumnado xitano é do 86% fronte ao 13,3% da poboación xeral.
- Aos 11 anos o 40% do estudantado xitano repetiu curso.
- A taxa de fracaso escolar é desproporcionada situándose no 62.8% entre a poboación xitana fronte apenas o 4% da poboación xeral.
- O 86% das persoas xitanas están en situación de pobreza e o 46% en extrema pobreza.
- A taxa de pobreza infantil é do 89%.
- Máis de 9.000 familias galegas continúa vivindo en infravivendas e/ou chabolas.

É evidente que urxen medidas específicas e decididas para combater a pobreza e a exclusión social que sobre o pobo xitano tanto en Galiza como no conxunto do Estado español. Medidas decididas encamiñadas a acabar coa desigualdade que atinxe a poboación xitana especialmente en dous ámbitos: a educación e o dereito a unha vivenda digna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a comparecer na Cámara para dar conta dos resultados obtidos na avaliación final da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024 e das medidas incluídas na Estratexia para 2025-2030.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, o Goberno galego deberá remitir aos grupos previamente toda a documentación.”

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 19/03/2025 16:51:03

Olalla Rodil Fernández na data 19/03/2025 16:51:13



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

A veciñanza das comarcas de Valdeorras, Quiroga e Lemos leva anos de agarda pola execución da Autovía A-76, que conectaría Ponferrada con Ourense, converténdose nunha infraestrutura clave para acceder á meseta desde o interior da comunidade, vertebrando tamén estas zonas das provincias de Lugo e Ourense.

A pesar do seu carácter estratéxico, forma parte da xa longa lista de incumprimentos do Goberno de coalición que preside Pedro Sánchez en materia de infraestruturas. De feito, foi o seu Executivo quen recentemente anunciara a licitación dos treitos entre O Barco e Ponferrada, que tampouco se materializou.

O proxecto da autovía A-76, de algo máis de 131 quilómetros de lonxitude, divídese en doce tramos, todos eles paralizados: Iníciase na provincia de León, en concreto entre Villamartín da Abadía e Requejo (6,35 quilómetros). O seguinte segmento da autovía é o que une A Veiga de Cascallana co Barco de Valdeorras (Ourense). O resto dos tramos: O Barco de Valdeorras-A Rúa (16,9 quilómetros), A Rúa-Figueiredo (6,59), Figueiredo-San Clodio (7,58), San Clodio-Carballo de Lor (13,52), Carballo de Lor-A Pobra do Brollón (7,62) e A Pobra do Brollón-Monforte (5,7 quilómetros) completarían o seu percorrido.

A situación de bloqueo desta autovía non é ningunha novidade. O incumprimento sistemático do pacto de investidura selado entre o PSOE e o BNG está a amosar a renuncia de ambas forzas políticas a impulsar eixes de comunicación estratéxicos para o interior de Galicia como a autovía Ourense-Lugo (A-56) ou a Ponferrada (A-76)

O Executivo estatal nin avanza na planificación dos tramos necesarios para impulsar estas infraestruturas viarias, nin habilita os investimentos correspondentes. A isto hai que engadir a negativa do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible de trasladar aos galegos información rigorosa e transparente sobre o estado destas infraestruturas e as previsións reais que manexa en canto á súa execución.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que impulse a execución da autovía A-76 entre Ourense e Ponferrada, por tratarse dunha infraestrutura estratéxica para acceder á meseta desde o interior da comunidade, vertebrando as comarcas de Valdeorras, Quiroga e Lemos das provincias de Lugo e Ourense.

Asemade, o Goberno galego dirixirase ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible para lembrarlle a necesidade de trasladar información rigorosa e transparente sobre o estado dos principais proxectos de infraestruturas viarias estatais en Galicia e as previsións reais que manexa en canto á súa execución”

Santiago de Compostela, 13 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 09:48:38

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 09:49:02

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 09:49:16

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 09:49:27

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 09:49:43

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 09:50:11

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 09:50:25

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 09:50:34

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 09:50:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:59:13
Nº Rexistro: 22053
Data envío: 20/03/2025 09:59:13.353

María Deza Martínez na data 20/03/2025 09:51:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de Motivos

O Goberno de coalición que preside Pedro Sánchez segue bloqueando de forma obstinada o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galicia.

Abusando da súa maioría na Mesa do Congreso dos Deputados vén de acordar a 22ª prorroga nesta lexislatura de presentación de emendas á proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada á Comunidade galega. Polo tanto, son xa 37 as prórrogas desde que Sánchez asumise a Presidencia do Goberno de España.

É absolutamente inexplicable e inxustificable o desprezo a esta iniciativa lexislativa aprobada pola unanimidade do Parlamento de Galicia e que siga bloqueándose a súa tramitación parlamentaria, mentres Sánchez cumpre os caprichos do independentismo catalán e vasco.

Tampouco é sinxelo explicar como o BNG pode seguir apoiando ao Goberno de Sánchez mentres desde A Moncloa seguen maltratando a Galicia, como demostra o feito de que tamén no Senado votaron recentemente en contra da transferencia e da gratuidade da AP-9, demostrando o seu escaso interese en que se fagan efectivas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse á Mesa do Congreso para que poña fin á actitude obstrucionista e permita avanzar na tramitación final ante o Pleno da proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade galega, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 10:25:27
Nº Rexistro: 22056
Data envío: 20/03/2025 10:25:27.560

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 10:01:37

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 10:01:54

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 10:02:05

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 10:03:54

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 10:04:07

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 10:05:17

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 10:05:25

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 10:05:34

María Deza Martínez na data 20/03/2025 10:05:43

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 10:05:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos

A día de hoxe, o Goberno de España foi incapaz de explicar por que non elaborou e presentou o estudo sobre as vías xurídicas para a anulación da prórroga e a valoración dos custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da autoestrada AP-9.

Todo iso a pesar de que son varios os acordos, tanto no Parlamento de Galicia como nas Cortes Xerais que supoñen unha obriga ao Goberno de España nese mesmo sentido e que insistían na oportunidade de dispoñer dese estudo.

O obxectivo é coñecer con transparencia cales son eses cálculos e que esta avaliación favoreza a toma de decisións políticas ao redor do futuro da autopista do Atlántico, unha das infraestruturas viarias máis importantes para a vertebración do territorio galego.

O desprezo do Goberno Sánchez é tal que mesmo desoe as iniciativas lexislativas e non lexislativas aprobadas por unanimidade dos deputados que forman o Parlamento de Galicia, incluídos os nove deputados socialistas.

Por citar os exemplos máis significativos, o 25 de setembro de 2024, unha proposición non de lei aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia neste mesmo sentido. En segundo lugar, este mesmo ano, o 26 de febreiro: o Pleno do Parlamento de Galicia aproba por unanimidade unha proposición non de lei instando a que non se bloquee a transferencia da AP-9 a Galicia e instando a realización deste estudo.

Desta situación non parece ser moi consciente o PSdeG tendo en conta que os seus dirixentes -mesmo no recente congreso político autonómico- prometen chegar á liberación das peaxes, promesa que tamén formularon en campaña electoral e que se converteu nun incumprimento máis que manifesto.





De calquera xeito, para Galicia é prioritario poder considerar os custos que xa soporta hoxe o Estado para financiar as actuais bonificacións e as peaxes na sombra, pero tamén os que quedan ata o fin da concesión.

Ante a pasividade do Goberno de España, a Xunta de Galicia si foi capaz de mover ficha e facilitou o estudo destes temas, cos datos dispoñibles, e encargou en xuño de 2024, unha análise sobre o custe pormenorizado do que podería supoñer o rescate e outros escenarios da transferencia e da propia gratuidade.

Ese estudo púxose en setembro de 2024 ao dispor do ministerio, e cifraba un valor desde 526 millóns de euros no escenario simplemente de transferencia máis as bonificacións, e que podía chegar ata os 2.355 millóns de euros no suposto máis gravoso.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar diante do Goberno de España a necesidade de elaborar o presentar un estudo sobre o custo estimado do rescate da AP9, a gratuidade dos seus peaxes e as distintas vías xurídicas para anular a prórrogas da súa concesión”

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 11:03:26

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 11:03:49

María Deza Martínez na data 20/03/2025 11:04:06

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 11:04:18

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 11:04:30



Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 11:04:46

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 11:05:06

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 11:05:27

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 11:05:42

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 11:06:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Ángel Rodríguez Conde, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O 13 de xuño de 2017 acadouse un acordo, por unanimidade, na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos do Parlamento de Galicia, no que se demanda ao Goberno de España aprobar “o proxecto e execución das obras de humanización da estrada N-550 ao seu paso polo lugar da Ponte, en Padrón”, isto é o acceso ao municipio desde a localidade de Pontecesures (Pontevedra).

Con posterioridade, o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado presentado polo Goberno Rajoy no ano 2018, contemplaba unha partida económica plurianual para a mellora N-550 o seu paso polo municipio de Padrón, para o que consignaba un montante de 4,5 millóns de euros. Sen embargo, tras a moción de censura e o cambio do Goberno, a dotación nunca chegou a materializarse, e dende fai 7 anos fica sen executarse, xa que o Goberno Sánchez non a incluíu nos seus orzamentos. Cómpre non esquecer que este plan tiña como fin da obra o ano 2020 e, a pesares disto seguimos á espera hoxe, cando teñen transcorrido 25 anos do inicio do expediente para expropiar os terreos necesarios para materializar este proxecto.

Mentres tanto, esta estrada nacional, que é fundamental para a comunicación dos cidadáns, atópase en condicións malas e de inseguridade, con evidentes signos de deterioro, tales como fochancas, sinalización deficiente producida polo desgaste da pintura, pero sobre todo con graves carencias de accesibilidade e seguridade peonil (ata o punto de que vehículos e peóns comparten espazo, ao carecer de zonas propias como beirarrúas) e tamén, insuficiente iluminación nalgúns tramos que derivan nun incremento do risco de accidentes na vía.

Ata tal punto é evidente esta situación que o seu arranxo constitúe unha demanda compartida por todos os grupos municipais de Padrón, da que o Grupo Parlamentario Popular de Galicia queremos facernos eco. Resulta, en consecuencia imprescindible que se adopten las medidas que garantan a seguridade, a mellora e a humanización da estrada N-550, en particular, no tramo correspondente á Ponte, en Padrón.



Cómpre sinalar finalmente, que o proxecto de humanización desta travesía, deseñado polo Goberno do Partido Popular contaba con todos os informes sectoriais necesarios para a súa execución e, a pesar diso, permanece paralizado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para:

- 1.- Executar con carácter de urxencia as obras de humanización do tramo da estrada N-550 ao seu paso pola Ponte, en Padrón, segundo proxecto aprobado no seu día e non materializado.
- 2.- Actualizar o proxecto, de ser o caso, incorporando todas as obras necesarias para a mellora da seguridade viaria e peonil, renovación da sinalización e mellora da iluminación deste treito”.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 10:52:31

Ángel Rodríguez Conde na data 20/03/2025 10:52:48

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 10:52:58

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 10:53:13

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 10:53:25

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 10:53:37

María Deza Martínez na data 20/03/2025 10:53:52

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 10:54:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 **@gppgalicia** **@GrupoPopularGal**



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 11:54:49
Nº Rexistro: 22081
Data envío: 20/03/2025 11:54:49.585

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 10:54:20

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 10:54:35

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 10:54:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Victor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia marcou o paso a nivel nacional na atención ás persoas diagnosticadas con Esclerose Lateral Amiotrófica, doenza máis coñecida polas súas siglas ELA.

Deste xeito, no ano 2018 Galicia foi pioneira neste ámbito ao crear o Proceso asistencial integrado de Esclerose Lateral Amiotrófica. Ao abeiro deste procedemento de actuación buscou axilizar a atención das persoas con esta enfermidade. Así, establecéronse dúas vías: unha a nivel sanitario, para axilizar o diagnóstico e outra a nivel social coa implementación dunha vía preferente para a valoración da situación de dependencia das persoas con ELA e así poidan acceder a un servizo no menor tempo posible.

E no ano 2023, o Goberno galego volve demostrar o seu apoio a estas persoas e ás súas familias coa creación dunha nova axuda directa, útil e moi importante para achegarles un maior apoio. Así, Galicia converteuse na primeira Comunidade en poñer en marcha esta liña de axudas que foi imitada inmediatamente por outras comunidades autónomas.



Trátase dun apoio universal de 12.000 euros ao ano para facer fronte á compra de produtos básicos para o coidado, produtos sanitarios como muletas ou cadeiras de rodas ou para adaptar os seus fogares.

O Goberno galego explicou en moitas ocasións sobre a importancia desta axuda, xa que unha persoa diagnosticada con ELA pasa nun período de tempo moi curto de ser plenamente autónoma a converterse en gran dependente, con todo o que isto significa.

A Xunta destina a estas axudas un orzamento de máis de 3 millóns de euros. E faino en solitario.

E dicimos que o fai en solitario porque cinco meses despois da entrada en vigor da lei ELA a nivel estatal, e despois de pasar dous anos e medio bloqueada no Congreso, a normativa segue sen financiamento. Como consecuencia, os enfermos seguen sen contar coas axudas urxentes prometidas nesta lexislación estatal.

O Goberno galego xa advertiu en repetidas ocasións que a Lei ELA sen financiamento por parte do Goberno central se queda nunha simple declaración de intencións que en nada mellora a situación das persoas que padecen esta doenza e dos seus familiares.

A obriga das Administracións públicas é atender ás necesidades que se lle presentan aos cidadáns e demostrar a súa sensibilidade ante situacións tan difíciles como as que atravesan os pacientes con ELA. E iso é que fai o Goberno galego. Lamentablemente non podemos dicir o mesmo do Goberno central.

Por este motivo, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a que dote de fondos económicos a Lei ELA para que sexa realmente efectiva e cumpra cos obxectivos para os que foi aprobada”.



Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 10:59:51

Raquel Arias Rodríguez na data 20/03/2025 11:00:09

Noelia Pérez López na data 20/03/2025 11:00:22

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/03/2025 11:00:37

Víctor Baladrón Lamas na data 20/03/2025 11:00:47

Nicole Grueira Fernández na data 20/03/2025 11:00:59

Dolores Hermelo Piñeiro na data 20/03/2025 11:01:13

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 11:01:29

Ethel Vázquez Mourelle na data 20/03/2025 11:01:43

Maria Magdalena Perez Millares na data 20/03/2025 11:01:55



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nicole Grueira Fernández, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Un dos proxectos de infraestrutura viaria máis demandados e de máis claro interese estratéxico para a comarca de A Mariña lucense é a coñecida como Autovía A-74 (Autovía da Mariña) que unirá as localidades de San Ciprián, no termo municipal de Cervo e Barreiros, e que servirá a súa vez de unión coa vía de alta capacidade Costa Norte e coa autovía A-8.

A pesar de que o actual Executivo estatal di que non abandonou este proxecto, a realidade demostra que nos seis anos de goberno de Pedro Sánchez non só non se construíu nin un só quilómetro desta autovía, nin se avanzou significativamente nos seus trámites administrativos previos, senón que incluso nin se executaron as inversións comprometidas nos orzamentos xerais do Estado.

De feito, o último trámite coñecido foi desacougante, xa que se someteu a información pública o proxecto de trazado do subtreito Barreiros – O Carme no mes de febreiro deste ano. Cando xa en decembro de 2018 fora sometido a información pública o treito Barreiros – Foz. É dicir, un retroceso de máis de 6 anos na tramitación, e encima para acoutalo a un subtreito que non tería funcionalidade para a mobilidade da Mariña. Enténdese que se teña que someter a información pública o axuste do proxecto para reducir afección, pero ¿por que non todo o treito? ¿Que vai pasar có subtreito xa sometido a información pública en 2018?

É evidente que o Goberno de coalición en España non ten vontade de axilizar unha autovía que serviría como itinerario alternativo á actual nacional 642.



Recordemos que esta estrada convencional presenta moitas ineficiencias, polo mal estado do seu pavimento, porque cruza moitos núcleos urbanos ralentizando o seu recorrido e porque soporta un importante número de vehículos particulares, pesados e comerciais, ou a aqueles que teñen por orixe e destino portos como o de Burela, o hospital comarcal ou a principal empresa da provincia: a factoría de alúmina e aluminio.

Estamos falando dunha autovía que permitirá vertebrar os municipios costeiros da A Mariña ao enlazar a A-8 con San Cibrao e co treito de VAC Costa Norte que si construíu e puxo en servizo a Xunta de Galicia. E, por tanto, fará posible que os veciños e visitantes desta zona accedan a unha vía de comunicación con unhas características modernas e propias do século XXI, ademais de mellorar os índices de accesibilidade, capacidade e seguridade viaria, permite que demandemos un esforzo adicional ao Goberno de España para que desbloquee a situación actual.

Tendo isto en conta, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para avanzar na execución da Autovía da Mariña (A-74), impulsando os trámites administrativos previos necesarios e as partidas orzamentarias suficientes para iniciar as obras durante o ano 2025 e establecendo unha planificación clara para todos os treitos, por ser unha vía de comunicación estratéxica e prioritaria para esta comarca e que permitiría mellorar os índices de accesibilidade, capacidade e seguridade viaria, e potenciar a economía da provincia de Lugo e de Galicia.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 11:16:35

Nicole Grueira Fernández na data 20/03/2025 11:16:52

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 11:17:02

María Deza Martínez na data 20/03/2025 11:17:16

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 11:17:29

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 11:17:42

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 11:17:59



Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 11:18:13

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 11:18:27

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 11:18:42

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 11:18:57



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A cidade de Vigo precisa dun desenvolvemento urbano eficiente que atenda ás súas necesidades en materia de mobilidade, infraestruturas e ordenación territorial. Para iso, a coordinación entre as diferentes administracións é esencial, especialmente en proxectos estratéxicos como a ampliación do túnel de Beiramar, ou a continuidade das obras do túnel da Porta do Sol.

A Xunta de Galicia, coa súa aposta polo desenvolvemento da cidade, ten previsto investir 7 millóns de euros na prolongación do túnel da Porta do Sol, colaborar tamén economicamente con concello e Autoridade Portuaria de Vigo en Beiramar.

Para avanzar nestes proxectos, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda convocou unha reunión da comisión mixta Xunta-Concello para o 6 de marzo de 2025, co obxectivo de establecer un calendario de actuacións.

Sorprendentemente, o goberno municipal de Vigo decidiu cancelar esta reunión só un día antes da súa celebración, alterando a orde do día e bloqueando así o avance dos



proxectos. Este feito foi lamentado pola conselleira de Infraestruturas, María Martínez Allegue, quen reiterou que a Xunta mantén a súa man tendida para colaborar e que non será cómplice dunha estratexia de confrontación política por parte do Concello.

A actitude do goberno local prexudica directamente aos vigueses, xa que frea proxectos esenciais para mellorar a mobilidade e a seguridade viaria da cidade. É fundamental que todas as administracións traballen conxuntamente para garantir que Vigo conte coas infraestruturas necesarias para o seu crecemento e benestar cidadán.

Por todo isto, consideramos que o Concello de Vigo debe abandonar a súa estratexia de bloqueo e participar activamente nas reunións de infraestruturas, asumindo a súa responsabilidade institucional.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Solicitar formalmente ao Concello de Vigo a súa participación activa e comprometida nas reunións de coordinación de infraestruturas, especialmente aquelas relacionadas co túnel de Beiramar e a prolongación do túnel da Porta do Sol.
- 2.- Requirir ao Concello de Vigo que retome a reunión cancelada e que estableza, xunto coa Xunta de Galicia e a Autoridade Portuaria, un cronograma claro de actuacións para a execución dos proxectos.



- 3.- Demandar ao goberno municipal que abandone as súas estratexias de bloqueo e confrontación política, permitindo o avance das infraestruturas esenciais para a cidade.
- 4.- Solicitar ao Concello de Vigo que se informe periodicamente á cidadanía sobre os avances destes proxectos, garantindo a transparencia e a participación social no seu desenvolvemento”.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 11:30:35

Patricia García González na data 20/03/2025 11:30:55

Julio García Comesaña na data 20/03/2025 11:31:11

Miguel Fidalgo Iglesias na data 20/03/2025 11:31:24

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 11:31:37

María Deza Martínez na data 20/03/2025 11:31:48

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 11:32:01

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 11:32:14

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 11:32:29

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 11:32:43

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 11:32:57

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 11:33:11

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 11:33:26





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Katy Varela Fernández, Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Nicole Grueira Fernández, Enrique Barreiro López, José Manuel Mato Díaz, Cristina Sanz Arias, Encarna Amigo Díaz, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no 160 e concordantes dos Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de Motivos:

O Corredor Atlántico é un dos nove corredores da rede única europea, estratéxica para o desenvolvemento loxístico e a conexión de nós urbanos. Esta infraestrutura multimodal de servizo de viaxeiros e mercancías é unha das dúas da península ibérica xunto ao Corredor Mediterráneo.

O pasado 29 de xaneiro, o secretario de Estado de Transportes y Movilidad Sostenible e o Comisionado do Goberno para o Corredor Atlántico de Infraestruturas presentaban en Bergondo o Plan Director para Galicia da que se desprende que a provincia de Lugo desaparece do mapa do Corredor Atlántico para o horizonte 2030.

Lugo é a única provincia do entorno que queda fóra de todo. De feito, o Goberno de España non considera as vías e liñas que comunican Lugo coas provincias do entorno rede básica nin prioritaria e, polo tanto, non contempla ningunha actuación no horizonte do 2030.

Lugo queda fóra da alta velocidade. O trazado actual da liña Ourense - Lugo non permite alcanzar os 160 km/h de media establecidos para os trens de viaxeiros, senón que esa é a velocidade máxima punta en escasos tramos da rede na provincia e o Goberno de España non contempla a execución das variantes de Os Peares-Canabal nin Rubián, imprescindibles para reducir os tempos de viaxe.

O Plan Director do Corredor Atlántico inclúe a liña entre Monforte – Ferrol / A Coruña na rede global para a que non está previsto melloras ata o horizonte do 2050 e, de cara ao 2030, só contempla a supresión de pasos a nivel. O Goberno de España tampouco contempla a conexión directa con Santiago de Compostela no horizonte 2030 e tampouco prevé actuacións na liña do FEVE na Mariña, que nin sequera aparece no mapa. A esta situación hai que engadir a perda de servizos e conexións nos trens de viaxeiros e que as terminais de mercancías de Monforte e Lugo non forman parte rede básica TEN-T, senón que para o Goberno de España son complementarias.





En materia de comunicacións por estrada, o Plan Director do Corredor Atlántico para Galicia non contempla investimentos para a A-56 que permitiría conectar Lugo con Ourense por autovía (un traxecto que os usuarios teñen que facer por unha estrada, a LU-540, en pésimo estado), a A-74 para a que recentemente saía a exposición pública o primeiro tramo por segunda vez en sete anos, pero para a que tampouco se contemplan prazos de execución nin fondos para a A-76 Ponferrada-Monforte-Ourense nin sequera foron referidas na presentación do Plan Director.

Ante a falta de impulso das novas autovías e a inexistencia dun programa de mantemento das estradas xa existentes é necesario que de inmediato se dea un trato xusto no que respecta ás vías de comunicación que transcorren pola nosa provincia. O seu abandono (nalgúns casos son reiteradas as queixas tanto de usuarios coma dos representantes do Partido Popular) xunto á falta de avances no resto de infraestruturas viarias e ferroviarias supón o illamento e desconexión da provincia de Lugo e supón un prexuízo para o desenvolvemento do territorio e a competitividade das empresas. Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario do Partido Popular presenta a seguinte proposición non de lei para a súa aprobación en Pleno ou Comisión

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia demandar ao Goberno de España a presentación dun novo Plan Director do Corredor Atlántico que evite o illamento da provincia de Lugo en materia de infraestruturas e que inclúa compromisos concretos, cifras detalladas e prazos definidos para a execución de obras de mellora das infraestruturas viarias e ferroviarias de titularidade estatal incluíndo ademais a conexión real por Alta velocidade de cara a garantir as comunicacións, a competitividade e o desenvolvemento dos concellos da provincia de Lugo en igualdade de condicións a outros territorios”.

Santiago de Compostela, 20 de marzo 2025.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 12:36:12

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 12:36:32

Raquel Arias Rodríguez na data 20/03/2025 12:36:41

José Mato Díaz na data 20/03/2025 12:36:51

Enrique Barreiro Sánchez na data 20/03/2025 12:37:08

Cristina Sanz Arias na data 20/03/2025 12:37:21

Elena Candia López na data 20/03/2025 12:37:36

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/03/2025 12:38:00

Nicole Grueira Fernández na data 20/03/2025 12:38:07

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 12:38:19

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 12:38:37

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 12:38:59

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 12:39:21

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 12:39:31

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 12:39:39

María Deza Martínez na data 20/03/2025 12:39:49

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 12:40:08





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Katherinie Varela Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Nicole Grueira Fernández, Enrique Barreiro López, José Manuel Mato Díaz, Cristina Sanz Arias, Elena Candia López, Encarna Amigo Díaz, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no 160 e concordantes dos Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno**.

Exposición de Motivos:

O estado das infraestruturas titularidade do Estado Central é un claro reflexo do constante desagravio que sofre a nosa Comunidade Autónoma por parte do goberno central liderado por Pedro Sánchez.

Das distintas estradas que se atopan en mal estado, destaca a Nacional 540 que une dúas capitais de provincia, como son Lugo e Ourense.

Precisamente tamén son máis que evidentes os atrasos na finalización da construción da Autovía A-56, fundamental para enlazar estas dúas cidades, pero que dado que non parece que vaia a producirse a curto prazo, a Nacional 540 segue sendo a vía de referencia para realizar os percorridos entre ambas cidades.

É non so para unir ambas cidades, esta estrada comunica vilas importantes do centro e sur da Provincia de Lugo, como Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada ou Carballedo.

A estrada ten un tráfico importantísimo, de turismos e camiións de transporte, que están a sufrir o seu mal estado e abandono. Son innumerables as fochancas que se atopan en todo o trazado, ocasionando incluso danos en vehículos e incidentes na condución que se intensifican co mal tempo.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de Lei:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





“O Parlamento de Galicia insta a o Goberno Central a levar a cabo de maneira inmediata labores de rehabilitación integral do firme da Estrada Nacional 540 Lugo – Ourense”

Santiago de Compostela, 20 de marzo 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 13:02:46

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 13:03:16

Raquel Arias Rodríguez na data 20/03/2025 13:03:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/03/2025 13:03:38

Nicole Grueira Fernández na data 20/03/2025 13:03:47

Enrique Barreiro Sánchez na data 20/03/2025 13:03:57

José Mato Díaz na data 20/03/2025 13:04:11

Cristina Sanz Arias na data 20/03/2025 13:04:23

Elena Candia López na data 20/03/2025 13:05:47

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 13:05:59

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 13:06:13

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 13:06:24

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 13:06:35

María Deza Martínez na data 20/03/2025 13:06:47

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 13:07:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 13:07:14

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 13:07:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia é un referente en múltiples sectores industriais, nomeadamente o sector téxtil, a automoción, o metalúrxico, o naval ou a industria conserveira, industrias con clara vocación exportadora: en 2023, a economía galega exportou bens por valor de máis de 30.000 millóns de euros, case o 8 % das exportacións españolas.

Con todo, malia a potencia do sector industrial propio, este padece a anomia dunha Xunta de Galicia que renega das súas competencias exclusivas en materia de política industrial.

A automoción en Galicia representa un dos sectores tractores fundamentais para a economía galega, conta con máis de 200 empresas e 25.000 persoas que dependen directamente do sector. Desde a súa orixe, este sector foi un motor de desenvolvemento económico e tecnolóxico na Comunidade, que xera un impacto significativo no emprego e na competitividade da industria.

O presidente autonómico, anunciou a aprobación por parte do Consello da Xunta do Plan director da automoción para o período 2025-2027 para impulsar un sector que está a vivir a súa propia revolución industrial coa chegada do vehículo eléctrico, na que se debería cumprir coa máxima que as axudas públicas á industria cheguen a toda a cadea de valor galega directa ou





indirectamente, e sobre todo as pequenas e Pemes auxiliares da automoción, para reforzar a cooperación co sector no seu tránsito cara á modernización e á sustentabilidade, e reafirmar o seu compromiso cunha industria clave para a economía galega.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Se elabore un informe para remitir á Cámara galega no que se especifique a orixe e porcentaxe dos fondos propios ou do cofinanciamento de fondos europeos no Plan Director da automoción para o período 2025-2027.
2. Se remita un informe semestral á Cámara galega no que se informe do grado de execución e cumprimento de fitos das medidas incluídas no Plan director da automoción.
3. No Plan director da automoción para o período 2025-2027 se prioricen as medidas de apoio, así como as axudas públicas ás Pemes da industria auxiliar da automoción galega para garantir a carga de traballo, e facilitar seu tránsito cara o vehículo eléctrico, a modernización e a sustentabilidade.

Santiago de Compostela, a 20 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 20/03/2025 16:41:49





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 16:45:01
Nº Rexistro: 22104
Data envío: 20/03/2025 16:45:01.737

Elena Espinosa Mangana na data 20/03/2025 16:42:00

Lara Méndez López na data 20/03/2025 16:42:09

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/03/2025 16:42:19

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75115

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Mercedes Queixas Zas e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de febreiro tivo lugar un dramático incidente nas urxencias do CHUAC que puxo en evidencia a falta de medios na que se atopa a sanidade pública galega ao producirse unha agresión con arma branca a persoal sanitario por parte dun paciente nun contexto dunha alteración do seu estado psíquico. Un mes máis tarde, no mesmo centro, produciuse outra agresión nunha planta de hospitalización por parte tamén dun paciente nunha situación de alteración do nivel de conciencia.

Estes incidentes poñen de relevo sobre todo a falta de medios para atender a pacientes psiquiátricas, tanto polos cadros de persoal exiguos, que non son suficientes para as necesidades asistenciais existentes na actualidade, como pola falta de espazos, protocolos e directrices para garantir unha atención digna, segura e de calidade. Algo que tamén está a sinalar o comité de centro do CHUAC ou organizacións coma SOS Sanidade Pública, que denuncian a falta de actuación da Xerencia e a dirección do Sergas neste sentido a pesar de seren coñecedores da situación, pois xa fora advertida previamente polo persoal.

A falta de medios para atender a persoas con alteracións psiquiátricas, ben debidas á propia patoloxía psiquiátrica coma a outras múltiples causas, é sobradamente coñecida, tanto pola sociedade galega, profesionais e pacientes, coma tamén pola propia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administración, polo que resalta aínda máis a inacción para mellorar esa situación. Todo o contrario, estamos a ver como desde o goberno galego e desde as filas do Partido Popular se opta por un discurso criminalizador e pola demanda de medidas coercitivas e represivas, en lugar doutras claramente terapéuticas e que poidan lograr unha desescalada non violenta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Diseñar e implantar antes do remate do actual período de sesións un protocolo de atención a pacientes con alteracións psiquiátricas que contemple a atención urxente coma a postcrítica. Este protocolo elaborárase de maneira consensuada con organizacións sindicais, científicas e de pacientes, así coma con organizacións coma o MGSM, e recollerá tamén as necesidades de dotación de espazos e recursos para garantir unha atención segura e de calidade.

2º.- Elaborar un informe no que se analicen a cantidade de pacientes con alteracións da esfera psiquiátrica que son atendidas diariamente nos servizos de urxencias dos hospitais públicos galegos, os recursos humanos dispoñíbeis para a asistencia destas pacientes, así como os espazos físicos axeitados para a mesma. Este informe deberá ser enviado tamén ao Parlamento.

3º.- Remitir ao Parlamento no prazo dun mes os datos, debidamente anonimizados, sobre as contencións mecánicas realizadas en centros dependentes da Xunta de Galiza ou que contén con financiamento público, estratificándoos temporalmente e segundo os centros, unidades e servizos nos que tiveron lugar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4º.- Deseñar, de man do MGSM e contando, cando menos, coa participación de sindicatos, asociacións de pacientes e sociedades científicas, e implantar o Plan Galego de Erradicación das contencións mecánicas co fin de acadar o obxectivo da contención cero.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Mercedes Queixas Zas

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 20/03/2025 16:46:52

Mercedes Queixas Zas na data 20/03/2025 16:51:46

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2025 16:52:19

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2025 16:52:33





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU) do ano 2023 establece o réxime de profesorado e de categorías diferentes as existentes ata este momento nas Universidades pública no referido as figuras de profesorado contratado laboral.

A LOSU, no seu artigo 64.1, establece que o persoal docente e investigador das universidades estará composto polo profesorado dos corpos docentes universitarios e polo profesorado laboral.

O profesorado de corpos funcionariais docentes e investigadores corresponde as dúas categorías de Catedrático de Universidade e Profesor Titular de Universidade. A LOSU establece a incompatibilidade deste persoal funcionario en servizo activo nunha universidade pública con ser profesorado de universidades privadas ou centros privados adscritos a universidades públicas. A súa regulación, categorías e condicións laborais e retributivas corresponde a regulación estatal.

As universidades públicas poderán incorporar profesorado laboral, definido nos artigos 77-87 da LOSU, en distintas categorías: profesorado contratado laboral permanente, profesorado axudante Dr. profesorado asociado, profesorado substituto, profesorado emérito, profesorado visitante e profesorado distinguido.





Coa excepción do profesorado contratado permanente e o profesorado asociado, estas figuras son ou poden ser de contratación temporal.

O profesorado con contrato laboral temporal no porá superar o 8 por cento en efectivos do cadro de persoal docente e investigador total. Non se computarán a tal efecto o profesorado asociado de Ciencias da Saúde e o profesorado axudante doutor.

Ademais destas figuras de persoal docente e investigador laboral, as universidades poderán contratar, coa financiamento interna da universidade ou con financiamento externa, persoal investigador en las modalidades de contrato predoutoral, contrato de acceso de persoal investigador doutor, contrato de investigador/a distinguido/a y contrato de actividades científico-técnicas.

O réxime xurídico aplicable a estas modalidades de contratación laboral será no marco e figuras que se establece na LOSU e nas súas normas de desenvolvemento, pero a súa regulación en materias expresamente remitidas por esta lei así como outras no ámbito das súas competencias corresponde a ás comunidades autónomas fixar a regulación, categorías e condicións laborais e retributivas, estando as mesmas sometidas a negociación colectiva na súa aplicación.

O pasado 12 de febreiro constituíuse a Comisión Negociadora do III Convenio do PDI do SUG, coa sinatura das tres universidades públicas e a catro organización sindicais presento no sector do Persoal Docente e Investigador, iniciando así un proceso fundamental para a mellora das condicións laborais do profesorado contratado a vista da nova Lei de universidades (LOSU), a Lei da ciencia e da reforma laboral, que tamén afectan a estas novas figuras e as súa condicións laborais.





Por exemplo, a LOSU abre de forma clara a existencia na figura de persoal laboral permanente a posibilidade de definir dúas categorías, de forma similar as figuras funcionais, e que en Galicia non poden aplicarse xa que a regulación galega da figura de contratado doutor, as que se asimila esta nova figura, non o contempla polo que non se podería incluír no III Convenio Colectivo do SUG.

É por tanto urxente que a Xunta de Galicia exerza as súas competencias e elabore a regulación das distintas figuras de persoal laborais para que podan ser implementadas e contratadas nas universidades públicas previa negociación colectiva das súas condicións laborais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Urxir a que, en exercicio das súas competencias, elabore a regulación, categorías e condicións laborais e retributivas das distintas figuras de persoal laboral definidas na LOSU e na Lei da ciencia e a tecnoloxía, en colaboración coas universidades públicas do SUG e os representantes dos PDI, para que podan ser implantadas nas universidades públicas previa negociación colectiva no Convenio Colectivo do SUG.
2. Solicitar a creación de dúas categorías de profesorado contratado laboral permanente, establecendo as súas categorías e procedementos de promoción entre ambas e entre as figuras anteriores a LOSU.

Santiago de Compostela, a 20 de marzo do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 17:20:43
Nº Rexistro: 22121
Data envío: 20/03/2025 17:20:43,979

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 20/03/2025 17:17:53

Silvia Longueira Castro na data 20/03/2025 17:18:03

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/03/2025 17:18:18

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75122

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a redución de nutricionistas nos centros de saúde de Negreira e Santa Comba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A figura das nutricionistas na Atención Primaria é chave para avanzar na creación de equipas multidisciplinares e mellorar a asistencia sanitaria que recibe a poboación. De feito, constatouse desde a súa introdución nos centros de saúde que son profesionais enormemente valoradas polas pacientes, mais tamén polas demais traballadoras sanitarias. A esta satisfacción, cómpre engadir a mellora dos datos de saúde da poboación, pois a súa actividade céntrase maioritariamente na prevención, ben primaria, ben secundaria, de patoloxías que poden ser graves e crónicas.

Por iso resulta rechamante a decisión do goberno galego de reducir o número de nutricionistas en Atención Primaria, pasando de ter case un cento de profesionais en todo Galiza, un número que xa era insuficiente, a quedar só 45 para atender a toda a poboación galega. No caso da comarca do Xallas e A Barcala, os centros de Santa Comba e Negreira deixan de contar con servizo de nutrición e as pacientes de Santa Comba e Mazaricos son redirixidas a Muros, mentres que as de Negreira e A Baña teñen o seu centro de referencia nas Fontiñas, en Compostela.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É obvio sinalar que a redución de profesionais suporá unha maior sobrecarga para poder continuar atendendo á poboación nos termos nos que se viña realizando, mais tamén cómpre atender as barreiras que isto implica. A decisión de centralizar e afastar este servizo pode supor que pacientes destes catro concellos teñan máis dificultades para poderen acceder ao mesmo, limitando a súa posibilidade de contar con profesionais especialistas para mellorar os seus hábitos dietéticos e atender á patoloxía específica, e xerando, en definitiva, inequidades en saúde que non deberan producirse nunca desde un sistema público.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a repor a praza de nutricionista que viña existindo nos centros de saúde de Santa Comba e Negrreira, así como a garantir a creación de novas prazas para garantir a calidade asistencial da poboación.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2025 17:17:28

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2025 17:17:31

Iria Carreira Pazos na data 20/03/2025 17:17:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a valoración por parte do goberno galego dos resultados do spa e centro de viñoterapia que financiou e impulsou no Mosteiro de San Clodio en Leiro (Ourense).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nove meses despois de que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista preguntara en Comisión parlamentaria sobre a situación de parálise do spa e centro de viñoterapia no Mosteiro de San Clodio en Leiro (Ourense) a situación continúa practicamente da mesma maneira sen que a Xunta de Galiza actúe con celeridade e contundencia.

Cómpre recordar que or resolución do 18 de xuño de 2013, a Axencia de Turismo de Galiza facía pública a formalización do contrato de servizos de redacción do proxecto básico e de execución de rehabilitación e acondicionamento para spa e centro de viñoterapia da nave lateral do citado mosteiro.

Posteriormente licitábanse as obras de rehabilitación e acondicionamento por valor de 1.203.669,17 euros e acababa por formalizarse contrato en decembro con Copasa por 994.767,91€. Máis adiante, en marzo de 2018 publicábase no Diario Oficial de Galiza a licitación para a súa xestión e, meses despois, en xullo de 2018, publicábase a resolución do 3 de xullo pola que se anuncia a formalización do contrato relativo á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestión de servizo público, en réxime de concesión, para a explotación de forma integral do spa viñoterapia anexo ao mosteiro de Leiro cun valor estimado do contrato: 1.873.452,00€ sendo adxudicataria a empresa Hotel San Clodio, S.L..

Malia as desculpas referentes á mellora dos servizos e reparación de avarías, este recurso no que se investiron importantes recursos públicos non está a dar os resultados agardados e presuntamente o prazo de concesión era até finais de 2024.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir un informe respecto das actuacións deseñadas ante a finalización da concesión no que se inclúa unha valoración dos servizos prestados desde a súa apertura e unha aproximación ás posibilidades de xestión pública e directa.

2. Non favorecer ningún tipo de prórroga coa primeira concesionaria desta infraestrutura e abrir un novo proceso de concorrência competitiva para buscar unha saída á falta de funcionamento deste recurso.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2025 18:06:43

Daniel Pérez López na data 20/03/2025 18:10:44

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2025 18:10:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente modificación da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, levouse a cabo a través do RD Lei 2/2025, do 18 de marzo, polo que se aproban medidas de urxencia para a garantía do interese superior da infancia e a adolescencia ante a situación de continxencias migratorias.

A realidade é que a chegada de menores estranxeiros non acompañados en situación de desamparo e expostos a un grave risco de exclusión social ás fronteiras do Estado español medrou nos derradeiros oito anos nun 221%. Son menores maioritariamente asociados a países coma Marrocos ou Alxeria, aínda que tamén con presenza importante de menores procedentes de Oriente Medio, África Subsahariana ou Europa do Este. A súa chegada escapando da fame, dos conflitos bélicos, persecución, violencia e da vulneración dos dereitos humanos, é maioritariamente absorbida polo arquipélago Canario, que na actualidade vive unha situación de especial dificultade ao non ter capacidade para garantir a súa atención, ao superar o 35% do total dos menores non acompañados que chegaron ao Estado español, con 5800 menores nesta situación dramática.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A través da recente modificación legislativa creouse un sistema de reparto obrigatorio entre as comunidades autónomas do Estado que afecta a aproximadamente 4400 nenos, nenas e adolescentes que se atopan na actualidade en Ceuta e nas Illas Canarias. Nese reparto, vimos de coñecer que a Galiza correspóndelle a acollida de 326 menores estranxeiros non acompañados, para os que segundo a Consellería de Política Social non hai espazo, ao asegurar que temos unha capacidade na rede de acollemento que xa está sobrepasada, chegando ao 104%.

En Galiza contamos con 832 prazas repartidas en 80 centros de acollemento de diferentes características, mais descoñécese o número de nenos, nenas e adolescentes inmigrantes non acompañados hai acollidos nestas institucións, co único dato que se manexa de que no 2021, 2022, 2023 e 2024 chegaron a Galiza nestas circunstancias algo máis de 120 menores.

Este novo proceso de acollemento non chega por sorpresa en Galiza en tanto que xa que dende o ano pasado a modificación da Lei estivo de actualidade, iso si cos votos do Partido Popular sempre en contra e con discursos e declaracións de membros do PP pouco acertadas que demostran que os menores non foron nunca o centro das súas preocupacións, porque no caso de o ser estarían preparados meses despois para recibilos da mellor maneira posible en base aos principios de solidariedade e humanidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Posicionarse de xeito solidario e responsable e garantir o acollemento dos menores estranxeiros non acompañados no noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Abandonar o posicionamento partidista adoptado en relación ao acollemento dos menores estranxeiros non acompañados.

3. Aportar os recursos necesarios e solicitar os recursos pertinentes ao goberno do Estado, dotando de medios a rede de protección galega para garantir a atención destes nenos, nenas e adolescentes.

4. Reformar a Lei de Inclusión Social de 2013 no prazo dun ano dende a data deste rexistro.

5. Desenvolver un plan de fomento do acollemento familiar no caso dos menores estranxeiros non acompañados.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2025 18:07:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ariadna Fernández González na data 20/03/2025 18:07:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos, Ariadna Fernández González e Iago Suárez Fernández**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa á situación de alarma permanente na que se encontra a sanidade pública de Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada pola situación na que se atopa a sanidade pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está en situación de alerta permanente, o seu deterioro non cesa, consecuencia das políticas de acoso do Partido Popular na Xunta de Galiza.

Alerta polas consecuencias negativas ao longo de toda a cadea asistencial. Listas de espera tanto en atención primaria como hospitalaria, sobrecarga de profesionais, diagnósticos tardíos, de xeito que as enfermidades que puideron ser detectadas precozmente progresan sen control, reducindo as opcións de tratamento eficaces. Isto xera ansiedade, incerteza e carga emocional





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

insoportábel nas persoas doentes. Cada atraso en consultas, cada diagnóstico tardío é unha condena ao sufrimento.

A consecuencia directa e a cada vez máis baixa calidade asistencial, a pesares do esforzo dxs profesionais, que non teñen mans abondo para atender a demanda, e tamén a perda de confianza no sistema sanitario.

Todo isto non é unha consecuencia inevitable, senón o resultado da política sanitaria do Partido Popular que leva 16 anos primando o enriquecemento da sanidade privada sobre a calidade asistencial.

A Xunta ten que actuar con urxencia para evitar que máis doentes sufran as consecuencias do deterioro sanitario, a saúde e a vida de moitas persoas dependen diso.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha sen máis dilación medidas para converter a Atención Primaria no auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario, con profesionais suficientes, para que poidan dispor dos recursos, tempo, número de doentes... que permitan unha atención de calidade. Contemplando cando menos as seguintes:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Aumentar o orzamento destinado á Atención Primaria até chegar ao 25%, na actual lexislatura.

2.- Presentar de inmediato un informe que permita ter unha radiografía fidedigna da situación do cadro de persoal de Atención Primaria:

- Relación de centros de saúde con prazas estruturais sen cubrir.
- Número de xubilacións que se van a producir nos vindeiros cinco anos e previsión de cobertura.
- Número de galeg@s sen asignación de médic@ de familia e pediatra, desagregado por centro de saúde e concello.
- Número de profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitución...desagregado por categorías.
- Número medio de horas mensual que están a realizar @s profesionais.
- Número medio de doentes que están atendendo cada día.
- Porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías.

3.-Rematar coa política de precariedade e explotación nas condicións laborais, contratar pola causalidade do mesmo, reducir a rotación e mobilidade ao mínimo imprescindible...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4.- Poñer en marcha un Plan de retorno, captación e fidelización de profesionais, con ofertas atractivas e competitivas tanto no ámbito económico como das condicións laborais.

5.- Incorporación de categorías novas en número suficiente para formar auténticos equipos multidisciplinares: psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos, ópticos- optometristas...

6.- Tomar todas as medidas precisas para garantir que na formación universitaria a presenza da Atención Primaria sexa acorde á relevancia que este nivel asistencial representa na atención á poboación.”

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/03/2025 17:50:44

Olalla Rodil Fernández na data 24/03/2025 17:50:52

Ariadna Fernández González na data 24/03/2025 17:51:03

Iago Suárez Fernández na data 24/03/2025 17:51:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 24/03/2025 17:51:22



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Magdalena Pérez Millares, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Paula Mouzo Mas, Carmen Pomar Tojo, Paula Prado del Río, Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego** polo trámite de **urxencia**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola importancia que para Galicia ten o correcto funcionamento do sistema de acollida e a integración destas persoas.

Exposición de motivos

Logo dun pacto con Junts per Catalunya o Goberno central aprobou o 18 de marzo en Consello de Ministros un decreto lei que reforma o artigo 35 da lei de estranxeiría, que permite derivar de forma obrigatoria a menores migrantes non acompañados a outras comunidades autónomas, e establece os criterios de repartición. Este feito constitúe unha nova chantaxe dos independentistas a un Pedro Sánchez absolutamente refén a cambio de permanecer na Moncloa.

A lei de estranxeiría modifícase sen discusión previa na Conferencia Sectorial nin consulta ás Comunidades.

O ministro de Política Territorial y Memoria Democrática, Ángel Victor Torres, sinalou que o reparto farase con criterios “obxectivos e homoxéneos”, pero o certo é que os criterios establecidos no Real Decreto, tal como desvelou unha das partes asinantes do acordo, farían que do total de 4.000 migrantes menores que se deben distribuír, a Galicia asignaríanselle 326 menores fronte a 26 para Cataluña.

Unha vez máis Sánchez sométese á chantaxe dos independentistas.

Dende o Goberno galego insístese en que Galicia é unha terra solidaria, que sempre votou a favor dun acollemento ben planificado, porque se trata de persoas que requiren unha atención adecuada pero que o decreto é “absolutamente irrealizable”.



Que o decreto non ten en conta a situación real da rede de protección da infancia de Galicia, polo que máis ben parece que, primeiro se decidiu cantos menores se debían reasignar a cada Comunidade, e logo se fixaron os criterios. Sen planificación e sen recursos financeiros axeitados.

E que non se pode ceder á unha imposición a todas as Comunidades acordada con un prófugo da Xustiza, nunha materia tan sensible. Polo que, se é preciso, Galicia irá aos tribunais.

O sistema de acollida de menores non acompañados de Galicia é un dos máis integradores do Estado ao non separar a mozos que chegan á Comunidade pola súa procedencia. Con esta medida búscase a súa integración plena e evitar a formación de guetos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para que, en diálogo co conxunto das comunidades autónomas, acorde unha repartición de migrantes menores non acompañados dun xeito planificado e acompañada da financiación precisa.”

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 24/03/2025 18:20:11

Raquel Arias Rodríguez na data 24/03/2025 18:20:26

Noelia Pérez López na data 24/03/2025 18:21:13

Ethel Vázquez Mourelle na data 24/03/2025 18:21:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 24/03/2025 18:21:41

Víctor Baladrón Lamas na data 24/03/2025 18:21:49

Nicole Grueira Fernández na data 24/03/2025 18:21:59

Dolores Hermelo Piñeiro na data 24/03/2025 18:22:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2025 18:24:52
Nº Rexistro: 22252
Data envío: 24/03/2025 18:24:52.731

Argimiro Marnotes Fernández na data 24/03/2025 18:22:21

Maria Magdalena Perez Millares na data 24/03/2025 18:22:35

Julio García Comesaña na data 24/03/2025 18:22:42

Roberto Rodríguez Martínez na data 24/03/2025 18:22:54

Paula Mouzo Mas na data 24/03/2025 18:23:07

Carmen Pomar Tojo na data 24/03/2025 18:23:20

Paula Prado del Rio na data 24/03/2025 18:23:35

María Felisa Rodriguez Carrera na data 24/03/2025 18:23:50

Katherinie Varela Fernández na data 24/03/2025 18:23:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

O uso da rede ferroviaria para o transporte de mercadorías é extremadamente baixo polo deficiente servizo que ofrece a empresa pública estatal Renfe e a dificultade das operadoras privadas de ofrecer máis servizos en Galicia.

Tanto o Parlamento galego como o propio Goberno galego veñen reivindicando de forma reiterada e, ata o momento sen éxito, o impulso por parte do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible das autoestradas ferroviarias en Galicia.

Para reforzar esta reivindicación e facilitar o establecemento de novos servizos, estase a estudar a demanda ferroviaria de mercadorías das empresas galegas a través do convenio recentemente asinado entre a Xunta de Galicia e o Clúster da Función Loxística de Galicia.

É urxente que o Goberno de España faga unha planificación seria, detallada e cun cronograma claro de mellora desta infraestrutura que faga o ferrocarril de mercadorías competitivo e, sobre todo fiable.

Cómpre lembrar que Galicia por decisión do Goberno que presidente Pedro Sánchez, quedou fóra da rede de autopistas ferroviarias, máis en concreto, do Plan de ADIF Mercancías 30 no que se definía a estratexia para transportar en tres camiós completos ou os seus semiremolques para evitar as estradas e as emisións propias de longos percorridos.

A exclusión de Galicia comporta non só un prexuízo derivado da perda de oportunidades para as nosas empresas senón tamén a perda de financiamento na modernización de actualización da rede ferroviaria interna. Todas as autovías ferroviarias contan cun estudo para garantir que os trens poidan transportar camiós, coa análise dos gálibos e un diagnóstico das obras necesarias para solucionar posibles problemas de espazo en túneles e pasos elevados sobre as vías férreas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presentan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a incorporación da nosa Comunidade na rede de autopistas ferroviarias, definida na estratexia ADIF Mercancías 30, o que permitirá beneficiarse dos investimentos precisos para establecer novos servizos en interese das empresas galegas.

Asemade, demandará do Goberno central unha planificación seria, detallada e cun cronograma claro de mellora desta infraestrutura que faga o ferrocarril de mercadorías competitivo e, sobre todo fiable, e que como mínimo contemple a creación dunha rede de plataformas intermodais Mar-Ferrocarril-Estrada e desenvolver as capacidades das autoestradas ferroviarias no Corredor Atlántico”

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 10:32:34

Gonzalo Trenor López na data 14/03/2025 10:33:02

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/03/2025 10:33:13

Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 10:33:24

José Luis Ferro Iglesias na data 14/03/2025 10:33:45

Cristina Campero Dorado na data 14/03/2025 10:33:58

María Deza Martínez na data 14/03/2025 10:34:43

Dolores Hermelo Piñeiro na data 14/03/2025 10:35:05

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/03/2025 10:35:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 10:36:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, María Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Roberto Rodríguez Martínez** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Galicia precisa e merece un transporte ferroviario áxil e eficiente, á altura dos servizos que demanda a cidadanía e con investimentos de modernización da rede como mínimo equivalentes aos que o Goberno de España ofrece a outras comunidades.

Este obxectivo levounos a exercer presión, política e institucional, para a posta en marcha na nosa comunidade dos trens AVRIL, que permitisen ampliar (aínda que non completar) a extensión da alta velocidade.

As cidades de Lugo e Ferrol seguen privadas do AVE por decisión dos actuais dirixentes do Goberno de España e, no resto do territorio, os trens AVRIL véñse afectados por multitude de incidencias que foron continuas desde a súa posta en marcha.

Aos incumprimentos no que se refire a súa tardía chegada, hai que engadir agora que seguen pendentes cuestións tan básicas e importantes como son os compromisos en canto ás frecuencias e aforros de tempo que non son os agardados.

As persoas usuarias do servizo en Galicia son as máis prexudicadas polos problemas constantes e tamén son habituais as incidencias nos trens de media distancia e nos de alta velocidade de baixo custo AVLO.

As explicacións a todas estas incidencias deberan vir da empresa pública Renfe e do Ministerio de Transportes pero tampouco se materializa o diálogo prometido polo Goberno de España co autonómico.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España

1º-) Corrixir as incidencias periódicas que se producen na alta velocidade ferroviaria en Galicia, tanto na rede interior como na súa conexión con Madrid, incluído o cumprimento dos compromisos adquiridos en canto ás frecuencias e aforros de tempo que, a día de hoxe, non son os agardados.

2º-) Elaborar unha planificación seria, detallada e cun cronograma claro para a extensión da rede de alta velocidade ás cidades de Lugo e de Ferrol, incluídos os investimentos previstos para facelo posible”

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 10:50:59

Gonzalo Trenor López na data 14/03/2025 10:51:12

Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 10:51:30

María Deza Martínez na data 14/03/2025 10:51:43

Katherinie Varela Fernández na data 14/03/2025 10:51:58

Cristina Campero Dorado na data 14/03/2025 10:52:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Luis Ferro Iglesias na data 14/03/2025 10:52:16

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/03/2025 10:52:25

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/03/2025 10:52:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González, María Felisa Rodríguez Carrera, Cecilia Suárez Vázquez e Borja Vereja Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4ª; Educación e Cultura.**

Exposición de Motivos:

O pasado 19 de novembro de 2024, o Parlamento de Galicia aprobou -sen votos en contra- a Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia. Unha norma pioneira en Europa que busca conciliar o acceso á cultura coa realidade das diferenzas que presentan as persoas.

O debate parlamentario desenvolveuse despois da elaboración dun proxecto de lei, por parte do Goberno galego, emanado do diálogo social, constituíndo unha proposta madura e consensuada con máis de medio cento de entidades do sector cultural.

A Lei, publicada no Diario Oficial de Galicia o 11 de decembro de 2024, recolle entre o seu articulado o mandato para creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia. Un órgano colexiado de asesoramento e de participación institucional, que terá como obxectivos a observancia e o seguimento do cumprimento da norma, a análise e avaliación das necesidades, a participación institucional e a emisión de propostas de actuación en materia de inclusión e de accesibilidade no conxunto de ámbitos da cultura de Galicia.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Do mesmo xeito, a disposición derradeira primeira establece un prazo de dous anos desde a entrada en vigor da lei para o desenvolvemento da normativa necesaria para a creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver a normativa necesaria para creación do Observatorio da Cultura Inclusiva e Accesible de Galicia.»

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 11:12:58

Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 11:14:56

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/03/2025 11:15:08

José Luis Ferro Iglesias na data 14/03/2025 11:15:21

Cristina Campero Dorado na data 14/03/2025 11:15:33

Víctor Baladrón Lamas na data 14/03/2025 11:16:03

Julio García Comesaña na data 14/03/2025 11:16:15

Patricia García González na data 14/03/2025 11:16:25

Raúl Santamaría González na data 14/03/2025 11:16:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/03/2025 11:16:46

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/03/2025 11:16:56

Borja Vereza Fraiz na data 14/03/2025 11:17:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Pomar Tojo, Rubén Lorenzo Gómez, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Raúl Santamaría González, María Felisa Rodríguez Carrera, Cecilia Suárez Vázquez e Borja Vereza Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4ª; Educación e Cultura.**

Exposición de Motivos:

A Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español foi un marco clave para a protección do patrimonio cultural en España, pero transcorridos 40 anos da súa aprobación existe a necesidade de reformala coa finalidade de enfrontar os desafíos actuais coma as novas figuras de protección, a dixitalización do patrimonio e as novas formas de promoción e difusión de noso patrimonio.

Durante a XIV Lexislatura (2019-2023), en xuño de 2021, o Consello de Ministros tomou coñecemento do Anteproxecto polo que se modificaban a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e a Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial.

Porén, o Goberno de Sánchez non foi quen de sacar adiante esta norma pola inclusión de medidas que restaban eficacia e eficiencia á xestión dos poderes públicos en materia de patrimonio cultural, e que invadían as competencias autonómicas.

Agora corresponde que o Goberno reinicie as tarefas que deixou a medias e que se leve a cabo un debate con todos os actores públicos e privados que protexen e promoven o coñecemento do noso patrimonio.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que impulse unha nova Lei do Patrimonio Cultural para modernizar e refundir a lexislación vixente en materia de patrimonio, en colaboración coa Comunidade Autónoma de Galicia, os concellos e as demais institucións públicas e privadas do sector.»

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 11:21:18

Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 11:21:42

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/03/2025 11:21:53

José Luis Ferro Iglesias na data 14/03/2025 11:22:03

Víctor Baladrón Lamas na data 14/03/2025 11:22:12

Julio García Comesaña na data 14/03/2025 11:22:23

Patricia García González na data 14/03/2025 11:22:35

Raúl Santamaría González na data 14/03/2025 11:22:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/03/2025 11:23:02

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/03/2025 11:23:22

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

As pistas de atletismo de Balaídos constitúen unha infraestrutura deportiva clave na cidade de Vigo, sendo utilizadas por atletas federados, clubs deportivos e cidadanía en xeral. Con todo, estas instalacións levan anos nun estado de deterioro que dificulta a práctica deportiva en condicións óptimas e impide a celebración de competicións oficiais.

A necesidade dunha rehabilitación integral foi reiteradamente exposta por colectivos do atletismo e entidades deportivas, que demandan a modernización destas instalacións. A Xunta de Galicia manifestou a súa disposición a colaborar economicamente na súa reforma; porén, ata o momento, o Concello de Vigo non ten presentado os proxectos técnicos necesarios para iniciar as actuacións.



Ademais, as obras en curso no Estadio Municipal de Balaídos, particularmente na grada de Gol, afectan de maneira parcial á operatividade das pistas, facendo aínda máis urxente a planificación e execución dunha reforma que garanta a continuidade da práctica atlética na cidade.

Ante esta situación, e co fin de desbloquear o proxecto, é necesario que a Xunta de Galicia se dirixa ao Concello de Vigo para que reactive os traballos técnicos, habilite a partida económica correspondente e colabore co Goberno autonómico na execución das obras.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Dirixirse formalmente ao Concello de Vigo para demandar a reactivación do proxecto de reforma integral das pistas de atletismo de Balaídos.
- 2.- Solicitar ao Concello de Vigo a redacción e entrega do proxecto técnico, que permita avanzar na planificación das obras e garantir instalacións homologadas e adaptadas ás necesidades deportivas da cidade.
- 3.- Instar ao Concello de Vigo a reactivar con urxencia o proxecto de reforma das pistas de atletismo de Balaídos, garantindo a súa execución nun prazo razoable e con financiación adecuada”.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 10:55:47



Patricia García González na data 14/03/2025 10:56:04

Paula Prado del Rio na data 14/03/2025 10:56:16

Julio García Comesaña na data 14/03/2025 10:56:31

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 10:56:46

Paula Mouzo Mas na data 14/03/2025 10:56:58

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/03/2025 10:57:15

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/03/2025 10:57:24

Katherinie Varela Fernández na data 14/03/2025 10:57:39



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Dolores Hermelo Piñeiro, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A saúde mental é unha cuestión prioritaria para a o Goberno galego tal e como quedou demostrado co desenvolvemento do Plan de saúde mental poscovid. De feito, por medio desta iniciativa, incrementouse o número de profesionais, ademais de crearse hospitais de día de saúde mental infanto-xuvenil e, máis recentemente, unha segunda unidade de hospitalización en Vigo.

A isto hai que engadir a posta en marcha, por parte da Xunta, de proxectos neste mesmo ámbito como son, por exemplo, o de prevención do suicidio, o programa YAM, no que participaron 1.400 estudantes durante o curso pasado.

Nesta mesma aposta da Xunta de Galicia tamén se enmarca a creación, nesta lexislatura, da Subdirección Xeral responsable da Atención á Saúde Mental.

Con todo a abordaxe da saúde mental esixe e esforzo e concorrencia de todas as administracións con competencia nesta materia, incluído o Goberno de España que, ao igual que a Xunta de Galicia, prepara un novo plan de saúde mental.

Galicia, ao igual que outras comunidades autónomas, está convencida de que un plan de saúde mental debe estar baseado en evidencias científicas e no apoio dos profesionais implicados. A medicina e a saúde mental deben guiarse pola ciencia e pola experiencia dos que están en contacto directo cos pacientes, garantindo así a mellor atención posible.

As decisións sobre saúde mental deben ser tomadas de maneira colaborativa, escoitando aos profesionais e ao conxunto da sociedade para asegurar que os plans sexan verdadeiramente efectivos.



Galicia sempre apostará polo diálogo e o consenso como base para avanzar nun tema tan sensible e importante.

Neste sentido, Galicia seguirá apostando por un traballo conxunto, onde todos os axentes implicados teñan voz e voto. Por iso, debates como o que ten lugar coa imposición do Estatuto Marco foi un exemplo claro de como, ao non contar co apoio de quen mellor coñecen a realidade sanitaria, as decisións poden resultar incompletas.

Só terá sentido apoiar o Plan estatal de Acción en Saúde Mental 2025-2027 cando se logre un consenso real entre todas as partes implicadas, especialmente as sociedades científicas, que son as que mellor comprenden as necesidades e desafíos do sistema sanitario e a saúde mental.

En coherencia con este principio, na última reunión do Consello Interterritorial, a Xunta de Galicia manifestou o seu apoio ao Plan de Prevención do Suicidio, pero este apoio está condicionado á garantía de que o Ministerio proporcione os recursos necesarios para que as accións e medidas propostas poidan ser implementadas de forma efectiva.

O noso obxectivo en materia de saúde mental é que calquera medida que se tome sexa viable e conte coas condicións necesarias para lograr o benestar de todas as persoas con trastorno mental.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, en colaboración cos profesionais e as sociedades científicas, traballe para que o Plan estatal de Saúde Mental 2025-2027 acade un consenso real cos axentes implicados, asegurando que sexa efectivo e que estea ben fundamentado e dotado dos recursos necesarios para a súa posta en marcha.”

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 11:13:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 14/03/2025 11:13:59

Dolores Hermelo Piñeiro na data 14/03/2025 11:14:09

Raquel Arias Rodríguez na data 14/03/2025 11:14:22

Víctor Baladrón Lamas na data 14/03/2025 11:14:38

Nicole Grueira Fernández na data 14/03/2025 11:14:50

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 11:15:02

Noelia Pérez López na data 14/03/2025 11:15:16

Ethel Vázquez Mourelle na data 14/03/2025 11:15:29

Maria Magdalena Perez Millares na data 14/03/2025 11:15:44





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paula Prado del Rio, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Más, Alberto Pazos Couñago, Carmen Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Exposición de Motivos

A entrada en vigor da Lei orgánica 1/2025, de 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza suporá a introdución de novidades fundamentalmente no que respecta á organización dos xulgados.

Un dos cambios máis significativos é a conversión dos actuais Xulgados de Paz en Oficinas de Xustiza nos municipios. E os cambios non se limitan ao nome, afectarán tamén ás súas funcións e ás características do persoal que deberá atendelas.

Todos os concellos pertencentes aos partidos xudiciais dos pobos nos que non teña a súa sede un Tribunal de Instancia deberán contar cunha Oficina de Xustiza operativa o vindeiro 1 de xullo e o resto a partir do 31 de decembro.

A Lei vén con orzamento cero por parte do Estado. Na Memoria do análise de impacto normativo dos anteproxectos de Leis de medidas de eficiencia procesual e de eficiencia dixital do Servizo Público de Xustiza, establécese que os efectos sobre a economía en xeral da norma terá un impacto económico positivo.

Segundo establece a propia Lei, serán os concellos e as comunidades autónomas que teñan transferidas competencias en Xustiza ás que asuman o custo do seu funcionamento. Unha vez máis, o Goberno central lexisla e impón obrigas ás demais administracións pero non prevé o traspaso de fondos adicionais para poder asumilas.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a pedir ao Goberno Central financiamento adicional para o mantemento das oficinas de xustiza nos concellos como consecuencia do incremento de funcións que é de obrigado cumprimento pola entrada en vigor da Lei de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza”.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 12:21:54

Paula Prado del Rio na data 14/03/2025 12:22:11

María Felisa Rodríguez Carrera na data 14/03/2025 12:22:21

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 12:22:31

Julio García Comesaña na data 14/03/2025 12:22:49

Paula Mouzo Mas na data 14/03/2025 12:23:00

Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 12:23:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Roberto Rodríguez Martínez na data 14/03/2025 12:23:21

Katherinie Varela Fernández na data 14/03/2025 12:23:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Cristina Campero Dorado, Paula Prado del Río, Víctor Baladrón Lamas, Katherinie Varela Fernández, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen Pomar Tojo e María Felisa Rodríguez Carrera** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, **a seguinte proposición non de lei na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**

Exposición de Motivos:

A veciñanza dos concellos que constitúen as comarcas da Limia e da Baixa Limia está preocupada polo incremento da criminalidade que se rexistra na zona.

Causa especial alarma social a recente vaga de roubos con violencia e intimidación que traen aparellada a invasión dos domicilios das vítimas e, en moitos casos, cos propietarios no interior.

Esta repunta delituosa coincide no tempo co desmantelamento que se está a producir nos cuarteis da Garda Civil en moitos concellos do rural. Tamén en municipios fronteirizos con Portugal, como poden ser o de Lobios, Calvos, Baltar.

A desprotección dos veciños do rural galego é aproveitada polos amigos do alleo para roubarlles o que require do Goberno de España, como administración competente en materia de seguridade pública, un plan co obxecto de reforzar e intensificar o traballo da Garda Civil, as súas instalación e número de efectivos.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España co obxecto de que reforce e intensifique de maneira urxente, con medios humanos e materias suficientes, os postos da Garda Civil nas comarcas da Limia e da Baixa Limia, a fin de que garanta a súa operatividade as 24 horas do día ante a alarma social que provoca a repunta delituosa.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asemade, compre estudar a posibilidade de reapertura daqueles cuarteis da Garda Civil clausurados nos últimos anos, de xeito especial, en localidades limítrofes con Portugal”

Santiago de Compostela, 14 de marzo 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 12:28:36

Cristina Campero Dorado na data 14/03/2025 12:28:48

Víctor Baladrón Lamas na data 14/03/2025 12:28:58

Katherinie Varela Fernández na data 14/03/2025 12:29:06

Julio García Comesaña na data 14/03/2025 12:29:14

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/03/2025 12:29:28

Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 12:29:36

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 12:29:44

Paula Mouzo Mas na data 14/03/2025 12:30:44

María Felisa Rodriguez Carrera na data 14/03/2025 12:30:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Oscar** e da deputada **Carmela González Iglesias**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre as medidas a adoptar ante un posible abuso nos prezos do combustible na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Costa da Morte, ademais de ser unha zona periférica que leva esperando décadas por novas conexións de vías de comunicación, como o remate da autovía AG-55 coa cidade da Coruña, é unha zona deprimida dende o punta de vista económico, industrial e demográfico.

A implantación de novas empresas vai a contagotas, como demostra o panorama que se aprecia nos polígonos de Cee, Vimianzo ou Baio, onde só se reinstalan empresas que xa existían, que precisan de máis superficie ou precisan instalarse en áreas habilitadas para os seus fins. Non existen políticas activas, nin da Xunta de Galiza nin do Estado Español, para atraer novas industrias capaces de xerar máis de 30 empregos estables, máis aló dos parques eólicos que só xeran traballo no período de construción civil. Nin os insignificantes incentivos sobre o prezo do solo nos polígonos industriais, nin a desidia para o impulso en portos e nas zonas costeiras que outra hora albergaron industriais do sector do mar, son quen de axudar a despegar a unha comarca que esmorece pouco a pouco co paso do tempo. Esta situación de abandono político provocou un considerable descenso da poboación, pois só nos últimos vinte anos, as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

comarcas de Fisterra e Soneira, perderon arredor de 10.000 habitantes, que emprenderon rumbo a outras cidades galegas, españolas e europeas, en busca de traballo e mellores condicións de vida.

A este escenario deprimente, hai que engadir a existencia duns prezos abusivos nos carburantes, abusivos si os comparamos cos que atopamos nas cidades máis próximas, A Coruña e Santiago de Compostela, porque se os comparamos entre os das propias estacións de servizo da comarca, calquera diría que os efectos esperables do chamado libre mercado non acaban de aparecer. A incorporación de novas gasolineiras nos últimos 30 anos, non contribuíron a implementación de máis competencia, e por ende, da rebaixa dos prezos do combustible. Houbo que esperar a aparición das chamadas “de baixo prezo” para albiscar unha pequena baixada dos prezos, pero que en todo caso moi lonxe dos prezos que as mesmas ofrecen nas cidades galegas. No cadro comparativo que mostramos a continuación podemos observar as diferencias de prezos entre as distintas estacións de servizo na comarca de diferente ou igual marca de distribución, e das diferencias de prezo, de ata 12 céntimos de euro por litro, entre as gasolineiras “de baixo prezo” da mesma distribuidora na comarca e as das cidades da Coruña e Compostela,:

CONCELLOS	MARCA	GASOLEO A- DIESEL			GASOLINA 95 -E5		
		13/3/2025	10/3/2025	10/2/2025	13/3/2025	10/3/2025	10/2/2025
A CORUÑA	CARBUGAL	1.29	1.30	1.34	1.33	1.34	1.44
SANTIAGO	CARBUGAL	1.31	1.33	1,34	1.37	1.38	1.44
CEE	CARBUGAL	1.38	1.40	1.46	1.42	1.43	1.51
CEE	REPSOL	1.50	1.52	1.56	1.54	1.55	1.61
FISTERRA	REPSOL	1.50	1.52	1.61	1.54	1.55	1.61
VIMIANZO	REPSOL	1.51	1.51	1.62	1.57	1.57	1.65
CAMARIÑAS	REPSOL	1.47	1.51	1.54	1.51	1.52	1.58
DUMBRÍA	REPSOL	1.51	1.51	1.57	1.57	1.57	1.64





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ZAS	CEPSA	1.58	1.59	1.55	1.59	1.59	1.63
CARNOTA	CEPSA	1.54	1.58	1.57	1.58	1.59	1,64
MUXÍA	SHELL	1,54	1.54	1.56	1.58	1.58	1.6

É difícil de entender, como unha comarca que se atopa a menos de 90 Kms. da refinería da Coruña pertencente ao grupo Repsol, ten os prezos dos combustibles máis altos aos prezos existentes noutros territorios do Estado que se atopan a centos de quilómetros cara ao interior, e que supostamente deberan ter prezos superiores, ao soportar máis custes co transporte. Igualmente é difícil de entender como empresas da mesma distribuidora poidan ter diferencias de prezo tan grandes nos prezos de combustible, cando a distancia entre a refinería é igual, como ocorre na nosa comarca en comparación con Santiago de Compostela.

Esta situación non é nova, xa que non hai mais que lembrar como no ano 2018 o presidente da CNMC (Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia), José María Marín Queimada, e o conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, Francisco Conde, asinaban un Protocolo Xeral de Actuación entre a CNMC e a Xunta , a través do que activaron unha serie de medidas para mellorar a competencia no mercado dos carburantes en Galiza, pois dende anos atrás, os prezos da gasolina e do gasóleo en Galiza atopábanse entre os máis elevados do estado Español.

Entre as actuacións a realizar que se recollían en dito protocolo destaca a de que “a CNMC e a Comisión Galega da Competencia vixiarían as prácticas empresariais neste mercado para detectar posibles incumprimentos da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia, nese caso abrirían os correspondentes expedientes sancionadores, segundo corresponda ao ámbito nacional ou autonómico en que se produzan”. A día de hoxe, descoñecemos si se fixo algún tipo de vixilancia no sector de vendas de combustibles e de si se abriu algún expediente sancionador.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no seu artigo 38, autorizou a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de consumo, que ten como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras. Na súa virtude e por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, creouse o Instituto Galego do Consumo e da Competencia no que veñen reguladas, como funcións do mesmo as seguintes, entre outras:

“c) Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.

f) Cooperar e colaborar coas administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, a través de acordos e convenios de colaboración, no ámbito dos obxectivos deste organismo.

h) Realizar actuacións de inspección e sanción no ámbito de protección das persoas consumidoras, de acordo coas disposicións vixentes.

m) Preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

n) Exercer todas as funcións, competencias e potestades que sexan precisas para o desenvolvemento e exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia de protección das persoas consumidoras e defensa da competencia.”

A Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio minorista regula no artigo 13 a Liberdade de prezos e establece que:

“1. Os prezos de venda dos artigos serán libremente determinados e ofertados con carácter xeral de acordo co disposto na lexislación de defensa da libre e leal competencia, coas excepcións establecidas en leis especiais.

2. Isto, no entanto, o Goberno do Estado, previa audiencia dos sectores afectados, poderá fixar os prezos ou as marxes de comercialización de determinados produtos, así como someter as súas modificacións a control ou a previa autorización administrativa, nos casos seguintes:

a) Cando se trate de produtos de primeira necesidade ou de materias primas estratéxicas.

b) Cando se trate de bens producidos ou comercializados en réxime de monopolio ou mediante concesión administrativa.

c) Como medida complementaria das políticas de regulación de producións ou de subvencións ou outras axudas a empresas ou sectores específicos.

d) Excepcionalmente e mentres persistan as circunstancias que aconsellen a intervención, cando, nun sector determinado, apréciase ausencia de competencia efectiva, existan obstáculos graves ao funcionamento do mercado ou se produzan situacións de desabastecemento.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á vista do exposto, e dado que na Costa da Morte parece que se aprecia ausencia de competencia efectiva ou cando menos obstáculos graves no funcionamento do mercado dos combustibles, sendo este un produto estratéxico, convida que o goberno do Estado fixara os prezos dos combustibles ou aló menos os marxes de comercialización na Costa da Morte, co obxectivo de equilibrar a igualdade de oportunidades entre a Costa da Morte e o mercado galego e de incentivar a creación de empresas nesta comarca deprimida pola ausencia de políticas activas para o seu desenvolvemento económico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar unha prognose adecuada dos prezos do combustible na Costa da Morte, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento desta situación

2. No caso de comprobarse a existencia de obstáculos graves no funcionamento do mercado dos combustibles que impiden unha competencia efectiva no sector e que menoscaban os dereitos dos consumidores, solicitar do Goberno do Estado a fixación dos prezos ou as marxes de comercialización dos combustibles na Costa da morte, de acordo co establecido no artigo 13.2 da Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio minorista.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Carmela González Iglesias

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 14/03/2025 12:29:01

Carmela González Iglesias na data 14/03/2025 12:35:11

Ana Pontón Mondelo na data 14/03/2025 12:35:15





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen María Pomar Tojo, Cecilia Vázquez Suárez, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López, Katherinie Varela Fernández e Roberto Rodríguez Martínez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios

Exposición de Motivos:

A nacional N-550 é unha estrada de titularidade estatal que une a cidade da Coruña co municipio pontevedrés de Tui. Ao longo dos 180 quilómetros do seu trazado percorre diferentes municipios ata o punto de ser considerada como a columna vertebral da mobilidade histórica de Galicia, en particular, unha das principais estradas, libre de peaxe, vertebradoras do litoral atlántico.

Na actualidade, esta estrada nacional presenta unha serie de deficiencias, especialmente no tramo que une as cidades de Santiago de Compostela e da Coruña e, máis en particular ao seu paso polos municipios de Oroso e Ordes. Neste espazo a deterioración do seu asfalto é máis que evidente e perigoso, o que aconsella requirir ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible que acometa de maneira urxente a mellora integral do firme e a adopción de medidas de seguridade ao longo do seu percorrido.

Son polo tanto evidentes, as numerosas deficiencias e danos que presenta este tramo sobre todo no que se refire ao estado do firme con innumerables fochancas, gretas e desniveis na plataforma, graves problemas de drenaxe, mala sinalización, falta de visibilidade, peraltes deteriorados e cruces perigosos.

O Goberno de España é coñecedor desta situación xa que logo son múltiples as queixas formuladas pola veciñanza e polos usuarios que utilizan este traxecto a diario, nunha vía que ademais soporta unha gran intensidade de tráfico xa que constitúe un itinerario alternativo e gratuito á carísima autopista estatal AP-9. Con todo, non parece





ter en conta esta situación, ante a realidade do seu estado deficiente e a escasa ou nula labor de mantemento e conservación ao longo dos últimos sete anos.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España o arranxo da estrada estatal N-550, especialmente nos treitos comprendidos entre as cidades de Santiago de Compostela e da Coruña, que se atopan co firme moi deteriorado”

Santiago de Compostela, 14 de marzo 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2025 13:47:48

Carmen Pomar Tojo na data 14/03/2025 13:48:04

Cecilia Vázquez Suárez na data 14/03/2025 13:48:13

Cristina Campero Dorado na data 14/03/2025 13:48:21

José Luis Ferro Iglesias na data 14/03/2025 13:48:32

María Deza Martínez na data 14/03/2025 13:48:41

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/03/2025 13:48:53

Gonzalo Trenor López na data 14/03/2025 13:49:03

Roberto Rodríguez Martínez na data 14/03/2025 13:49:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Katherinie Varela Fernández na data 14/03/2025 13:49:32

Argimiro Marnotes Fernández na data 14/03/2025 13:49:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Silvia Longueira Castro, Julio Ernesto Abalde Alonso e María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 21 de marzo do 2022, o entón presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, fixo públicas as recreacións visuais da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, CHUAC, e comprometeuse a que no 2025 estaría en pé o 80 % da nova infraestrutura.

Tres anos despois e xa chegado o ano 2025 vemos como existe unha demora evidente nos traballos deste equipamento sanitario e polo tanto un grave incumprimento nos prazos dados, o que suscita inquietude no conxunto da área sanitaria da Coruña.

Estamos a falar da maior infraestrutura sanitaria de Galicia que atende a unha área de máis de 550.00 habitantes e que é un centro de referencia nacional para algunhas especialidades. É evidente que se trata dun tema chave non só para a cidade da Coruña senón para a súa área de influencia así como para a xestión que ten que pilotar o Sergas.

O Concello da Coruña tiña sempre como prioridade nos seus obxectivos o deseño do plan director do mesmo que estaba rematado xa en 1998. Finalmente en marzo de 2022, asinouse o convenio mencionado onde se comprometían máis de 430 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia para





levar a cabo as obras. Pola súa banda, o Concello da Coruña comprometéase cos fondos pactados, 22 millóns de euros, que se desembolsarán na medida en que se presenten a certificación de obra referida aos accesos viarios. A realidade é que a día de hoxe só se certificaron 547.000 euros dun total de 22 millóns de euros que o concello da Coruña ten dispoñibles para axudar a financiar esta actuación, e non foi posible desembolsalos porque non se executaron as obras en tempo e forma.

Ao alarmante retraso do que calquera cidadán pode ser testemuña súmaselle a preocupación que xorde entre os propios facultativos. Segundo veñen de manifestar dende o Colexio Oficial de Médicos da Coruña este retraso nas obras de seguir co ritmo actual, podería alargarse até dentro de 10 anos, o que podería afectar á excelencia profesional do Complexo Sanitario da Coruña que ten que seguir mantendo na provisionalidade espazos e dotacións que a día de hoxe o fan estar á vangarda da medicina.

Ven con preocupación que se teñan que adiar novas incorporacións e novas áreas de investigación e coñecemento ata o momento en que estea rematado o novo CHUAC, e pregúntanse como afrontar entón todo este tempo que falta xa que a día de hoxe o retraso é evidente.

Ante esta emerxencia no eido da construción sanitaria, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar un informe nesta Cámara galega, nun prazo de tres meses, que recolla os motivos polos que anunciaron en 2022 que A Coruña tería xa en 2025 o 80 % do novo CHUAC a disposición da cidade e da área





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21827
Data envío: 14/03/2025 16:13:16.704

sanitaria, e exixir responsabilidades polo engano ao que someteron á cidadanía, xerando unhas expectativas fraudulentas.

2. Dar a coñecer o porcentaxe de execución da obra a data 21 de marzo de 2025, tres anos despois do anuncio feito.
3. Presentar ante esta Cámara galega un calendario nun prazo de tres meses das obras do novo CHUAC, que recolla as diferentes fases que se van acometer e poña un prazo final de posta en funcionamento desta infraestrutura sanitaria.

Santiago de Compostela, a 14 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 14/03/2025 16:09:27

Julio Abalde Alonso na data 14/03/2025 16:09:37

Elena Espinosa Mangana na data 14/03/2025 16:09:47

José Ramón Gómez Besteiro na data 14/03/2025 16:09:55

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75176

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonso, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre o necesario control ambiental das actividades industriais no polígono do concello das Somozas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático ordenou o xoves 13 de marzo a suspensión dunha parte da actividade do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia (CTRIG), localizado no concello das Somozas, como medida cautelar e preventiva ante a detección de varios casos de intoxicación na contorna.

A decisión adóptase despois de que nas últimas horas se recibiran a través do 112 varios avisos de centros sanitarios da comarca advertindo da existencia de pacientes que referían diferente sintomatoloxía de carácter leve, como dores de cabeza e molestias oculares, entre outras.

Esta é a noticia difundida desde a propia consellería. O certo é que desde o incendio producido nas instalacións de SOGARISA o 29 de outubro do 2023, que afectou ao control da estación de evaporización e oxidación (EVOX), os veciños da zona do Pereiro veñen queixándose da aparición dunhas néboas baixas e densas, con mal cheiro, que non parecen ser de vapor de auga e que non se dilúen senón despois de superado un radio de 3 ou 4 quilómetros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debemos lembrar que a estación EVOX é un sistema de tratamento de residuos líquidos non inflamábeis e que o incendio de outubro do 2023 pode estar relacionado co tratamento de algún tipo de residuos non autorizado.

Feitos coma este e outros relacionados con estas e outras instalacións industriais no polígono das Somozas fan dubidar da eficacia das actuacións da Consellería de Medio Ambiente, xa que moitas son coñecidas previamente polas empresas, e outras, as que se producen despois de accidentes, demoran o suficiente para ocultar ou matizar as causas reais dos mesmos.

Desde o BNG vimos chamando a atención da Xunta de Galiza sobre estes feitos recorrentes, e demandando unha maior implicación e dilixencia das autoridades competentes para controlar a actividade industrial deste polígono tan especializado, xa que estamos a falar dun polígono industrial que concentra unha serie de empresas dedicadas ao tratamento de residuos perigosos en cantidades e volumes moi elevados, polo que o efecto acumulado das diferentes emisións, tanto de augas como de fumes e outros, deben ser debidamente identificados e ponderados.

Por outra banda, os anuncios de novos proxectos industriais para este polígono están relacionados de novo coa actividade do tratamento de residuos ou con procesos químicos, o que vai aumentar as dificultades para realizar un control eficaz.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta a realizar unha auditoría medio ambiental e de Seguridade industrial en todas as empresas do polígono das Somozas, nomeadamente dos sistemas de depuración das augas residuais, dos fumes e outras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

emisións atmosféricas, así como a instalar captadores en diferentes puntos da contorna do polígono.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 17/03/2025 10:23:03

José Manuel Golpe Acuña na data 17/03/2025 10:29:23

Luis Bará Torres na data 17/03/2025 10:29:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ás actuacións de presunta “humanización” realizadas pola Xunta de Galiza no Centro de saúde da Ponte, en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde do barrio da Ponte, en Ourense, é un dos máis importantes da cidade polo volume de poboación que acoller. Aínda sendo o barrio máis poboado da cidade de Ourense, de momento a Xunta incumpre o seu compromiso de construción dun centro máis na contorna do Vinteún e é o único existente para todo o distrito norte.

Máis alá das múltiples necesidades de dotación persoal que arrastra este centro, con frecuentes problemas de cobertura de pediatría ou dun servizo tan básico como as análíticas con certa rapidez e de arrastrar os problemas comúns coa crise de Atención Primaria, como a alta espera para unha cita e a práctica imposibilidade de acceder a servizos como o de matroa, este centro arrastra problemas tamén de infraestrutura e acondicionamento exterior.

Así, a construción da mal chamada “intermodal” consumou, como denunciou este Grupo Parlamentario e distintas asociacións do barrio, en defensa do tren ou da sanidade, supuxo un gran hándicap para o centro. Por unha banda, furtouse espazo natural de ampliación e incremetáronse os ruídos e a emisión de vehículos. Pola outra,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reduciuse a posibilidade de aparcadoiro e posibilidades de facilitar minimamente a accesibilidade, tendo en conta o volume de poboación que ten que se desprazar en vehículo persoal, familiar ou taxi para chegar á entrada.

Como se isto non fose suficiente, a Xunta de Galiza parece empeñada en non mellorar a súa contorna. Así, recentemente acometeu unha pequena reforma da súa contorna que está a ser cuestionada por distintos colectivos e pola cidadanía. Malia as condicións climáticas de Ourense, no lugar de apostar por un acondicionamento baseado en céspede natural e a incorporación de máis elementos arbóreos, arbustos ou distintos tipos de recursos que contribúan á sostibilidade, a aposta da Xunta foi recorrer a céspede artificial e á colocación de pneumáticos.

Trátase dunha aposta inadecuada, que non parece ser tampouco a máis duradeira e que vén a engadir máis malestar social sobre a situación dun centro de saúde constantemente castigado e situado nunha cidade caracterizada por superar os 40 grados nos meses estivais sen que haxa unha planificación pública para paliar os efectos mediante a política urbanística e construtiva fóra de titulares.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Elaborar un plan de reforma da contorna do centro de saúde no que aposte pola incorporación de máis elementos arbóreos, arbustos ou distintos tipos de recursos que contribúan á sostibilidade e a aliviar as altas temperaturas e dar máis sombra e humidade, valorando tamén intervir na zona de muros da contorna incorporando





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

elementos vexetais que contribúan ademais a facer de pantalla de protección sonora respecto da circulación viaria.

2. Informar do custo exacto das actuacións de instalación de céspede artificial e outro complementos no Centro de saúde da Ponte e financiar as actuacións necesarias para a súa retirada e para a posta en marcha do recollido no primeiro punto.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2025 12:03:26

María Montserrat Prado Cores na data 17/03/2025 12:11:26

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/03/2025 12:11:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 17/03/2025 12:11:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e Ramón Fernández Alfonso**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre as consecuencias na economía galega da permanencia da fenda de xénero e fenda salarial ou retributiva na economía galega e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A desigualdade no ámbito económico e laboral é un elemento central na discriminación das mulleres na sociedade, porque sen autonomía económica non pode haber autonomía persoal e ese é un elemento de dominación clave para o patriarcado.

A análise desta situación é poliédrica, desde a permanencia dos estereotipos de xénero á distinta composición dos sectores laborais pasando pola falta de cumprimento ou desenvolvemento do marco legal e xurídico. Así, o resultado é que hoxe son as mulleres as que acaparan maiores cotas de temporalidade e maior parcialidade, os traballos peor pagados son os máis fortemente feminizados fronte a outros nos que somos minoría, etc. que se resume ben na imaxe do chan pegañento fronte ao teito de cristal.

A concatenación de crises consolidou esta situación e fronte ás súas teóricas intencións, a reforma laboral agrandou algunhas fendas de xénero preocupantes: o 60% dos contratos fixos-descontinuos son de mulleres e a temporalidade acada o 29,9% nas mulleres fronte ao 17,8% dos homes. Existe, asociado a isto, unha fenda de xénero salarial que en Galiza é do 18,4% e que aumentou en termos absolutos ata os 4.687 euros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Outro elemento que contribúe á permanencia desta desigualdade é a sobrecarga que sofren as mulleres pola falta de servizos públicos, como demostran os datos de excedencias que corroboran que son as mulleres nun 88% as que collen excedencias para coidar crianzas e para coidado de familiares un 78,6%.

Ante esta situación cómpre intensificar a resposta institucional, xa que segue fallando o cumprimento das leis, non hai políticas efectivas para abordar a segregación ocupacional e porque a Xunta como empregadora e financiadora dunha parte importante dos empregos feminizados deste país tamén contribúe a esta situación.

Por estes motivos e polas consecuencias da permanencia da fenda salarial e de xénero na economía galega, o Grupo Parlamentar do BNG Presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a intensificar o cumprimento e a fiscalización do cumprimento da lexislación en materia de igualdade cun Plan de choque contra a discriminación económica e laboral das mulleres que incorpore as seguintes medidas:

1. Impulso dunha auditoría sobre a situación das mulleres nas contratacións públicas sufragadas total ou parcialmente por parte da Xunta de Galiza de cara a asegurar o cumprimento dos convenios colectivos e da lexislación vixente e avaliar, singularmente, a posible existencia de fendas salariais de xénero e as medidas para o corrixir.

2. Impulsar, en colaboración co Consello Económico e Social, unha estratexia específica para combater a desigualdade de acceso ás diferentes ocupacións e comezar a desenvolver o Artigo 117 da lei de igualdade canto ao fomento da contratación de mulleres en sectores con infrarrepresentación feminina, acordando medidas para favorecer a incorporación das mulleres nas ocupacións altamente masculinizadas e vinculando aquelas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que consistan en axudas económicas ao mantemento do emprego e da actividade empresarial.

3. Intensificar o exercicio do seu papel de autoridade laboral e, a través da autoridade autonómica da Inspección de Traballo e Seguridade Social, realizar un Plan de actuacións tendentes a detectar e a erradicar situacións de fenda salarial e economía somerxida, especialmente en actividades feminizadas, para o que presentará unha estratexia específica de actuación con obxectivos anuais e informará anualmente ao Parlamento.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/03/2025 13:51:25

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2025 13:51:29

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/03/2025 13:51:37





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana, Paloma Castro Rey e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para debate en **Comisión 1, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 48/2024, do 22 de abril, que regula os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia establece importantes novidades, entre as que destaca a politización de postos antes reservados a persoas empregadas públicas, abrindo o nomeamento a persoas afiliadas e afíns ao PPdeG. O que amosa un ataque grave á profesionalización e independencia do persoal empregado/a público da Xunta de Galicia, e reforza a concepción “patrimonialista” que ten o Goberno galego da Administración autonómica galega, que debe estar ao servizo do interese público e non ao servizo partidista do PPdeG.

Así, unha das novidades na área de Presidencia é que as xefaturas territoriais pasarán a denominarse “direccións territoriais”. Ademais, as propias delegacións territoriais, que ata agora dependían da Consellería de Presidencia de Diego Calvo, pasan a facelo da propia Presidencia da Xunta.

Antes no organigrama administrativo, por debaixo dos seis delegados territoriais (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), quedaban adscritos orgánica e funcionalmente ás xefaturas territoriais de cada consellería, que eran nomeadas polo sistema de libre designación de entre





persoal funcionario/a de carreira dos grupos A1 e A2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co Decreto 48/2024, do 22 de abril, poderán ocupar esas xefaturas territoriais calquera persoa aínda que non sexa funcionaria. A politización dos postos polo PPdeG é intolerable e supón un ataque sen precedentes a independencia e profesionalización dos empregados públicos da Xunta de Galicia, que esixen os artigos 9.2 e 103 da CE.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Modificar o Decreto 48/2024, do 22 de abril, de tal xeito que as xefaturas territoriais se provean por libre designación entre persoas empregadas públicas dos grupos A1 e A2.
2. Que as persoas non empregadas públicas nomeadas como directores/as territoriais ao abeiro do Decreto 48/2024, do 22 de abril, se absteñan de realizar funcións que impliquen o exercicio de autoridade pública.

Santiago de Compostela, a 17 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 17/03/2025 14:51:32





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21881
Data envío: 17/03/2025 14:59:45.879

Elena Espinosa Mangana na data 17/03/2025 14:51:47

Paloma Castro Rey na data 17/03/2025 14:52:00

Julio Abalde Alonso na data 17/03/2025 14:52:08

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/03/2025 14:52:21

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75189

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana, Paloma Castro Rey e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para debate en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 48/2024, do 22 de abril, que regula os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia establece importantes novidades, entre as que destaca a politización de postos antes reservados a persoas empregadas públicas, abrindo o nomeamento a persoas afiliadas e afíns ao PPdeG. O que amosa un ataque grave á profesionalización e independencia do persoal empregado/a público da Xunta de Galicia, e reforza a concepción “patrimonialista” que ten o Goberno galego da Administración autonómica galega, que debe estar ao servizo do interese público e non ao servizo partidista do PPdeG.

Así, unha das novidades na área de Presidencia é que as xefaturas territoriais pasarán a denominarse “direccións territoriais”. Ademais, as propias delegacións territoriais, que ata agora dependían da Consellería de Presidencia de Diego Calvo, pasan a facelo da propia Presidencia da Xunta.

Antes no organigrama administrativo, por debaixo dos seis delegados territoriais (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), quedaban adscritos orgánica e funcionalmente ás xefaturas territoriais de cada consellería, que eran nomeadas polo sistema de libre designación de entre





persoal funcionario/a de carreira dos grupos A1 e A2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co Decreto 48/2024, do 22 de abril, poderán ocupar esas xefaturas territoriais calquera persoa aínda que non sexa funcionaria. A politización dos postos polo PPdeG é intolerable e supón un ataque sen precedentes a independencia e profesionalización dos empregados públicos da Xunta de Galicia, que esixen os artigos 9.2 e 103 da CE.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Modificar o Decreto 48/2024, do 22 de abril, de tal xeito que as xefaturas territoriais se provean por libre designación entre persoas empregadas públicas dos grupos A1 e A2.
2. Que as persoas non empregadas públicas nomeadas como directores/as territoriais ao abeiro do Decreto 48/2024, do 22 de abril, se absteñan de realizar funcións que impliquen o exercicio de autoridade pública.

Santiago de Compostela, a 17 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 17/03/2025 14:52:47





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21882
Data envío: 17/03/2025 15:00:04.769

Elena Espinosa Mangana na data 17/03/2025 14:53:09

Paloma Castro Rey na data 17/03/2025 14:53:20

Julio Abalde Alonso na data 17/03/2025 14:53:31

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/03/2025 14:53:39

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75192

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Sonia Vidal Lamas** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Secundino Fernández Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o goberno do Estado elevara o risco de gripe aviar este pasado xaneiro, dadas as circunstancias mundiais nas que nos atopamos a este respecto, co falecemento dunha persoa acaecida desta enfermidade nos EEUU, levouse a cabo en Galiza o peche das explotacións avícolas de autoconsumo nas zonas de risco.

O número de concellos localizados nesas áreas serán máis nesta ocasión, xa que ao listado que aparece na orde APA/2442/2006 do 27 de xullo, o Ministerio de Agricultura propón engadir outros nunca antes incluídos, dadas as últimas informacións sobre concentracións de aves salvaxes e rutas migratorias, coa aparición de aves afectadas en ditos concellos.

Este tipo de aves salvaxes son atendidas, de ser preciso, polos centros de conservación de fauna silvestre repartidos polo país, un en cada provincia galega e que nestes momentos teñen unha especial importancia non só na recuperación da fauna, tamén aportando información sobre esta patoloxía que ameaza a saúde animal pero tamén a humana.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dado que o persoal que leva a cabo a súa labor profesional ten contacto cos animais, tanto no caso dos que non teñen ningún tipo de risco para a súa saúde, coma no caso dos que si o teñen, e debido a que nun dos centros galegos xa se tivo constancia dun gromo de gripe aviar no 2024, as medidas para a protección e prevención dos contaxios entre os propios animais e o paso da enfermidade cara os humanos deben ser exhaustivas e levadas a cabo de xeito adecuado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta ao Goberno galego a garantir que todos os centros de conservación de fauna silvestre responsabilidade da Xunta de Galiza, contén cunha avaliación exhaustiva dos riscos biolóxicos aos que se expoñen os e as traballadoras, elaborando un plan de prevención que de lugar a unha serie de medidas coordinadas que permitan controlar e garantir que se están a levar a cabo as labores profesionais coa maior seguridade posible.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 17/03/2025 17:58:31

Secundino Fernández Fernández na data 17/03/2025 17:58:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sonia Vidal Lamas na data 17/03/2025 17:58:50

Ariadna Fernández González na data 17/03/2025 17:59:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Montserrat Prado Cores** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de que a Xunta de Galiza rectifique a súa decisión unilateral de segmentar a prestación sanitaria de atención primaria do Centro de Saúde Novoa Santos entre o PAC e o Centro do Couto contra a vontade profesional e veciñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na segunda quincena de marzo de 2025 vén de coñecerse que a Xunta de Galiza, contra a vontade da comunidade sanitaria, decidiu unilateralmente segmentar a prestación sanitaria de atención primaria do Centro de Saúde Novoa Santos entre o PAC e o Centro do Couto ante a previsión de demolición do actual edificio para impulsar o futuro Centro Integral de Saúde (CIS) de Ourense. Unha decisión sen consenso, sen rigor profesional e sen a adecuada planificación que debe ser rectificada e revisada.

Cómpre recordar que a promesa dun CIS para Ourense nace xa a finais do ano 2020 e comeza a súa andaina administrativa e orzamentaria no ano 2021. Porén, a realidade é que mentres os CIS de Lugo e de Lalín, comprometidos na mesma altura, están rematados e en funcionamento, o investimento en Ourense continúa na lista de tarefas pendentes, da mesma maneira que gran parte do Plan Director do CHUO ou a aposta pola demolición do materno, unha rectificación anunciada con décadas de atraso e que é aínda hoxe un anuncio ou unha nova UCI que en realidade ten menos camas das





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que foron prometidas. Esta situación certifica a falta de compromiso coa atención sanitaria ourensá, con atrasos permanentes aos que se suma unha cada vez maior dificultade de consolidar e atraer persoal ao non contar cunha estratexia específica nin favorecer na Área Sanitaria un bo funcionamento laboral.

Así as cousas, presuntamente, este centro renovado unificaría o PAC coa atención ordinaria; sumaría un circuíto específico para pacientes infecciosos; contaría cunha sala específica de diagnóstico por ultrasóns e área de radiodiagnóstico; e aplicaría programas para pacientes crónicos e multipatolóxicos e outros de rehabilitación integral. Posteriormente, a Xunta especificou que contaría con 13 alturas e unha superficie construída de máis de 7.584 metros cadrados e servizos e unidades asistenciais como rehabilitación, saúde mental ou radiodiagnóstico. En outubro de 2024, despois de múltiples desacordos coa veciñanza e cos propios servizos urbanísticos do municipio, o Consello da Xunta aprobada declarar o novo Centro Integral de Saúde Novoa Santos de Ourense como proxecto público de urxencia e de excepcional interese ao abeiroa da Lei 3/2016 do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Máis dun ano despois coñécense un conxunto de decisións unilaterais do goberno galego ante a próxima demolición do edificio que actualmente alberga o C.S Novoa Santos e ante o que as e os profesionais puxeron en coñecemento da sociedade distintas discrepancias. Estas discrepancias son razonadas e razonables e foron trasladadas, sen éxito, á xerencia sanitaria sen ser tidas en conta.

Entre os problemas sinalados, as e os profesionais sanitarios advirten da ruptura das bases de atención primaria para un terzo da poboación da cidade, da segregación de servizos e pacientes, da sobrecarga do Centro de Saúde do Couto que pasará a duplicar a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboación atendida, da ruptura da calidade e impartición de docencia e do desmantelamento do Centro de Orientación Familiar, que afecta ao conxunto da cidade.

Coa segregación de servizos, profesionais e pacientes romperanse as bases de accesibilidade, lonxitudinalidade, continuidade asistencial e integralidade, bases consensuadas, estudadas e contrastadas pola comunidade científica, que non responden a criterios aleatorios senón obxectivos e que redundan nunha maior saúde comunitaria. Así mesmo, un dos principais problemas será a sobre carga do centro de saúde do Couto, un centro que ten menos dunha década de funcionamento despois de dilacións na súa obra e de numerosos problemas de acondicionamento pola falta de calidade destas e ser outro exemplo de improvisación administrativa.

Da mesma maneira que cando se puxo en marcha o Centro do Couto, non está habendo unha planificación coa comunidade, nin cos e coas profesionais que atenden no centro actual, nin cos e coas profesionais dos centros afectados nin coas entidades sociais e veciñais. Tampouco se está a ter en conta a crecente demanda sanitaria nun contexto social no que aumenta o avellentamento e no que se incorpora nova veciñanza. Así, unha atención primaria xa saturada vaise segregar en distintos centros sen garantir espazos e horarios adecuados nin facilitar, de ser necesario, o prolongamento da xornada. Particularmente alarmante resulta o novo agravio contra o Centro de Orientación Familiar, que se suma ás decisións contrarias ás necesidades da saúde da muller en Ourense.

Resulta inaceptable do punto de vista da xestión pública e da xestión sanitaria que a chegada, a longo prazo, dunha nova infraestrutura, teña un prezo tan alto para a comunidade na que se proxecta. Con independencia do debate social e profesional que existe arredor da idoneidade ou non de distintos aspectos do proxecto do CIS, é evidente que hai que procurar unidade e racionalidade arredor das consecuencias da posta en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

marcha desta obra e buscar unha alternativa para que se manteña unha atención sanitaria na zona que estea planificada, manteña a unidade do servizo e accesibilidade, non reduza servizos nin sature outros centros. Unha alternativa que foi formulada polas profesionais e que pasaría por reubicar o servizos, cunha mínima reforma, no histórico Centro de Especialidades situado na rúa Concello, a menos de 300 metros do actual C.S Novoa Santos.

É necesaria unha rectificación urxente por parte da Xunta de Galiza, que se interrompa a proposta de segregación profesional e sanitaria e que se acorde coa comunidade sanitaria, singularmente cos e coas profesionais, os termos de reorganización do servizo.

É preciso que a Xunta de Galiza sexa dialogante e responsable, pois estamos a falar da afectación a un terzo da poboación da cidade de Ourense e dun tempo prolongado de afectación que pode levar nunha previsión optimista arredor de cinco anos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a rectificar a súa decisión unilateral de segregar os servizos sanitarios de atención primaria que actualmente presta no Centro de Saúde Novoa Santos ante a posta en marcha das obras do futuro CIS a través das seguintes medidas:

1. Interromper de forma inmediata a posta en marcha da segregación profesional e sanitaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Constituír unha mesa de traballo plural e participativa, na que se conte especialmente cos e coas profesionais afectados e colexios profesionais, así como coa participación e escoita de asociacións veciñais e sanitarias, entidades sociais e colectivos afectados, e acordar os termos de reorganización dos servizos.

3. Dar prioridade ao acondicionamento do actual Centro de Especialidades para albergar os servizos, de forma que sexa posible un traslado adecuado e funcional antes do inicio das obras do futuro CIS.

4. Dar prioridade á reubicación do Centro de Orientación Familiar garantindo a prestación do servizo.”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 18/03/2025 09:43:31

Noa Presas Bergantiños na data 18/03/2025 09:44:18

María Montserrat Prado Cores na data 18/03/2025 09:56:12

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/03/2025 09:56:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**, relativa á situación de desamparo na que se atopa o profesorado IES As Lagoas e as actuacións que debe impulsar o goberno galego para protexer a dignidade e a seguridade da profesión docente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de febreiro de 2025 transcenderon, a través dos medios de comunicación, diversas queixas dun reducido grupo de pais, nais e alumnado que facían públicas as presuntas discrepancias coa metodoloxía didáctica e avaliacións dunha profesora de matemáticas do IES As Lagoas de Ourense e iniciaron unha serie de actos de protesta de distinta índole. Máis alá da lexítima discrepancia que pode haber por parte de calquera membro da comunidade educativa no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, que se pode vehicular por distintas canles oficiais, a situación recrúuse cun grao de intensidade e agresividade na expresión destas discrepancias que colide co ambiente de respecto e cordialidade que debe imperar no ensino público. Así, nos últimos meses o centro está a sufrir difamacións respecto da súa actividade e un sinalamento público tanto nos medios de comunicación como a través do empapelamento das instalacións e da súa contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación e o acoso mediático levou a que o propio Claustro do IES As Lagoas emitira un comunicado o pasado 26 de febreiro e a que a Xunta de Persoal Docente de Ourense tamén rexeitase, reunidos e publicamente, os feitos e a situación xerada. Máis recentemente, o pasado 12 de febreiro de 2025, as seis organizacións sindicais con representación na Xunta de Persoal Docente de Ourense convocaron unha manifestación que rematou diante da Dirección Territorial da Consellaría de Educación e que cun amplo respaldo profesional e social manifestou o apoio ao claustro do IES As Lagoas e a defensa da dignificación da profesión docente.

Desde a comunidade de profesores e profesoras pediuse de novo explicitamente que as autoridades educativas interveñan de forma contundente nesta situación. Esixiuse da administración galega, especialmente da inspección, da Dirección Territorial e da propia Consellaría de Educación que deixen de mirar para outro lado ante a gravidade dos feitos e interveñan para protexer o persoal docente da desinformación, das difamacións e dunha situación sen precedentes e velen polo cumprimento da normativa.

É necesario por parte do goberno galego unha intervención nesta situación e unha reflexión sobre a situación xerada. Estes feitos que hoxe pasan nun centro educativo concreto, que ademais está respaldado por unha ampla traxectoria, un funcionamento consolidado, uns grandes resultados académicos e unha forte integración na vida comunitaria da cidade, poden estenderse a outros centros normalizando formas e procederes impropios do que debe ser a convivencia educativa. Os termos nos que se está a dar este conflito e o recruar dos acontecementos, que non teñen precedentes, deben traer unha intervención en varias esferas para garantir a protección das e dos docentes, o bo funcionamento do ensino público e as garantías e confianza de toda a comunidade educativa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a escoitar as demandas do claustro do IES As Lagoas e da Xunta de Persoal Docente de Ourense e, ante a gravidade dos feitos que están a danar a convivencia educativa, a dignidade da profesión docente e o recoñecemento do ensino público galego, se implique na posta en marcha das distintas medidas que ten a súa disposición para protexer a seguridade da profesión docente, a convivencia da comunidade educativa, a resolución dialogada e evitar que este tipo de acontecementos se poidan dar noutros centros e que se poidan normalizar este tipo de actuacións fóra das canles reguladas.”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Cristina Fernández Davila

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 18/03/2025 12:53:39

Cristina Fernández Davila na data 18/03/2025 12:58:32

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/03/2025 12:59:08

Ana Pontón Mondelo na data 18/03/2025 12:59:09





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Carlos López Font**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As cifras da campaña de marisqueo do ano 2024 non deixan lugar a dúbidas na evidencias de que o sector do marisqueo atópase neste momento nunha situación crítica: na ría de Arousa un 93 % menos de berberecho, un 86 % menos de ameixa e 45 millóns menos de facturación nos últimos catro anos.

Con estas cifras de resultado económico do labor extractiva nas nosas rías non é estraño que se estea a producir unha perda continua da poboación de galegos e galegas que desenvolven esta actividade económica tan importante para os nosos pobos mariñeiros, sobre todo polo alto nivel de emprego feminino neste sector.

Segundo o IGE neste momento traballan no sector 3.300 persoas, 2.470 mulleres e 837 homes, que son 200 menos que o ano anterior e 400 menos que no ano 2020, ao comezo da pandemia do COVID, é dicir, no último ano caeron un 6,3 % o número de traballadoras e traballadores do marisqueo en Galicia.

Esta baixa se ve aínda mais agudizada polo baixo, e en algunhas zonas, nula presenza de persoas menores de 30 anos que se dedican a esta actividade, o que imposibilita o relevo xeracional con que é unha actividade que esta condenada a desaparición, coas consecuencias sociais e económicas da





amplas zoas da nosa costa, a que esta ademais fortemente golpeada pola baixada demográfica e a despoboación.

Á hora de facer unha diagnose son múltiples as variables que inflúen nesta situación, pero está claro que a baixada da produción debida a cambios climáticos, condiciona ambientais, contaminación, a alta mortalidade das especies, en definitiva, a perda de valor económico e garantía de sostibilidade do sector está na raíz deste problema.

O sector do marisqueo, na súa vertente económica precisa neste momento de seguridade de que esta actividade é sostible no tempo para que se manteña o nivel de emprego e, sobre todo, novas xeracións se incorporen a esta actividade.

A Consellería do Mar, en colaboración con outras unidades da Xunta de Galicia, ten a responsabilidade de facer fronte a esta situación e traballar para que o sector sexa sostible e atractivo e desa maneira fixar poboación moza nas nosas costas para que os nosos pobos mariñeiros teñan futuro.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Poñer en marcha dun plan de choque para que se revista a situación de perda continuada dos traballadores e traballadoras no marisqueo, con especial incidencia na incorporación de novas xeracións a esta actividade.
2. Este plan deberá contar con actividades de información, formación e incentivo de incorporación a este sector.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 13:58:18
Nº Rexistro: 21949
Data envío: 18/03/2025 13:58:18.791

3. Elaborar un plan económico financeiro para sostibilidade do marisqueo que prevea axudas e compensación económicas de activación automática en situacións de cese de actividade por peche programado dos bancos marisqueos acordado entre a Xunta de Galicia e os representantes do traballadores do mar.

Santiago de Compostela, a 18 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 18/03/2025 13:52:05

Carlos López Font na data 18/03/2025 13:52:16

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2025 13:52:23





Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, **Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5ª**.

O proxecto do novo Centro Integral de Saúde Novoa Santos da cidade de Ourense, que se levantará no solar de Juan XXIII tras demoler o actual, foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia como proxecto público de urxencia e de interese excepcional en virtude da Lei 3/2016, do 1 de marzo.

O dito proxecto foi recorrido en vía contencioso administrativa, polos veciños lindeiros, conforme aos informes desfavorables dos técnicos municipais en relación coa altura e fondo que tachan de desproporcionados.

Os últimos acontecementos en relación con esta infraestrutura acontecía nos pasados días cando se anunciaba a próxima demolición do edificio de Juan XXIII e a actual xerencia informaba de que os doentes do Novoa Santos serían recolocados no Centro de Saúde do Couto e no centro de Especialidades da rúa Concello de forma que os traballadores e traballadoras da quenda de mañá pasasen a traballar no centro de especialidades, sito na rúa Concello, así como os deslizantes que combinan traballo de tarde e mañá serán trasladados ao Centro de Saúde do Couto. Pediatría será trasladado ao centro de especialidades, o farmacéutico ao Centro de Saúde do Couto, as matronas ao Centro de Saúde do Couto, Odontoloxía (odontóloga + hixienista + auxiliar) ao Centro de Saúde do Couto, o Centro de Orientación Familiar ao hospital, nutricionista ao Centro de Saúde





do Couto, a traballadora social ao Centro de Saúde do Couto e a área administrativa repártese para ambos os centros.

Así as cousas, os profesionais entenden que existe falta de previsión dado que non hai datas para o inicio das obras do centro de saúde integral, non hai licitación e non están resoltas as alegacións dos veciños; o cambio afecta ao 29,8 % dos habitantes da cidade; non é unha decisión participativa, contrastada coa poboación afectada.

Xérase un grave problema dado que o Centro de Saúde do Couto duplicaría practicamente a súa asistencia, pasaría de ter asignadas 9.500 persoas a 19.000.

Por outra banda, o histórico e emblemático centro de orientación familiar queda desmantelado e non teñen noticias sobre o centro de saúde mental.

Por iso, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que de forma inmediata presente no Parlamento de Galicia unha planificación para reformular a prestación sanitaria do actual Centro de Saúde Novoa Santos, dunha maneira razoable e eficaz, unha vez escoitadas as partes afectadas.

Parlamento de Galicia, 18 de marzo de 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21954
Data envío: 18/03/2025 14:06:34.294

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 18/03/2025 13:58:17

Elena Espinosa Mangana na data 18/03/2025 13:58:27

Silvia Longueira Castro na data 18/03/2025 13:59:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2025 13:59:14

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75211

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de febreiro do 2025 publicouse no DOG o Decreto 16/2025, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Entre os cambios máis significativos da norma regulamentaria, está o cambio de adscrición orgánica do Instituto Galego de Estatística (IGE), que antes dependía da Consellería de Facenda, e agora pasa a depender directamente da Presidencia da Xunta de Galicia a través da Oficina de Coordinación Económica.

A decisión coñécese cinco meses despois da polémica aberta polo informe do instituto estatístico que concluía que un de cada tres nenos galegos non saben falar a lingua propia da comunidade.

Por unha banda, a Xunta de Galicia anunciou no Pleno do 10 de marzo do 2025 cambios na xestión e tratamento dos datos estatísticos públicos. Neste semestre vai a licitar un contrato para que as empresas tecnolóxicas “poidan ofrecer os seus servizos para centralizar, xestionar e explotar os distintos datos” que ten o Goberno galego.





É dicir, en cuestión duns meses unha compañía privada poderá reunir e tratar a información do IGE, o Instituto Galego de Estatística, as consellerías, as universidades e outros organismos, para segundo motivacións dadas polo goberno galego se “poida dispoñer con axilidade e precisión de información pública actualizada”.

O anuncio fíxoo o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, na rolda de prensa posterior á reunión semanal do Consello da Xunta de Galicia. Asegurou que a intención é “optimizar” o uso de datos para dar mellores servizos. E a Xunta de Galicia optou por recorrer aos servizos dunha empresa externa para aplicar “as ferramentas e instrumentos que existen”.

Por outra banda, non coñecemos a día de hoxe as actuacións levadas a cabo pola creación da nova Oficina Económica de Galicia; poderíamos presupoñer que as súas funcións ían ser de gran relevancia no aspecto económico do Goberno galego, pero analizando polo miúdo o novo Decreto de estrutura orgánica da Presidencia, observamos que a Oficina económica de Galicia carece de funcións executivas, son máis ben de coordinación, de estudo e análise.

Asemade, moitas das súas atribucións dúplícanse con outros órganos ou unidades creadas, como a oficina económica no Instituto Galego de Promoción Económica, a sociedade Impulsa, ou de outros órganos directivos da Consellería de Facenda e mesmo da Consellería de Economía e Industria.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 17:02:13
Nº Rexistro: 21961
Data envío: 18/03/2025 17:02:13.799

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que presente ante esta Cámara:

1. Un informe no prazo de 3 meses no que se aclare cal vai a ser o alcance da externalización das funcións públicas de estática galega no contrato, na xestión e no tratamento dos datos estatísticos públicos, co fin de garantir a efectiva a fiscalización do Goberno galego por parte dos grupos da oposición.
2. Un informe con periodicidade trimestral sobre as actividades desenvolvidas pola devandita oficina, co fin de garantir e favorecer a transparencia e a rendición de contas da nova Oficina Económica de Galicia.

Santiago de Compostela, a 18 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 18/03/2025 16:34:25

Elena Espinosa Mangana na data 18/03/2025 16:34:35

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75214

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 17:02:13
Nº Rexistro: 21961
Data envío: 18/03/2025 17:02:13.799

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/03/2025 16:34:44

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75215

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Mercedes Queixas Zas** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre o remate do prazo para a incoación como BIC do Museo Carlos Maside de Sada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 11 de agosto de 2023 o DOG publicaba a resolución de incoación para declarar BIC o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña).

Dábase resposta, trece anos despois, a un acordo unánime deste Parlamento e despois de continuas reclamacións de colectivos sociais e culturais e institucións como o Consello da Cultura Galega ou o Concello de Sada, ás que nos temos sumado o grupo parlamentario do BNG, trasladándoas a diferentes debates nesta cámara, por causa do deterioro progresivo do edificio e da consecuente afectación á colección museística única que nel se conserva.

Un desleixo que comprometeu a memoria da vangarda artística galega, recuperada da memoria do exilio, como proxecto cultural senlleiro xestado por dous referentes imprescindíbeis como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo que capitanearon a industria cultural de raíz máis prestixiosa de Galiza.

Con todo, unha vez analizada a resolución da incoación do expediente BIC, volveron acordar novos interrogantes a respecto da protección e conservación íntegra do proxecto cultural en que se integra o Museo Carlos Maside desde o seu nacemento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na proposta inicial de declaración BIC resultou tan incomprensíbel a deturpación do nome orixinal do museo como que se cinga só ao edificio do museo desarraigándoo do conxunto da Cerámica do Castro, tal e como se procedeu no momento da declaración BIC para o conxunto de Sargadelos.

Transcorridos 19 meses da incoación do expediente BIC e a escasos 5 meses de rematar o prazo máximo para completar e pechar o procedemento, renace a preocupación social ante a resolución final que o goberno da Xunta vai adoptar para garantir a preservación fidedigna dunha das columnas vertebrais do proxecto cultural de Isaac Díaz Pardo e Luís Seoane.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Respetar, na incoación da declaración BIC, o nome orixinal do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña) e incluír o conxunto da Cerámica do Castro anexa ao museo, en consonancia coa declaración BIC da Fábrica de Cerámica de Sargadelos de Cervo (Lugo).
2. Velar para que sexa o Laboratorio de Formas parte activa responsábel da xestión do Museo, como substrato e raíz histórica que é do amplo proxecto de industria cultural ao que deron vida Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo para recuperar a memoria, a tradición e a cultura popular galega.”

Santiago de Compostela, 19 de marzo febreiro de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Mercedes Queixas Za**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 19/03/2025 10:20:37

Daniel Castro García na data 19/03/2025 10:25:28

Ana Pontón Mondelo na data 19/03/2025 10:25:32





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O centro de saúde de Negreira dá servizo aos case 7.000 habitantes do concello, poboación que nos últimos anos presenta tendencia de crecemento, segundo os datos do INE. Ademais tamén dá servizo ás poboacións próximas dos concellos limítrofes, que igualmente están incrementando en poboación, sobre todo no verán en que teñen que compensarse ausencias de determinadas especialidades nos distintos centros de saúde da comarca.

O centro actual xa está sobrepasado e cunhas infraestruturas deterioradas e con dificultades de accesos en caso de urxencias. Nos últimos anos, en distintas ocasións os servizo de infraestruturas do Sergas realizaron inspeccións que constataron importantes carencias e deficiencias que non permiten dar servizos sanitarios en condicións adecuadas. O nivel de deterioro e a situación e dimensión do centro actual fai que nos sexa eficiente afrontar unha reparación ou actualización do centro actual polo que, os propios técnicos, recomentan a construción de un novo centro construído en outra localización con instalacións modernas que permitan uns servizos de máxima calidade sanitaria.

O Concello de Negreira, polo que manifesta o Concello, está dispoñible para aportar os terreos precisos así como facilitar os trámites para a súa cesión ao





Sergas así como as licencias necesarias para permitir a construción do novo centro de saúde.

A Consellería en varias ocasións mostrouse favorable a construción deste novo centro recoñecendo a situación deficitaria do centro actual, pero pasan os anos e estas promesas non se plasman nin na tramitación ou redacción do convenio entre o Sergas e o Concello de Negreira nin existe constancia que se atope entre as previsións de investimentos futuros de construción do Sergas, como sucede noutros concellos como Noia, en fase de proxecto construtivo, ou Porto Son que xa está prevista a próxima construción, cousa que nos parece moi adecuada pero Negreira tamén ten necesidade de que se planifique estas novas instalacións.

Polo tanto é necesario que a Consellería de Sanidade e o Sergas teñan en conta este novo centro de saúde do Concello de Negreira nos seus plans de infraestruturas sanitarias, que se asigne o Convenio de colaboración co Concello de Negreira no que se recolla a situación, as condicións das instalacións e unha planificación dos investimentos para a construción do novo centro de saúde.

E por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incluír un novo centro de saúde no Concello de Negreira nos plans de infraestruturas sanitarias, un novo centro moderno, con instalacións óptimas para prestar servizos sanitarios de calidade que merece a nosa cidadanía.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 13:15:56
Nº Rexistro: 21982
Data envío: 19/03/2025 13:15:56,239

2. Elaborar e asinar o Convenio de colaboración co Concello de Negreira no que se recolla a situación e as condicións das instalacións de construción do novo centro de saúde.

Santiago de Compostela, a 19 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/03/2025 13:07:04

Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 13:07:15

Julio Abalde Alonso na data 19/03/2025 13:07:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/03/2025 13:07:32

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75221

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A enfermidade celíaca, segundo a Organización Mundial de Gastroenteroloxía, é unha enfermidade autoinmune provocada pola inxestión de alimentos que conteñen glute. Esta alteración intestinal non só se produce cando se consumen alimentos con alto contido de glute, senón tamén cando hai contaminación cruzada en alimentos que, en principio, non contiñan glute, pero que, debido á manipulación, poden quedar contaminados con trazas deste.

A Asociación de Celíacos de Galicia (Acega) estima que a prevalencia desta enfermidade correspóndese co 1 % da poboación, arredor dos 27.000 galegos e galegas. A parte diso, consideran que entre o 75-80 % da poboación celíaca aínda non está diagnosticada. Segundo as estatísticas da Sociedade Española de Patoloxía Dixestiva as diagnoses de enfermidade aumenta exponencialmente un 30% cada ano. Estes datos de diagnose chocan de xeito frontal contra a adaptación real da sociedade, así como das entidades pertencentes á hostalería.

Esta enfermidade xera unha fenda na poboación o ter que cambiar, non so a alimentación diaria, senón que tamén a adaptación de todos os hábitos sociais. Se non fose pouco a adaptación completa da vida, esta enfermidade xera outra fenda, neste caso económica.

A Federación de Asociacións de Celíacos de España, nun informe do 2024, amosa que na adquisición de produtos específicos sen glute destínase arredor





de 1.704.40 €, elevándose en 167.57 € con respecto ó ano 2023 tendo en conta a subida do 10,90 % dos produtos sen glute. Esta cifra sitúa o gasto adicional da poboación celíaca en 1.087,72 € fronte as dietas que o permiten. Salientan dende esta federación que en puntos concretos do calendario como pode ser o Nadal, a disparidade de prezos entre os produtos con e sen glute alcanza o seu punto máximo, chegando a custar un 240 % máis.

O pan sen glute, un alimento que case a totalidade da poboación consume a diario e que o 100g de media ten un custe de 1,27 € mentres que se se trata de pan común, con glute, estes 100g custan 0,23 €. É dicir, este pan ten un incremento do 452,17 % máis caro. E se atendemos ós prezos da pasta esta porcentaxe elévase ate o 757 %.

Estes prezos elevados causan moitas dificultades nas familias con menos recursos que, se xa lles custa chegar a fin de mes, esta situación agrava aínda máis a súa capacidade para cubrir necesidades básicas.

O Goberno de España está xa actuando sobre o tema. Nas súas competencias, reduciu a través do Ministerio de Facenda, o IVE do 10 % ó 4 %. O Concello de Barbadás achega 400 € anuais para aquelas persoas diagnosticadas con celiacía. A Xunta de Galicia ten que ir máis aló do fomento do comercio e a restauración para as persoas celíacas, que está ben, pero con prezos desorbitados dos produtos sen glute non é unha prioridade ir a restaurantes para as familias que teñen que pagar case 100 € máis cada mes pola compra, por cada celíaco que conviva nese núcleo e máis atendendo o sobrecusto que teñen os produtos sen glute na hostalería. A Xunta de Galicia dentro das súas competencias en benestar social debe actuar con achegas directas ás familias con menores recursos e con persoas diagnosticadas como celíacos e celíacas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 13:26:28
Nº Rexistro: 21988
Data envío: 19/03/2025 13:26:28.821

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia:

1. Á creación dunha liña de axudas dirixida a cubrir a diferenza económica entre os produtos con glute e sen glute, destinada a aquelas persoas diagnosticadas como celíacas nos fogares con menos recursos, atendendo á renda do fogar.
2. A establecer plans de formación, concenciación e adaptación de toda a hostalería ás persoas celíacas.

Santiago de Compostela, 19 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/03/2025 13:19:05

Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 13:19:35

Silvia Longueira Castro na data 19/03/2025 13:19:40

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75224

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21994
Data envío: 19/03/2025 16:00:31.568

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz, presenta ante esa Mesa unha corrección de erros nos documentos con número de rexistro: 21988 e 21989, advertido un erro en ditos documentos.

Corrección de erros:

Onde di

“Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Silvia Longueira Castro** e **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz...”;

debe dicir:

“Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz...”.

Santiago de Compostela, 19 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75225

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21994
Data envío: 19/03/2025 16:00:31.568

Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 15:59:18

Silvia Longueira Castro na data 19/03/2025 15:59:32

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/03/2025 15:59:44

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

75226

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios, atraer a inversión e sobre todo, contar coa cidadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados para que o aproveitamento destes recursos respecte escrupulosamente o medio ambiente, biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para as galegas e galegos.

A política enerxética e industrial do goberno non é recoñecible no noso país, porque está sumida nunha inseguridade xurídica sen precedentes. O Goberno galego non está a liderando a transición enerxética e facilitar o asentamento de proxectos industriais sostibles no noso país. Hai no momento actual cerca de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por incumprimento de criterios de sustentabilidade ambiental. Este caos, sen precedentes, na paralización do desenvolvemento eólico en Galicia é responsabilidade exclusiva do Goberno galego que levan case 16 anos no goberno.

Ademais, o Goberno galego optou pola privatización na xestión dos nosos recursos naturais, xa que se substitúe a política pública enerxética pola xestión





a través dunha sociedade privada, a sociedade de Recursos de Galicia- RdeG- na que a Xunta de Galicia ten o 30 % do capital social.

Foi a través dos medios de comunicación - o 14 de novembro de 2023- cando coñecemos a noticia da creación da sociedade público- privada- que nace “baixo o paraugas da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais en Galicia” ó acadar os 100 millóns en 2027, sendo a participación no dito capital da Xunta de Galicia o 30 %, correspondendo o 70 % restante a empresas galegas, e “garantía de que a xestión da riqueza natural de Galicia se traduza en riqueza social”.

Segundo as novas, sempre por medios de comunicación a empresa Sociedade de Recursos de Galicia- en adiante RdeG- constitúese para o despregamento de novos proxectos de enerxía renovable, ligados á minaría ou que requiran da concesión de auga para usos como o acuícola, agropecuarios ou a produción industrial de bens de consumo.

Coa sociedade RdeG xa constituída, tramitouse logo no Parlamento o Proxecto de lei para promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais de Galicia. Polo tanto, creábase primeiro a sociedade privada-pública, sen tan sequera ter aprobada a lei que regularía o aproveitamento de recursos para beneficio social e económico. Esta forma de proceder amosa unha falta de respecto polo funcionamento democrático das institucións e do control que debe exercer o poder lexislativo ao executivo galego.

A Lei 2/2024, do 7 de novembro, xa en vigor, foi aprobada unicamente cos votos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e pretendeu avalar legalmente a creación opaca da sociedade RdeG, que se artellou precisamente para fuxir do entorno de control público e da rendición de contas da devandita





sociedade, ao amparo do artigo 102 da Lei 16/2010 de ordenación e funcionamento do sector público autonómico (LOFAXGA).

Pola vía do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para poder exercer o noso labor de fiscalización do Goberno galego, solicitamos, ata en nove ocasións, o expediente de creación, así como as sucesivas modificacións societarias de RdeG. A día de hoxe, segue sen remitirse o expediente administrativo que debe obrar en poder da Consellería de Facenda, ao amparo do artigo 93 da Lei de patrimonio de Galicia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse á Consellería de Facenda e á Sociedade de Recursos de Galicia para que remita á Cámara galega un informe completo de:

- Creación, modificacións societarias, ampliacións de capital, así como as subscricións de capital desembolsado polos accionistas dende a súa creación, de conformidade co previsto no artigo 93 da Lei de patrimonio de Galicia.
- Procedementos de selección do CEO e do persoal directivo da Sociedade de Recursos de Galicia, así como a relación anonimizada do cadro de persoal contratado, dende a súa creación.
- Contratación de consultaría e asistencia técnica subscritos pola Sociedade de Recursos de Galicia, dende a súa creación.
- Rendición de contas anuais e as auditorías de contas da Sociedade de Recursos de Galicia.

Santiago de Compostela, a 19 de marzo do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21996
Data envío: 19/03/2025 16:11:35.197

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/03/2025 15:40:15

Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 15:40:25

Lara Méndez López na data 19/03/2025 15:40:33

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/03/2025 15:40:43

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75230

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios, atraer a inversión e sobre todo, contar coa cidadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados para que o aproveitamento destes recursos respecte escrupulosamente o medio ambiente, biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para as galegas e galegos.

A política enerxética e industrial do goberno non é recoñecible no noso país, porque está sumida nunha inseguridade xurídica sen precedentes. O Goberno galego non está a liderando a transición enerxética e facilitar o asentamento de proxectos industriais sostibles no noso país. Hai no momento actual cerca de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por incumprimento de criterios de sustentabilidade ambiental. Este caos, sen precedentes, na paralización do desenvolvemento eólico en Galicia é responsabilidade exclusiva do Goberno galego que levan case 16 anos no goberno.

Ademais, o Goberno galego optou pola privatización na xestión dos nosos recursos naturais, xa que se substitúe a política pública enerxética pola xestión





a través dunha sociedade privada, a sociedade de Recursos de Galicia- RdeG- na que a Xunta de Galicia ten o 30 % do capital social.

Foi a través dos medios de comunicación - o 14 de novembro de 2023- cando coñecemos a noticia da creación da sociedade público- privada- que nace “baixo o paraugas da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais en Galicia” ó acadar os 100 millóns en 2027, sendo a participación no dito capital da Xunta de Galicia o 30 %, correspondendo o 70 % restante a empresas galegas, e “garantía de que a xestión da riqueza natural de Galicia se traduza en riqueza social”.

Segundo as novas, sempre por medios de comunicación a empresa Sociedade de Recursos de Galicia- en adiante RdeG- constitúese para o despregamento de novos proxectos de enerxía renovable, ligados á minaría ou que requiran da concesión de auga para usos como o acuícola, agropecuarios ou a produción industrial de bens de consumo.

Coa sociedade RdeG xa constituída, tramitouse logo no Parlamento o Proxecto de lei para promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais de Galicia. Polo tanto, creábase primeiro a sociedade privada-pública, sen tan sequera ter aprobada a lei que regularía o aproveitamento de recursos para beneficio social e económico. Esta forma de proceder amosa unha falta de respecto polo funcionamento democrático das institucións e do control que debe exercer o poder lexislativo ao executivo galego.

A Lei 2/2024, do 7 de novembro, xa en vigor, foi aprobada unicamente cos votos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e pretendeu avalar legalmente a creación opaca da sociedade RdeG, que se artellou precisamente para fuxir do entorno de control público e da rendición de contas da devandita





sociedade, ao amparo do artigo 102 da Lei 16/2010 de ordenación e funcionamento do sector público autonómico (LOFAXGA).

Pola vía do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para poder exercer o noso labor de fiscalización do Goberno galego, solicitamos, ata en nove ocasións, o expediente de creación, así como as sucesivas modificacións societarias de RdeG. A día de hoxe, segue sen remitirse o expediente administrativo que debe obrar en poder da Consellería de Facenda, ao amparo do artigo 93 da Lei de patrimonio de Galicia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse á Consellería de Facenda e á Sociedade de Recursos de Galicia para que remita á Cámara galega un informe completo de:

- Creación, modificacións societarias, ampliacións de capital, así como as subscricións de capital desembolsado polos accionistas dende a súa creación, de conformidade co previsto no artigo 93 da Lei de patrimonio de Galicia.
- Procedementos de selección do CEO e do persoal directivo da Sociedade de Recursos de Galicia, así como a relación anonimizada do cadro de persoal contratado, dende a súa creación.
- Contratación de consultaría e asistencia técnica subscritos pola Sociedade de Recursos de Galicia, dende a súa creación.
- Rendición de contas anuais e as auditorías de contas da Sociedade de Recursos de Galicia.

Santiago de Compostela, a 19 de marzo do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21997
Data envío: 19/03/2025 16:11:49.322

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/03/2025 15:41:15

Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 15:43:55

Lara Méndez López na data 19/03/2025 15:44:06

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/03/2025 15:44:15

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75234

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e do deputado **Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre a anulación parcial polo TSXG da normativa que regula as entidades de colaboración ambiental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 12 de marzo fíxose pública a sentenza do TSXG que anula parcialmente, dando resposta a un recurso presentado pola CIG, a normativa que regula as “entidades de colaboración ambiental”, previstas na *Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza* e no Decreto que a desenvolve.

Tanto a nota publicada polo Consello Xeral do Poder Xudicial como o texto da sentenza cuestiona con dureza a normativa aprobada polo goberno galego e anula parte do *Decreto 102/2023, do 15 de xuño, polo que se regulan as entidades de colaboración ambiental e se crean o Rexistro de Entidades de Colaboración Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia e o Banco de persoas expertas en avaliación ambiental*.

A motivación central desta sentenza é que as citadas entidades supoñen “unha verdadeira privatización da tramitación da avaliación ambiental”, de maneira que unha competencia exclusiva da administración queda residenciada na iniciativa privada. A ilegalidade desta externalización queda expresada de maneira contundente na sentenza, ao “trasladar a unha empresa privada funcións que están reservadas a funcionarios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos, porque reciben incluso de xeito explícito o mandato de valorar alegacións e informes". O que vén sinalar a sentenza é que as citadas entidades non son "colaboradoras" da administración senón que son "suplantadoras" e "substitutas" das funcións que corresponden ao persoal da administración, xa que "non colaboran coa administración, senón que suplantán á administración durante nada menos que toda a tramitación da avaliación ambiental".

Se ben esta sentenza non é firme e cabe a posibilidade de recurso, a realidade é que os termos da mesma deixan en mal lugar a Xunta do PP e poñen de manifesto como se vulnera de maneira sistemática a lei na tramitación das avaliacións ambientais.

Máis alá desta figura concreta, a Xunta leva anos externalizando as funcións do persoal da administración na tramitación de avaliacións e informes ambientais, o que podería derivar en responsabilidades e nulidade das actuacións. É o caso da "administración paralela" da empresa TRAGSATEC, que recibiu numerosas encomendas de xestión para trámites ambientais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Deixar sen efecto a parte do *Decreto 102/2023, do 15 de xuño, polo que se regulan as entidades de colaboración ambiental e se crean o Rexistro de Entidades de Colaboración Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia e o Banco de persoas expertas en avaliación ambiental*, que foi anulado pola sentenza do TSXG.

2. Respetar as funcións e competencias do persoal ao servizo da administración e non suplantalas a través de empresas ou persoas privadas, nomeadamente no caso das avaliacións e nos informes ambientais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Facer públicos todos os informes e avaliacións realizados por entidades de colaboración ambiental e persoas expertas en avaliación ambiental, ao abeiro da normativa anulada polo TSXG.”

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 19/03/2025 16:33:34

Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/03/2025 16:33:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández** e **Ariadna Fernández González**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a avaliación da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024 e a aprobación dunha nova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2024 rematou a vixencia da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024. Segundo o propio documento aprobado, a Xunta de Galiza debía facer un seguimento e avaliación dos instrumentos e medidas nela previstas así como realizar un informe final para valorar o seu grao de cumprimento e os resultados obtidos.

De igual maneira, a Xunta de Galiza debe aprobar unha nova Estratexia para o seguinte período. Neste senso, a Consellaría de Política Social tivo a exposición pública un documento preliminar de estrutura e obxectivos para a Estratexia 2024- 2030. Porén, a día de hoxe continúa sen aprobar aínda o novo documento.

Este 2025 cúmprense 600 anos da chegada do pobo xitano á Península Ibérica. Malia o tempo transcorrido a falta de inclusión social da poboación xitana no noso País é evidente. Segundo os datos que nos traslada a Fundación Secretariado Xitano, a nivel estatal:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A taxa de abandono escolar entre o alumnado xitano é do 86% fronte ao 13,3% da poboación xeral.
- Aos 11 anos o 40% do estudantado xitano repetiu curso.
- A taxa de fracaso escolar é desproporcionada situándose no 62.8% entre a poboación xitana fronte apenas o 4% da poboación xeral.
- O 86% das persoas xitanas están en situación de pobreza e o 46% en extrema pobreza.
- A taxa de pobreza infantil é do 89%.
- Máis de 9.000 familias galegas continúa vivindo en infravivendas e/ou chabolas.

É evidente que urxen medidas específicas e decididas para combater a pobreza e a exclusión social que sobre o pobo xitano tanto en Galiza como no conxunto do Estado español. Medidas decididas encamiñadas a acabar coa desigualdade que atinxe a poboación xitana especialmente en dous ámbitos: a educación e o dereito a unha vivenda digna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a comparecer na Cámara para dar conta dos resultados obtidos na avaliación final da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024 e das medidas incluídas na Estratexia para 2025-2030.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste senso, o Goberno galego deberá remitir aos grupos previamente toda a documentación.”

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/03/2025 16:52:07

Ariadna Fernández González na data 19/03/2025 16:52:10



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

A veciñanza das comarcas de Valdeorras, Quiroga e Lemos leva anos de agarda pola execución da Autovía A-76, que conectaría Ponferrada con Ourense, converténdose nunha infraestrutura clave para acceder á Meseta desde o interior da comunidade, vertebrando tamén estas zonas das provincias de Lugo e Ourense.

A pesar do seu carácter estratéxico, forma parte da xa longa lista de incumprimentos do Goberno de coalición que preside Pedro Sánchez en materia de infraestruturas. De feito, foi o seu Executivo quen recentemente anunciara a licitación dos treitos entre O Barco e Ponferrada, que tampouco se materializou.

O proxecto da autovía A-76, de algo máis de 131 quilómetros de lonxitude, divídese en doce tramos, todos eles paralizados: Iníciase na provincia de León, en concreto entre Villamartín da Abadía e Requejo (6,35 quilómetros). O seguinte segmento da autovía é o que une A Veiga de Cascallana co Barco de Valdeorras (Ourense). O resto dos tramos: O Barco de Valdeorras-A Rúa (16,9 quilómetros), A Rúa-Figueiredo (6,59), Figueiredo-San Clodio (7,58), San Clodio-Carballo de Lor (13,52), Carballo de Lor-A Pobra do Brollón (7,62) e A Pobra do Brollón-Monforte (5,7 quilómetros) completarían o seu percorrido.

A situación de bloqueo desta autovía non é ningunha novidade. O incumprimento sistemático do pacto de investidura selado entre o PSOE e o BNG está a amosar a renuncia de ambas forzas políticas a impulsar eixes de comunicación estratéxicos para o interior de Galicia como a autovía Ourense-Lugo (A-56) ou a Ponferrada (A-76)

O Executivo estatal nin avanza na planificación dos tramos necesarios para impulsar estas infraestruturas viarias, nin habilita os investimentos correspondentes. A isto hai que engadir a negativa do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible de trasladar aos galegos información rigorosa e transparente sobre o estado destas infraestruturas e as previsións reais que manexa en canto á súa execución.



Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para impulse a execución da autovía A-76 entre Ourense e Ponferrada, por tratarse dunha infraestrutura estratéxica para acceder á Meseta desde o interior da comunidade, vertebrando as comarcas de Valdeorras, Quiroga e Lemos das provincias de Lugo e Ourense.

Asemade, o Goberno galego dirixirase ao Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible para lembrarlle a necesidade de trasladar información rigorosa e transparente sobre o estado dos principais proxectos de infraestruturas viarias estatais en Galicia e as previsións reais que manexa en canto á súa execución”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 09:54:37

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 09:55:32

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 09:55:57

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 09:56:20

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 09:56:31

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 09:56:43

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 09:56:56

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 09:57:22

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 09:57:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia) [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 09:58:57
Nº Rexistro: 22052
Data envío: 20/03/2025 09:58:57,587

María Deza Martínez na data 20/03/2025 09:57:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

O Goberno de coalición que preside Pedro Sánchez segue bloqueando de forma obstinada o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galicia.

Abusando da súa maioría na Mesa do Congreso dos Deputados vén de acordar a 22ª prorroga nesta lexislatura de presentación de emendas á proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada á Comunidade galega. Polo tanto, son xa 37 as prórrogas desde que Sánchez asumise a Presidencia do Goberno de España.

É absolutamente inexplicable e inxustificable o desprezo a esta iniciativa lexislativa aprobada pola unanimidade do Parlamento de Galicia e que siga bloqueándose a súa tramitación parlamentaria, mentres Sánchez cumpre os caprichos do independentismo catalán e vasco.

Tampouco é sinxelo explicar como o BNG pode seguir apoiando ao Goberno de Sánchez mentres desde A Moncloa seguen maltratando a Galicia, como demostra o feito de que tamén no Senado votaron recentemente en contra da transferencia e da gratuidade da AP-9, demostrando o seu escaso interese en que se fagan efectivas.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse á Mesa do Congreso para que poña fin á actitude obstrucionista e permita avanzar na tramitación final ante o Pleno da proposición de lei orgánica de transferencia da titularidade e competencias da autoestrada AP-9 á Comunidade galega, aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia”



Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 10:07:01

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 10:07:18

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 10:18:11

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 10:18:24

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 10:18:37

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 10:18:51

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 10:19:05

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 10:19:15

María Deza Martínez na data 20/03/2025 10:19:32

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 10:20:15

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

A día de hoxe, o Goberno de España foi incapaz de explicar por que non elaborou e presentou o estudo sobre as vías xurídicas para a anulación da prórroga e a valoración dos custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da autoestrada AP-9.

Todo iso a pesar de que son varios os acordos, tanto no Parlamento de Galicia como nas Cortes Xerais que supoñen unha obriga ao Goberno de España nese mesmo sentido e que insistían na oportunidade de dispoñer dese estudo.

O obxectivo é coñecer con transparencia cales son eses cálculos e que esta avaliación favoreza a toma de decisións políticas ao redor do futuro da autopista do Atlántico, unha das infraestruturas viarias máis importantes para a vertebración do territorio galego.

O desprezo do Goberno Sánchez é tal que mesmo desoe as iniciativas lexislativas e non lexislativas aprobadas por unanimidade dos deputados que forman o Parlamento de Galicia, incluídos os nove deputados socialistas.

Por citar os exemplos máis significativos, o 25 de setembro de 2024, unha proposición non de lei aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia neste mesmo sentido. En segundo lugar, este mesmo ano, o 26 de febreiro: o Pleno do Parlamento de Galicia aproba por unanimidade unha proposición non de lei instando a que non se bloquee a transferencia da AP-9 a Galicia e instando a realización deste estudo.

Desta situación non parece ser moi consciente o PSdeG tendo en conta que os seus dirixentes -mesmo no recente congreso político autonómico- prometen chegar á





liberación das peaxes, promesa que tamén formularon en campaña electoral e que se converteu nun incumprimento máis que manifesto.

De calquera xeito, para Galicia é prioritario poder considerar os custos que xa soporta hoxe o Estado para financiar as actuais bonificacións e as peaxes na sombra, pero tamén os que quedan ata o fin da concesión.

Ante a pasividade do Goberno de España, a Xunta de Galicia si foi capaz de mover ficha e facilitou o estudo destes temas, cos datos dispoñibles, e encargou en xuño de 2024, unha análise sobre o custe pormenorizado do que podería supoñer o rescate e outros escenarios da transferencia e da propia gratuidade.

Ese estudo púxose en setembro de 2024 ao dispor do ministerio, e cifraba un valor desde 526 millóns de euros no escenario simplemente de transferencia máis as bonificacións, e que podía chegar ata os 2.355 millóns de euros no suposto máis gravoso.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar diante do Goberno de España a necesidade de elaborar o presentar un estudo sobre o custo estimado do rescate da AP9, a gratuidade dos seus peaxes e as distintas vías xurídicas para anular a prórrogas da súa concesión”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 11:07:00

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 11:07:13

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 11:07:29

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 11:07:40

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 11:07:58



Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 11:08:10

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 11:08:30

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 11:08:41

María Deza Martínez na data 20/03/2025 11:09:02

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 11:09:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Ángel Rodríguez Conde, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O 13 de xuño de 2017 acadouse un acordo, por unanimidade, na Comisión 2ª de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos do Parlamento de Galicia, no que se demanda ao Goberno de España aprobar “o proxecto e execución das obras de humanización da estrada N-550 ao seu paso polo lugar da Ponte, en Padrón”, isto é o acceso ao municipio desde a localidade de Pontecesures (Pontevedra).

Con posterioridade, o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado presentado polo Goberno Rajoy no ano 2018, contemplaba unha partida económica plurianual para a mellora N-550 o seu paso polo municipio de Padrón, para o que consignaba un montante de 4,5 millóns de euros. Sen embargo, tras a moción de censura e o cambio do Goberno, a dotación nunca chegou a materializarse, e dende fai 7 anos fica sen executarse, xa que o Goberno Sánchez non a incluíu nos seus orzamentos. Cómpre non esquecer que este plan tiña como fin da obra o ano 2020 e, a pesares disto seguimos á espera hoxe, cando teñen transcorrido 25 anos do inicio do expediente para expropiar os terreos necesarios para materializar este proxecto.

Mentres tanto, esta estrada nacional, que é fundamental para a comunicación dos cidadáns, atópase en condicións malas e de inseguridade, con evidentes signos de deterioro, tales como fochancas, sinalización deficiente producida polo desgaste da pintura, pero sobre todo con graves carencias de accesibilidade e seguridade peonil (ata o punto de que vehículos e peóns comparten espazo, ao carecer de zonas propias como beirarrúas) e tamén, insuficiente iluminación nalgúns tramos que derivan nun incremento do risco de accidentes na vía.

Ata tal punto é evidente esta situación que o seu arranxo constitúe unha demanda compartida por todos os grupos municipais de Padrón, da que o Grupo Parlamentario Popular de Galicia queremos facernos eco. Resulta, en consecuencia imprescindible que se adopten las medidas que garantan a seguridade, a mellora e a humanización da estrada N-550, en particular, no tramo correspondente á Ponte, en Padrón.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Cómpre sinalar finalmente, que o proxecto de humanización desta travesía, deseñado polo Goberno do Partido Popular contaba con todos os informes sectoriais necesarios para a súa execución e, a pesar diso, permanece paralizado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para:

- 1.- Executar con carácter de urxencia as obras de humanización do tramo da estrada N-550 ao seu paso pola Ponte, en Padrón, segundo proxecto aprobado no seu día e non materializado.
- 2.- Actualizar o proxecto, de ser o caso, incorporando todas as obras necesarias para a mellora da seguridade viaria e peonil, renovación da sinalización e mellora da iluminación deste treito”.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 10:49:35

Ángel Rodríguez Conde na data 20/03/2025 10:49:54

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 10:50:06

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 10:50:23

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 10:50:38

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 10:50:50

María Deza Martínez na data 20/03/2025 10:51:04

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 10:51:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 10:51:32

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 10:51:46

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 10:52:00

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Nicole Grueira Fernández, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

Un dos proxectos de infraestrutura viaria máis demandados e de máis claro interese estratéxico para a comarca de A Mariña lucense é a coñecida como Autovía A-74 (Autovía da Mariña) que unirá as localidades de San Ciprián, no termo municipal de Cervo e Barreiros, e que servirá a súa vez de unión coa vía de alta capacidade Costa Norte e coa autovía A-8.

A pesar de que o actual Executivo estatal di que non abandonou este proxecto, a realidade demostra que nos seis anos de goberno de Pedro Sánchez non só non se construíu nin un só quilómetro desta autovía, nin se avanzou significativamente nos seus trámites administrativos previos, senón que incluso nin se executaron as inversións comprometidas nos orzamentos xerais do Estado.

De feito, o último trámite coñecido foi desacougante, xa que se someteu a información pública o proxecto de trazado do subtreito Barreiros – O Carme no mes de febreiro deste ano. Cando xa en decembro de 2018 fora sometido a información pública o treito Barreiros – Foz. É dicir, un retroceso de máis de 6 anos na tramitación, e encima para acoutalo a un subtreito que non tería funcionalidade para a mobilidade da Mariña. Enténdese que se teña que someter a información pública o axuste do proxecto para reducir afección, pero ¿por que non todo o treito? ¿Que vai pasar có subtreito xa sometido a información pública en 2018?

É evidente que o Goberno de coalición en España non ten vontade de axilizar unha autovía que serviría como itinerario alternativo á actual nacional 642.



Recordemos que esta estrada convencional presenta moitas ineficiencias, polo mal estado do seu pavimento, porque cruza moitos núcleos urbanos ralentizando o seu recorrido e porque soporta un importante número de vehículos particulares, pesados e comerciais, ou a aqueles que teñen por orixe e destino portos como o de Burela, o hospital comarcal ou a principal empresa da provincia: a factoría de alúmina e aluminio.

Estamos falando dunha autovía que permitirá vertebrar os municipios costeiros da A Mariña ao enlazar a A-8 con San Cibrao e co treito de VAC Costa Norte que si construíu e puxo en servizo a Xunta de Galicia. E, por tanto, fará posible que os veciños e visitantes desta zona accedan a unha vía de comunicación con unhas características modernas e propias do século XXI, ademais de mellorar os índices de accesibilidade, capacidade e seguridade viaria, permite que demandemos un esforzo adicional ao Goberno de España para que desbloquee a situación actual.

Tendo isto en conta, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para avanzar na execución da Autovía da Mariña (A-74), impulsando os trámites administrativos previos necesarios e as partidas orzamentarias suficientes para iniciar as obras durante o ano 2025 e establecendo unha planificación clara para todos os treitos, por ser unha vía de comunicación estratéxica e prioritaria para esta comarca e que permitiría mellorar os índices de accesibilidade, capacidade e seguridade viaria, e potenciar a economía da provincia de Lugo e de Galicia.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 11:13:06

Nicole Grueira Fernández na data 20/03/2025 11:13:22

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 11:13:34

María Deza Martínez na data 20/03/2025 11:13:46

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 11:13:59

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 11:14:12

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 11:14:30



Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 11:14:48

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 11:15:05

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 11:15:19

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 11:15:32



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Patricia García González, Julio García Comesaña, Miguel Fidalgo Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A cidade de Vigo precisa dun desenvolvemento urbano eficiente que atenda ás súas necesidades en materia de mobilidade, infraestruturas e ordenación territorial. Para iso, a coordinación entre as diferentes administracións é esencial, especialmente en proxectos estratéxicos como a ampliación do túnel de Beiramar ou a continuidade das obras do túnel da Porta do Sol.

A Xunta de Galicia, coa súa aposta polo desenvolvemento da cidade, ten previsto investir 7 millóns de euros en Porta do Sol e polo menos 45 millóns en Beiramar, contando coa colaboración da Autoridade Portuaria de Vigo.

Para avanzar nestes proxectos, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda convocou unha reunión da comisión mixta Xunta-Concello para o 6 de marzo de 2025, co obxectivo de establecer un calendario de actuacións.



Sorprendentemente, o goberno municipal de Vigo decidiu cancelar esta reunión só un día antes da súa celebración, alterando a orde do día e bloqueando así o avance dos proxectos. Este feito foi lamentado pola conselleira de Infraestruturas, María Martínez Allegue, quen reiterou que a Xunta mantén a súa man tendida para colaborar e que non será cómplice dunha estratexia de confrontación política por parte do Concello.

A actitude do goberno local perxudica directamente aos vigueses, xa que frea proxectos esenciais para mellorar a mobilidade e a seguridade viaria da cidade. É fundamental que todas as administracións traballen conxuntamente para garantir que Vigo conte coas infraestruturas necesarias para o seu crecemento e benestar cidadán.

Por todo isto, consideramos que o Concello de Vigo debe abandonar a súa estratexia de bloqueo e participar activamente nas reunións de infraestruturas, asumindo a súa responsabilidade institucional.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Solicitar formalmente ao Concello de Vigo a súa participación activa e comprometida nas reunións de coordinación de infraestruturas, especialmente aquelas relacionadas co túnel de Beiramar e a remodelación da Porta do Sol.
- 2.- Requerir ao Concello de Vigo que retome a reunión cancelada e que estableza, xunto coa Xunta de Galicia e a Autoridade Portuaria, un cronograma claro de actuacións para a execución dos proxectos.



- 3.- Demandar ao goberno municipal que abandoe as súas estratexias de bloqueo e confrontación política, permitindo o avance das infraestruturas esenciais para a cidade.
- 4.- Solicitar ao Concello de Vigo que se informe periodicamente á cidadanía sobre os avances destes proxectos, garantindo a transparencia e a participación social no seu desenvolvemento”.

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 11:45:38

Patricia García González na data 20/03/2025 11:45:55

Julio García Comesaña na data 20/03/2025 11:46:10

Miguel Fidalgo Iglesias na data 20/03/2025 11:46:22

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 11:46:33

María Deza Martínez na data 20/03/2025 11:46:46

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 11:46:59

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 11:47:13

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 11:47:27

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 11:47:42

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 11:47:56

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 11:48:10

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 11:48:28



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Katy Varela Fernández, Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Nicole Grueira Fernández, Enrique Barreiro López, José Manuel Mato Díaz, Cristina Sanz Arias, Encarna Amigo Díaz, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no 160 e concordantes dos Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª; Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de Motivos:

O Corredor Atlántico é un dos nove corredores da rede única europea, estratéxica para o desenvolvemento loxístico e a conexión de nós urbanos. Esta infraestrutura multimodal de servizo de viaxeiros e mercancías é unha das dúas da península ibérica xunto ao Corredor Mediterráneo.

O pasado 29 de xaneiro, o secretario de Estado de Transportes y Movilidad Sostenible e o Comisionado do Goberno para o Corredor Atlántico de Infraestruturas presentaban en Bergondo o Plan Director para Galicia da que se desprende que a provincia de Lugo desaparece do mapa do Corredor Atlántico para o horizonte 2030.

Lugo é a única provincia do entorno que queda fóra de todo. De feito, o Goberno de España non considera as vías e liñas que comunican Lugo coas provincias do entorno rede básica nin prioritaria e, polo tanto, non contempla ningunha actuación no horizonte do 2030.

Lugo queda fóra da alta velocidade. O trazado actual da liña Ourense - Lugo non permite alcanzar os 160 km/h de media establecidos para os trens de viaxeiros, senón que esa é a velocidade máxima punta en escasos tramos da rede na provincia e o Goberno de España non contempla a execución das variantes de Os Peares-Canabal nin Rubián, imprescindibles para reducir os tempos de viaxe.

O Plan Director do Corredor Atlántico inclúe a liña entre Monforte – Ferrol / A Coruña na rede global para a que non está previsto melloras ata o horizonte do 2050 e, de cara ao 2030, só contempla a supresión de pasos a nivel. O Goberno de España tampouco contempla a conexión directa con Santiago de Compostela no horizonte 2030 e tampouco prevé actuacións na liña do FEVE na Mariña, que nin sequera aparece no mapa. A esta situación hai que engadir a perda de servizos e conexións nos trens de viaxeiros e que as terminais de mercancías de Monforte e Lugo non forman parte rede básica TEN-T, senón que para o Goberno de España son complementarias.





En materia de comunicacións por estrada, o Plan Director do Corredor Atlántico para Galicia non contempla investimentos para a A-56 que permitiría conectar Lugo con Ourense por autovía (un traxecto que os usuarios teñen que facer por unha estrada, a LU-540, en pésimo estado), a A-74 para a que recentemente saía a exposición pública o primeiro tramo por segunda vez en sete anos, pero para a que tampouco se contemplan prazos de execución nin fondos para a A-76 Ponferrada-Monforte-Ourense nin sequera foron referidas na presentación do Plan Director.

Ante a falta de impulso das novas autovías e a inexistencia dun programa de mantemento das estradas xa existentes é necesario que de inmediato se dea un trato xusto no que respecta ás vías de comunicación que transcorren pola nosa provincia. O seu abandono (nalgúns casos son reiteradas as queixas tanto de usuarios coma dos representantes do Partido Popular) xunto á falta de avances no resto de infraestruturas viarias e ferroviarias supón o illamento e desconexión da provincia de Lugo e supón un prexuízo para o desenvolvemento do territorio e a competitividade das empresas. Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario do Partido Popular presenta a seguinte proposición non de lei para a súa aprobación en Pleno ou Comisión

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia demandar ao Goberno de España a presentación dun novo Plan Director do Corredor Atlántico que evite o illamento da provincia de Lugo en materia de infraestruturas e que inclúa compromisos concretos, cifras detalladas e prazos definidos para a execución de obras de mellora das infraestruturas viarias e ferroviarias de titularidade estatal incluíndo ademais a conexión real por Alta velocidade de cara a garantir as comunicacións, a competitividade e o desenvolvemento dos concellos da provincia de Lugo en igualdade de condicións a outros territorios”.

Santiago de Compostela, 20 de marzo 2025.

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 12:40:45

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 12:42:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/03/2025 12:43:44

Elena Candia López na data 20/03/2025 12:43:51

Cristina Sanz Arias na data 20/03/2025 12:43:59

Nicole Grueira Fernández na data 20/03/2025 12:44:11

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 12:44:27

José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 12:44:49

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 12:44:59

María Deza Martínez na data 20/03/2025 12:45:13

Raquel Arias Rodríguez na data 20/03/2025 12:45:30

José Mato Díaz na data 20/03/2025 12:45:46

Enrique Barreiro Sánchez na data 20/03/2025 12:45:56

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 12:46:10

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 12:46:47

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 12:47:09

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 12:48:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de atender a Xunta o necesario proxecto de reforma do CEIP de Prácticas da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O edificio de NORMAL, deseñado para ser a Escola Normal de Maxisterio polo arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez, actualmente acolle a sede da Fundación Universidade da Coruña, a Universidade Sénior da Coruña, un teatro e Pavillón de Deportes e o CEIP de Prácticas da Coruña.

Segundo o Convenio marco de colaboración entre a Universidade da Coruña, o Concello da Coruña e a Consellería de educación, asinado en 2018, a respecto da xestión e usos do edificio de NORMAL, as tres institucións partillan obrigas; así, determínase que a Universidade da Coruña é titular do inmovible e asume os custos relativos ao mantemento, reparación e conservación da parte do edificio de NORMAL, mentres que, a respecto da parte destinada a uso educativo, a Consellería de Educación é titular do CEIP de Prácticas da Coruña e realiza as actuacións referidas aos investimentos, e o Concello realiza os labores de mantemento deste centro educativo.

Este convenio tiña unha duración de catro anos, prorrogábeis por outros catro anos máis, de se tratar dunha decisión unánime, polo que nesta altura estaríamos ante un convenio prorrogado desde 2022.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde a ANPA do CEIP de Prácticas teñen trasladado en diferentes ocasións, tanto ao Concello da Coruña como á Consellería de Educación, as múltiples necesidades que esta infraestrutura educativa presenta derivadas da falta de mantemento e das previsíbeis consecuencias.

Infelizmente o tempo deulle a razón á comunidade educativa e, para alén dunha presenza insalubre de humidades en aulas e outras dependencias educativas, falta de mantemento de portas, mobiliario e dependencias comúns ou ausencia de poda nas árbores do centro, no centro xa se teñen vivido situacións preocupantes derivadas da falta de revisión da instalación eléctrica ou das ventás que xa ten provocado a súa caída ao chan nunha ocasión.

O deterioro desta infraestrutura educativa quedou evidenciada recentemente co desprendemento de cascotes dunha parte da fachada principal da NORMAL, unha zona de paso das crianzas na entrada e saída do colexio e tamén área de xogos, que felizmente non provocou danos persoais e ao que a Universidade da Coruña, como parte responsábel desta parte do edificio, deu resposta inmediata.

Unha visita ao CEIP de Prácticas permite comprobar as consecuencias negativas derivadas da falta de mantemento persistente, isto é, a falta e compromiso e cumprimento de convenio por parte da Xunta de Galiza que está a afectar de forma moi negativa ao normal desenvolvemento da vida lectiva e extraescolar.

As mobilizacións promovidas desde a ANPA do colexio desde comezos do resente curso escolar fixo coñecedora a sociedade da despreocupación das administracións por garantir unhas instalacións dignas e seguras para esta comunidade educativa.

Foron estas accións as que, despois de moito tempo agardando resposta por parte da ANPA, concluíron nunha reunión, celebrada o pasado mes de xaneiro coas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diferentes administracións implicadas, co obxectivo de procurar unha saída ao necesario plan de reforma que este centro precisa.

Transcorridos dous meses sen ter recibida resposta, desde a ANPA vense na obriga de anunciar publicamente novas accións de mobilización en demanda dunha atención responsábel por parte das administracións en función das súas competencias e responsabilidades para con este centro educativo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Avaliar a situación de deterioro acusado que amosa o CEIP de Prácticas da Coruña no seu conxunto e planificar un proxecto de reforma integral cun cronograma de actuacións, co compromiso de comezar con cargo aos orzamentos de 2025 a execución das máis urxentes contando coa participación e consulta da comunidade educativa.

2. Impulsar a convocatoria dunha mesa de negociación para actualizar un novo Convenio marco de colaboración entre a Universidade da Coruña, o Concello da Coruña e a Consellería de educación co obxectivo de reforzar a oferta de calidade educativa do CEIP de Prácticas da Coruña.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
Cristina Fernández Davila





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 20/03/2025 16:22:34

Cristina Fernández Davila na data 20/03/2025 16:27:04

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2025 16:27:05





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario do Partido Popular de Galicia, a través do seu portavoz, e por iniciativa dos deputados e deputadas **Katherinie Varela Fernández, Raquel Arias Rodríguez, Nicole Grueira Fernández, Enrique Barreiro López, José Manuel Mato Díaz, Cristina Sanz Arias, Elena Candia López, Encarna Amigo Díaz, Roberto Rodríguez Martínez, Carmen María Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández e Gonzalo Trenor López** ao abeiro do disposto no 160 e concordantes dos Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 2ª; Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

Exposición de Motivos:

O estado das infraestruturas titularidade do Estado Central é un claro reflexo do constante desagravio que sofre a nosa Comunidade Autónoma por parte do goberno central liderado por Pedro Sánchez.

Das distintas estradas que se atopan en mal estado, destaca a Nacional 540 que une dúas capitais de provincia, como son Lugo e Ourense.

Precisamente tamén son máis que evidentes os atrasos na finalización da construción da Autovía A-56, fundamental para enlazar estas dúas cidades, pero que dado que non parece que vaia a producirse a curto prazo, a Nacional 540 segue sendo a vía de referencia para realizar os percorridos entre ambas cidades.

É non so para unir ambas cidades, esta estrada comunica vilas importantes do centro e sur da Provincia de Lugo, como Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada ou Carballedo.

A estrada ten un tráfico importantísimo, de turismos e camións de transporte, que están a sufrir o seu mal estado e abandono. Son innumerables as fochancas que se atopan en todo o trazado, ocasionando incluso danos en vehículos e incidentes na condución que se intensifican co mal tempo.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de Lei:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





“O Parlamento de Galicia insta a o Goberno Central a levar a cabo de maneira inmediata labores de rehabilitación integral do firme da Estrada Nacional 540 Lugo – Ourense”

Santiago de Compostela, 20 de marzo 2025.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/03/2025 13:08:42

Katherinie Varela Fernández na data 20/03/2025 13:08:54

María Encarnación Amigo Díaz na data 20/03/2025 13:09:07

Nicole Grueira Fernández na data 20/03/2025 13:09:15

Cristina Campero Dorado na data 20/03/2025 13:09:24

Raquel Arias Rodríguez na data 20/03/2025 16:31:46

Enrique Barreiro Sánchez na data 20/03/2025 16:32:08

José Mato Díaz na data 20/03/2025 16:32:20

Cristina Sanz Arias na data 20/03/2025 16:32:47

Elena Candia López na data 20/03/2025 16:33:02

Roberto Rodríguez Martínez na data 20/03/2025 16:33:22

Carmen Pomar Tojo na data 20/03/2025 16:33:33

Gonzalo Trenor López na data 20/03/2025 16:33:44

Rubén Lorenzo Gómez na data 20/03/2025 16:34:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





José Luis Ferro Iglesias na data 20/03/2025 16:34:23

Argimiro Marnotes Fernández na data 20/03/2025 16:34:58

María Deza Martínez na data 20/03/2025 16:35:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia é un referente en múltiples sectores industriais, nomeadamente o sector téxtil, a automoción, o metalúrxico, o naval ou a industria conserveira, industrias con clara vocación exportadora: en 2023, a economía galega exportou bens por valor de máis de 30.000 millóns de euros, case o 8 % das exportacións españolas.

Con todo, malia a potencia do sector industrial propio, este padece a anomia dunha Xunta de Galicia que renega das súas competencias exclusivas en materia de política industrial.

A automoción en Galicia representa un dos sectores tractores fundamentais para a economía galega, conta con máis de 200 empresas e 25.000 persoas que dependen directamente do sector. Desde a súa orixe, este sector foi un motor de desenvolvemento económico e tecnolóxico na Comunidade, que xera un impacto significativo no emprego e na competitividade da industria.

O presidente autonómico, anunciou a aprobación por parte do Consello da Xunta do Plan director da automoción para o período 2025-2027 para impulsar un sector que está a vivir a súa propia revolución industrial coa chegada do vehículo eléctrico, na que se debería cumprir coa máxima que as axudas





públicas á industria cheguen a toda a cadea de valor galega directa ou indirectamente, e sobre todo as pequenas e Pemes auxiliares da automoción, para reforzar a cooperación co sector no seu tránsito cara á modernización e á sustentabilidade, e reafirmar o seu compromiso cunha industria clave para a economía galega.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Se elabore un informe para remitir á Cámara galega no que se especifique a orixe e porcentaxe dos fondos propios ou do cofinanciamento de fondos europeos no Plan Director da automoción para o período 2025-2027.
2. Se remita un informe semestral á Cámara galega no que se informe do grado de execución e cumprimento de fitos das medidas incluídas no Plan director da automoción.
3. No Plan director da automoción para o período 2025-2027 se prioricen as medidas de apoio, así como as axudas públicas ás Pemes da industria auxiliar da automoción galega para garantir a carga de traballo, e facilitar seu tránsito cara o vehículo eléctrico, a modernización e a sustentabilidade.

Santiago de Compostela, a 20 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 20/03/2025 16:40:16





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 16:45:19
Nº Rexistro: 22105
Data envío: 20/03/2025 16:45:19.361

Elena Espinosa Mangana na data 20/03/2025 16:40:27

Lara Méndez López na data 20/03/2025 16:40:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/03/2025 16:40:45

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

75270

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia é un referente en múltiples sectores industriais, nomeadamente o sector téxtil, a automoción, o metalúrxico, o naval ou a industria conserveira, industrias con clara vocación exportadora: en 2023, a economía galega exportou bens por valor de máis de 30.000 millóns de euros, case o 8 % das exportacións españolas.

Con todo, malia a potencia do sector industrial propio, este padece a anomia dunha Xunta de Galicia que renega das súas competencias exclusivas en materia de política industrial.

A automoción en Galicia representa un dos sectores tractores fundamentais para a economía galega, conta con máis de 200 empresas e 25.000 persoas que dependen directamente do sector. Desde a súa orixe, este sector foi un motor de desenvolvemento económico e tecnolóxico na Comunidade, que xera un impacto significativo no emprego e na competitividade da industria.

O presidente autonómico, anunciou a aprobación por parte do Consello da Xunta do Plan director da automoción para o período 2025-2027 para impulsar un sector que está a vivir a súa propia revolución industrial coa chegada do vehículo eléctrico, na que se debería cumprir coa máxima que as axudas





públicas á industria cheguen a toda a cadea de valor galega directa ou indirectamente, e sobre todo as pequenas e Pemes auxiliares da automoción, para reforzar a cooperación co sector no seu tránsito cara á modernización e á sustentabilidade, e reafirmar o seu compromiso cunha industria clave para a economía galega.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Se elabore un informe para remitir á Cámara galega no que se especifique a orixe e porcentaxe dos fondos propios ou do cofinanciamento de fondos europeos no Plan Director da automoción para o período 2025-2027.
2. Se remita un informe semestral á Cámara galega no que se informe do grado de execución e cumprimento de fitos das medidas incluídas no Plan director da automoción.
3. No Plan director da automoción para o período 2025-2027 se prioricen as medidas de apoio, así como as axudas públicas ás Pemes da industria auxiliar da automoción galega para garantir a carga de traballo, e facilitar seu tránsito cara o vehículo eléctrico, a modernización e a sustentabilidade.

Santiago de Compostela, a 20 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 20/03/2025 16:41:03





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 16:45:30
Nº Rexistro: 22106
Data envío: 20/03/2025 16:45:30.032

Elena Espinosa Mangana na data 20/03/2025 16:41:14

Lara Méndez López na data 20/03/2025 16:41:23

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/03/2025 16:41:33

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

75273

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos, Mercedes Queixas Zas e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de febreiro tivo lugar un dramático incidente nas urxencias do CHUAC que puxo en evidencia a falta de medios na que se atopa a sanidade pública galega ao producirse unha agresión con arma branca a persoal sanitario por parte dun paciente nun contexto dunha alteración do seu estado psíquico. Un mes máis tarde, no mesmo centro, produciuse outra agresión nunha planta de hospitalización por parte tamén dun paciente nunha situación de alteración do nivel de conciencia.

Estes incidentes poñen de relevo sobre todo a falta de medios para atender a pacientes psiquiátricas, tanto polos cadros de persoal exiguos, que non son suficientes para as necesidades asistenciais existentes na actualidade, como pola falta de espazos, protocolos e directrices para garantir unha atención digna, segura e de calidade. Algo que tamén está a sinalar o comité de centro do CHUAC ou organizacións coma SOS Sanidade Pública, que denuncian a falta de actuación da Xerencia e a dirección do Sergas neste sentido a pesar de seren coñecedores da situación, pois xa fora advertida previamente polo persoal.

A falta de medios para atender a persoas con alteracións psiquiátricas, ben debidas á propia patoloxía psiquiátrica coma a outras múltiples causas, é sobradamente coñecida, tanto pola sociedade galega, profesionais e pacientes, coma tamén pola propia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

administración, polo que resalta aínda máis a inacción para mellorar esa situación. Todo o contrario, estamos a ver como desde o goberno galego e desde as filas do Partido Popular se opta por un discurso criminalizador e pola demanda de medidas coercitivas e represivas, en lugar doutras claramente terapéuticas e que poidan lograr unha desescalada non violenta.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1º.- Diseñar e implantar antes do remate do actual período de sesións un protocolo de atención a pacientes con alteracións psiquiátricas que contemple a atención urxente coma a postcrítica. Este protocolo elaborárase de maneira consensuada con organizacións sindicais, científicas e de pacientes, así coma con organizacións coma o MGSM, e recollerá tamén as necesidades de dotación de espazos e recursos para garantir unha atención segura e de calidade.

2º.- Elaborar un informe no que se analicen a cantidade de pacientes con alteracións da esfera psiquiátrica que son atendidas diariamente nos servizos de urxencias dos hospitais públicos galegos, os recursos humanos dispoñíbeis para a asistencia destas pacientes, así como os espazos físicos axeitados para a mesma. Este informe deberá ser enviado tamén ao Parlamento.

3º.- Remitir ao Parlamento no prazo dun mes os datos, debidamente anonimizados, sobre as contencións mecánicas realizadas en centros dependentes da Xunta de Galiza ou que contén con financiamento público, estratificándoos temporalmente e segundo os centros, unidades e servizos nos que tiveron lugar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4º.- Diseñar, de man do MGSM e contando, cando menos, coa participación de sindicatos, asociacións de pacientes e sociedades científicas, e implantar o Plan Galego de Erradicación das contencións mecánicas co fin de acadar o obxectivo da contención cero.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Mercedes Queixas Zas

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 20/03/2025 16:45:58

Mercedes Queixas Zas na data 20/03/2025 16:51:35

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2025 16:52:23

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2025 16:52:24





Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU) do ano 2023 establece o réxime de profesorado e de categorías diferentes as existentes ata este momento nas Universidades pública no referido as figuras de profesorado contratado laboral.

A LOSU, no seu artigo 64.1, establece que o persoal docente e investigador das universidades estará composto polo profesorado dos corpos docentes universitarios e polo profesorado laboral.

O profesorado de corpos funcionariais docentes e investigadores corresponde as dúas categorías de Catedrático de Universidade e Profesor Titular de Universidade. A LOSU establece a incompatibilidade deste persoal funcionario en servizo activo nunha universidade pública con ser profesorado de universidades privadas ou centros privados adscritos a universidades públicas. A súa regulación, categorías e condicións laborais e retributivas corresponde a regulación estatal.

As universidades públicas poderán incorporar profesorado laboral, definido nos artigos 77-87 da LOSU, en distintas categorías: profesorado contratado laboral permanente, profesorado axudante Dr. profesorado asociado, profesorado substituto, profesorado emérito, profesorado visitante e profesorado distinguido.





Coa excepción do profesorado contratado permanente e o profesorado asociado, estas figuras son ou poden ser de contratación temporal.

O profesorado con contrato laboral temporal no porá superar o 8 por cento en efectivos do cadro de persoal docente e investigador total. Non se computarán a tal efecto o profesorado asociado de Ciencias da Saúde e o profesorado axudante doutor.

Ademais destas figuras de persoal docente e investigador laboral, as universidades poderán contratar, coa financiamento interna da universidade ou con financiamento externa, persoal investigador en las modalidades de contrato predoutoral, contrato de acceso de persoal investigador doutor, contrato de investigador/a distinguido/a y contrato de actividades científico-técnicas.

O réxime xurídico aplicable a estas modalidades de contratación laboral será no marco e figuras que se establece na LOSU e nas súas normas de desenvolvemento, pero a súa regulación en materias expresamente remitidas por esta lei así como outras no ámbito das súas competencias corresponde a ás comunidades autónomas fixar a regulación, categorías e condicións laborais e retributivas, estando as mesmas sometidas a negociación colectiva na súa aplicación.

O pasado 12 de febreiro constituíuse a Comisión Negociadora do III Convenio do PDI do SUG, coa sinatura das tres universidades públicas e a catro organización sindicais presento no sector do Persoal Docente e Investigador, iniciando así un proceso fundamental para a mellora das condicións laborais do profesorado contratado a vista da nova Lei de universidades (LOSU), a Lei da ciencia e da reforma laboral, que tamén afectan a estas novas figuras e as súa condicións laborais.





Por exemplo, a LOSU abre de forma clara a existencia na figura de persoal laboral permanente a posibilidade de definir dúas categorías, de forma similar as figuras funcionerais, e que en Galicia non poden aplicarse xa que a regulación galega da figura de contratado doutor, as que se asimila esta nova figura, non o contempla polo que non se podería incluír no III Convenio Colectivo do SUG.

É por tanto urxente que a Xunta de Galicia exerza as súas competencias e elabore a regulación das distintas figuras de persoal laborais para que podan ser implementadas e contratadas nas universidades públicas previa negociación colectiva das súas condicións laborais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Urxir a que, en exercicio das súas competencias, elabore a regulación, categorías e condicións laborais e retributivas das distintas figuras de persoal laboral definidas na LOSU e na Lei da ciencia e a tecnoloxía, en colaboración coas universidades públicas do SUG e os representantes dos PDI, para que podan ser implantadas nas universidades públicas previa negociación colectiva no Convenio Colectivo do SUG.
2. Solicitar a creación de dúas categorías de profesorado contratado laboral permanente, establecendo as súas categorías e procedementos de promoción entre ambas e entre as figuras anteriores a LOSU.

Santiago de Compostela, a 20 de marzo do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 17:21:13
Nº Rexistro: 22122
Data envío: 20/03/2025 17:21:13.698

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 20/03/2025 17:17:20

Silvia Longueira Castro na data 20/03/2025 17:17:30

José Ramón Gómez Besteiro na data 20/03/2025 17:17:39

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

75280

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a redución de nutricionistas nos centros de saúde de Negreira e Santa Comba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A figura das nutricionistas na Atención Primaria é chave para avanzar na creación de equipas multidisciplinares e mellorar a asistencia sanitaria que recibe a poboación. De feito, constatouse desde a súa introdución nos centros de saúde que son profesionais enormemente valoradas polas pacientes, mais tamén polas demais traballadoras sanitarias. A esta satisfacción, cómpre engadir a mellora dos datos de saúde da poboación, pois a súa actividade céntrase maioritariamente na prevención, ben primaria, ben secundaria, de patoloxías que poden ser graves e crónicas.

Por iso resulta rechamante a decisión do goberno galego de reducir o número de nutricionistas en Atención Primaria, pasando de ter case un cento de profesionais en todo Galiza, un número que xa era insuficiente, a quedar só 45 para atender a toda a poboación galega. No caso da comarca do Xallas e A Barcala, os centros de Santa Comba e Negreira deixan de contar con servizo de nutrición e as pacientes de Santa Comba e Mazaricos son redirixidas a Muros, mentres que as de Negreira e A Baña teñen o seu centro de referencia nas Fontiñas, en Compostela.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É obvio sinalar que a redución de profesionais suporá unha maior sobrecarga para poder continuar atendendo á poboación nos termos nos que se viña realizando, mais tamén cómpre atender as barreiras que isto implica. A decisión de centralizar e afastar este servizo pode supor que pacientes destes catro concellos teñan máis dificultades para poderen acceder ao mesmo, limitando a súa posibilidade de contar con profesionais especialistas para mellorar os seus hábitos dietéticos e atender á patoloxía específica, e xerando, en definitiva, inequidades en saúde que non deberan producirse nunca desde un sistema público.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a repor a praza de nutricionista que viña existindo nos centros de saúde de Santa Comba e Negrreira, así como a garantir a creación de novas prazas para garantir a calidade asistencial da poboación.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 20/03/2025 17:18:13

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2025 17:18:17

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2025 17:18:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Ariadna Fernández González** e **Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente modificación da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, levouse a cabo a través do RD Lei 2/2025, do 18 de marzo, polo que se aproban medidas de urxencia para a garantía do interese superior da infancia e a adolescencia ante a situación de continxencias migratorias.

A realidade é que a chegada de menores estranxeiros non acompañados en situación de desamparo e expostos a un grave risco de exclusión social ás fronteiras do Estado español medrou nos derradeiros oito anos nun 221%. Son menores maioritariamente asociados a países coma Marrocos ou Alxeria, aínda que tamén con presenza importante de menores procedentes de Oriente Medio, África Subsahariana ou Europa do Este. A súa chegada escapando da fame, dos conflitos bélicos, persecución, violencia e da vulneración dos dereitos humanos, é maioritariamente absorbida polo arquipélago Canario, que na actualidade vive unha situación de especial dificultade ao non ter capacidade para garantir a súa atención, ao superar o 35% do total dos menores non acompañados que chegaron ao Estado español, con 5800 menores nesta situación dramática.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A través da recente modificación legislativa creouse un sistema de reparto obrigatorio entre as comunidades autónomas do Estado que afecta a aproximadamente 4400 nenos, nenas e adolescentes que se atopan na actualidade en Ceuta e nas Illas Canarias. Nese reparto, vimos de coñecer que a Galiza correspóndelle a acollida de 326 menores estranxeiros non acompañados, para os que segundo a Consellería de Política Social non hai espazo, ao asegurar que temos unha capacidade na rede de acollemento que xa está sobrepasada, chegando ao 104%.

En Galiza contamos con 832 prazas repartidas en 80 centros de acollemento de diferentes características, mais descoñécese o número de nenos, nenas e adolescentes inmigrantes non acompañados hai acollidos nestas institucións, co único dato que se manexa de que no 2021, 2022, 2023 e 2024 chegaron a Galiza nestas circunstancias algo máis de 120 menores.

Este novo proceso de acollemento non chega por sorpresa en Galiza en tanto que xa que dende o ano pasado a modificación da Lei estivo de actualidade, iso si cos votos do Partido Popular sempre en contra e con discursos e declaracións de membros do PP pouco acertadas que demostran que os menores non foron nunca o centro das súas preocupacións, porque no caso de o ser estarían preparados meses despois para recibilos da mellor maneira posible en base aos principios de solidariedade e humanidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Posicionarse de xeito solidario e responsable e garantir o acollemento dos menores estranxeiros non acompañados no noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Abandonar o posicionamento partidista adoptado en relación ao acollemento dos menores estranxeiros non acompañados.
3. Aportar os recursos necesarios e solicitar os recursos pertinentes ao goberno do Estado, dotando de medios a rede de protección galega para garantir a atención destes nenos, nenas e adolescentes.
4. Reformar a Lei de Inclusión Social de 2013 no prazo dun ano dende a data deste rexistro.
5. Desenvolver un plan de fomento do acollemento familiar no caso dos menores estranxeiros non acompañados.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 20/03/2025 18:08:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2025 18:08:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e do deputado **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, sobre a valoración por parte do goberno galego dos resultados do spa e centro de viñoterapia que financiou e impulsou no Mosteiro de San Clodio en Leiro (Ourense).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nove meses despois de que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista preguntara en Comisión parlamentaria sobre a situación de parálise do spa e centro de viñoterapia no Mosteiro de San Clodio en Leiro (Ourense) a situación continúa practicamente da mesma maneira sen que a Xunta de Galiza actúe con celeridade e contundencia.

Cómpre recordar que or resolución do 18 de xuño de 2013, a Axencia de Turismo de Galiza facía pública a formalización do contrato de servizos de redacción do proxecto básico e de execución de rehabilitación e acondicionamento para spa e centro de viñoterapia da nave lateral do citado mosteiro.

Posteriormente licitábanse as obras de rehabilitación e acondicionamento por valor de 1.203.669,17 euros e acababa por formalizarse contrato en decembro con Copasa por 994.767,91€. Máis adiante, en marzo de 2018 publicábase no Diario Oficial de Galiza a licitación para a súa xestión e, meses despois, en xullo de 2018, publicábase a resolución do 3 de xullo pola que se anuncia a formalización do contrato relativo á





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestión de servizo público, en réxime de concesión, para a explotación de forma integral do spa viñoterapia anexo ao mosteiro de Leiro cun valor estimado do contrato: 1.873.452,00€ sendo adxudicataria a empresa Hotel San Clodio, S.L..

Malia as desculpas referentes á mellora dos servizos e reparación de avarías, este recurso no que se investiron importantes recursos públicos non está a dar os resultados agardados e presuntamente o prazo de concesión era até finais de 2024.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Remitir un informe respecto das actuacións deseñadas ante a finalización da concesión no que se inclúa unha valoración dos servizos prestados desde a súa apertura e unha aproximación ás posibilidades de xestión pública e directa.

2. Non favorecer ningún tipo de prórroga coa primeira concesionaria desta infraestrutura e abrir un novo proceso de concorrência competitiva para buscar unha saída á falta de funcionamento deste recurso.”

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Daniel Pérez López





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 20/03/2025 18:06:03

Daniel Pérez López na data 20/03/2025 18:10:49

Ana Pontón Mondelo na data 20/03/2025 18:10:50



Asunto: Solicitud de comparecencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo- do director xeral de Planificación Enerxética e Minas para **dar conta dos certificados de aforro enerxéticos que está a xestionar a Xunta de Galicia** .

Santiago de Compostela,

A Directora xeral de Relacións Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2025 12:48:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2025 12:48:18
Nº Rexistro: 22217
Data envío: 24/03/2025 12:48:18.021

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Solicitud de comparencia

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparencia a petición propia -ante a Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos -da directora xeral do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) para **dar conta dos apoios para as empresas activados polo IGAPE no primeiro trimestre do ano 2025.**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

Sr/Sra. Presidente/a da Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.
Santiago de Compostela. 15705
Tfno. 981 54 49 19
Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 24/03/2025 12:48:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/03/2025 12:48:24
Nº Rexistro: 22218
Data envío: 24/03/2025 12:48:24.646

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, relativa á situación de alarma permanente na que se encontra a sanidade pública de Galiza.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada pola situación na que se atopa a sanidade pública galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública de Galiza está en situación de alerta permanente, o seu deterioro non cesa, consecuencia das políticas de acoso do Partido Popular na Xunta de Galiza.

Alerta polas consecuencias negativas ao longo de toda a cadea asistencial. Listas de espera tanto en atención primaria como hospitalaria, sobrecarga de profesionais,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diagnósticos tardíos, de xeito que as enfermidades que puideron ser detectadas precozmente progresan sen control, reducindo as opcións de tratamento eficaces. Isto xera ansiedade, incerteza e carga emocional insoportábel nas persoas doentes. Cada atraso en consultas, cada diagnóstico tardío é unha condena ao sufrimento.

A consecuencia directa e a cada vez máis baixa calidade asistencial, a pesares do esforzo dxs profesionais, que non teñen mans abondo para atender a demanda, e tamén a perda de confianza no sistema sanitario.

Todo isto non é unha consecuencia inevitable, senón o resultado da política sanitaria do Partido Popular que leva 16 anos primando o enriquecemento da sanidade privada sobre a calidade asistencial.

A Xunta ten que actuar con urxencia para evitar que máis doentes sufran as consecuencias do deterioro sanitario, a saúde e a vida de moitas persoas dependen diso.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Vai a Xunta de Galiza poñer en marcha sen máis dilación medidas para converter a Atención Primaria no auténtico eixo vertebrador do sistema sanitario, con profesionais suficientes, para que poidan dispor dos recursos, tempo, número de doentes... que permitan unha atención de calidade?

Considera o Sergas que ter convertido en norma as intersubstitucións, as prolongacións de xornada para que unha profesional faga o traballo de 3, 4 os que fagan falta, permite unha asistencia sanitaria de calidade?

Cal é a relación de centros de saúde con prazas estruturais sen cubrir?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é o número de xubilacións que se van a producir nos vindeiros cinco anos e a previsión de cobertura das mesmas?

Cantos son @s galeg@s sen asignación de médic@ de familia e pediatra, desagregado por centro de saúde e concello?

Cantos son @s profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitución...desagregado por categorías?

Cal é o número medio de horas mensual que están a realizar @s profesionais?

E o número medio de doentes que están atendendo cada día?

Cal é a porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías?

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 24/03/2025 17:55:32

José Manuel Golpe Acuña na data 24/03/2025 17:55:43

Ramón Fernández Alfonzo na data 24/03/2025 17:55:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 24/03/2025 17:55:54

Mercedes Queixas Zas na data 24/03/2025 17:56:01

Rosana Pérez Fernández na data 24/03/2025 17:56:08

Daniel Pérez López na data 24/03/2025 17:56:18

Iria Carreira Pazos na data 24/03/2025 17:56:26

Iria Taibo Corsanego na data 24/03/2025 17:56:34

Olalla Rodil Fernández na data 24/03/2025 17:56:41

Daniel Castro García na data 24/03/2025 17:56:52

Montserrat Valcárcel Armesto na data 24/03/2025 17:57:01

Iago Suárez Fernández na data 24/03/2025 17:57:10

Noa Presas Bergantiños na data 24/03/2025 17:57:19

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 24/03/2025 17:57:27

Sonia Vidal Lamas na data 24/03/2025 17:57:34

Secundino Fernández Fernández na data 24/03/2025 17:57:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 24/03/2025 17:57:52

Alexandra Fernández Gómez na data 24/03/2025 17:58:00

Paulo Ríos Santomé na data 24/03/2025 17:58:06

Carmela González Iglesias na data 24/03/2025 17:58:15

Cristina Fernández Davila na data 24/03/2025 17:58:22

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 24/03/2025 17:58:29

Ariadna Fernández González na data 24/03/2025 17:58:35

Luis Bará Torres na data 24/03/2025 17:58:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Carmela González Iglesias, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas a adoptar ante un posible abuso nos prezos do combustible na Costa da Morte.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca da Costa da Morte, ademais de ser unha zona periférica que leva esperando décadas por novas conexións de vías de comunicación, como o remate da autovía AG-55 coa cidade da Coruña, é unha zona deprimida dende o punta de vista económico, industrial e demográfico.

A implantación de novas empresas vai a contagotas, como demostra o panorama que se aprecia nos polígonos de Cee, Vimianzo ou Baio, onde só se reinstalan empresas que xa existían, que precisan de máis superficie ou precisan instalarse en áreas habilitadas para os seus fins. Non existen políticas activas, nin da Xunta de Galiza nin do Estado Español, para atraer novas industrias capaces de xerar máis de 30 empregos estables, máis aló dos parques eólicos que só xeran traballo no período de construción civil. Nin os insignificantes incentivos sobre o prezo do solo nos polígonos industriais, nin a desidia para o impulso en portos e nas zonas costeiras que outra hora albergaron industriais do sector do mar, son quen de axudar a despegar a unha comarca que esmorece pouco a pouco co paso do tempo. Esta situación de abandono político provocou un considerable descenso da poboación, pois só nos últimos vinte anos, as comarcas de Fisterra e Soneira, perderon arredor de 10.000 habitantes, que emprenderon





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
 Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
 Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
 gp-bng@parlamentodegalicia.gal
 15702 Santiago de Compostela
 Galiza

rumbo a outras cidades galegas, españolas e europeas, en busca de traballo e mellores condicións de vida.

A este escenario deprimente, hai que engadir a existencia duns prezos abusivos nos carburantes, abusivos si os comparamos cos que atopamos nas cidades máis próximas, A Coruña e Santiago de Compostela, porque se os comparamos entre os das propias estacións de servizo da comarca, calquera diría que os efectos esperables do chamado libre mercado non acaban de aparecer. A incorporación de novas gasolineiras nos últimos 30 anos, non contribuíron a implementación de máis competencia, e por ende, da rebaixa dos prezos do combustible. Houbo que esperar a aparición das chamadas “de baixo prezo” para albiscar unha pequena baixada dos prezos, pero que en todo caso moi lonxe dos prezos que as mesmas ofrecen nas cidades galegas. No cadro comparativo que mostramos a continuación podemos observar as diferencias de prezos entre as distintas estacións de servizo na comarca de diferente ou igual marca de distribución, e das diferencias de prezo, de ata 12 céntimos de euro por litro, entre as gasolineiras “de baixo prezo” da mesma distribuidora na comarca e as das cidades da Coruña e Compostela,:

CONCELLOS	MARCA	GASOLEO A- DIESEL			GASOLINA 95 -E5		
		13/3/2025	10/3/2025	10/2/2025	13/3/2025	10/3/2025	10/2/2025
A CORUÑA	CARBUGAL	1.29	1.30	1.34	1.33	1.34	1.44
SANTIAGO	CARBUGAL	1.31	1.33	1,34	1.37	1.38	1.44
CEE	CARBUGAL	1.38	1.40	1.46	1.42	1.43	1.51
CEE	REPSOL	1.50	1.52	1.56	1.54	1.55	1.61
FISTERRA	REPSOL	1.50	1.52	1.61	1.54	1.55	1.61
VIMIANZO	REPSOL	1.51	1.51	1.62	1.57	1.57	1.65
CAMARIÑAS	REPSOL	1.47	1.51	1.54	1.51	1.52	1.58
DUMBRÍA	REPSOL	1.51	1.51	1.57	1.57	1.57	1.64
ZAS	CEPSA	1.58	1.59	1.55	1.59	1.59	1.63





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CARNOTA	CEPSA	1.54	1.58	1.57	1.58	1.59	1,64
MUXÍA	SHELL	1,54	1.54	1.56	1.58	1.58	1.6

É difícil de entender, como unha comarca que se atopa a menos de 90 Kms. da refinería da Coruña pertencente ao grupo Repsol, ten os prezos dos combustibles máis altos aos prezos existentes noutros territorios do Estado que se atopan a centos de quilómetros cara ao interior, e que supostamente deberan ter prezos superiores, ao soportar máis custes co transporte. Igualmente é difícil de entender como empresas da mesma distribuidora poidan ter diferencias de prezo tan grandes nos prezos de combustible, cando a distancia entre a refinería é igual, como ocorre na nosa comarca en comparación con Santiago de Compostela.

Esta situación non é nova, xa que non hai mais que lembrar como no ano 2018 o presidente da CNMC (Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia), José María Marín Queimada, e o conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, Francisco Conde, asinaban un Protocolo Xeral de Actuación entre a CNMC e a Xunta , a través do que activaron unha serie de medidas para mellorar a competencia no mercado dos carburantes en Galiza, pois dende anos atrás, os prezos da gasolina e do gasóleo en Galiza atopábanse entre os máis elevados do estado Español.

Entre as actuacións a realizar que se recollían en dito protocolo destaca a de que “a CNMC e a Comisión Galega da Competencia vixiarían as prácticas empresariais neste mercado para detectar posibles incumprimentos da Lei 15/2007, de 3 de xullo, de Defensa da Competencia, nese caso abrirían os correspondentes expedientes sancionadores, segundo corresponda ao ámbito nacional ou autonómico en que se produzan”. A día de hoxe, descoñecemos si se fixo algún tipo de vixilancia no sector de vendas de combustibles e de si se abriu algún expediente sancionador.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, no seu artigo 38, autorizou a creación do Instituto Galego do Consumo e da Competencia como organismo autónomo adscrito á consellería competente en materia de consumo, que ten como fins xerais e obxectivos básicos a defensa, protección, promoción e información dos dereitos das persoas consumidoras e usuarias, e a garantía, promoción e preservación dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, na perspectiva de conseguir a máxima eficiencia económica e a protección e o aumento do benestar dos consumidores e consumidoras. Na súa virtude e por medio do Decreto 118/2016, do 4 de agosto, creouse o Instituto Galego do Consumo e da Competencia no que veñen reguladas, como funcións do mesmo as seguintes, entre outras:

“c) Promover e levar a cabo os estudos que permitan unha prognose adecuada da problemática do consumo, así como levar a cabo ensaios comparativos, análises de laboratorio e, en xeral, todos os procedementos técnicos que se precisen para o mellor coñecemento dos bens, produtos e servizos que se oferten ao consumidor e usuario.

f) Cooperar e colaborar coas administracións públicas e outras institucións públicas ou privadas, a través de acordos e convenios de colaboración, no ámbito dos obxectivos deste organismo.

h) Realizar actuacións de inspección e sanción no ámbito de protección das persoas consumidoras, de acordo coas disposicións vixentes.

m) Preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

n) Exercer todas as funcións, competencias e potestades que sexan precisas para o desenvolvemento e exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia de protección das persoas consumidoras e defensa da competencia.”

A Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio minorista regula no artigo 13 a Liberdade de prezos e establece que:

“1. Os prezos de venda dos artigos serán libremente determinados e ofertados con carácter xeral de acordo co disposto na lexislación de defensa da libre e leal competencia, coas excepcións establecidas en leis especiais.

2. Isto, no entanto, o Goberno do Estado, previa audiencia dos sectores afectados, poderá fixar os prezos ou as marxes de comercialización de determinados produtos, así como someter as súas modificacións a control ou a previa autorización administrativa, nos casos seguintes:

a) Cando se trate de produtos de primeira necesidade ou de materias primas estratéxicas.

b) Cando se trate de bens producidos ou comercializados en réxime de monopolio ou mediante concesión administrativa.

c) Como medida complementaria das políticas de regulación de producións ou de subvencións ou outras axudas a empresas ou sectores específicos.

d) Excepcionalmente e mentres persistan as circunstancias que aconsellen a intervención, cando, nun sector determinado, apréciase ausencia de competencia efectiva, existan obstáculos graves ao funcionamento do mercado ou se produzan situacións de desabastecemento.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á vista do exposto, e dado que na Costa da Morte parece que se aprecia ausencia de competencia efectiva ou cando menos obstáculos graves no funcionamento do mercado dos combustibles, sendo este un produto estratéxico, conviña que o goberno do Estado fixara os prezos dos combustibles ou aló menos os marxes de comercialización na Costa da Morte, co obxectivo de equilibrar a igualdade de oportunidades entre a Costa da Morte e o mercado galego e de incentivar a creación de empresas nesta comarca deprimida pola ausencia de políticas activas para o seu desenvolvemento económico.

Por estes motivos fórmase a seguinte interpelación:

- Realizou o goberno galego algún tipo de vixilancia no mercado dos carburantes en Galiza desde o ano 2018, de acordo co establecido no protocolo asinado coa CNMC ese mesmo ano, e en consecuencia abriu algún expediente sancionador?

- Realizou o goberno galego algún tipo de vixilancia no mercado dos carburantes na Costa da morte, en concreto?

- Ten constancia o goberno galego que os prezos dos carburantes nas zonas periféricas e despoboadas son moi superiores a outras zonas onde existe máis competencia? considera o goberno que a poboación destas zonas está discriminada, respecto aos prezos de subministracións como os combustibles?

- Que medidas ten pensado realizar a Xunta de Galiza para defender os dereitos dos galegos e galegas co fin de que tod@s teñan prezos homoxéneos nos combustibles sin ter en conta onde residen, e poidan competir en igualdade de condicións no mercado aquelas persoas que teñan actividades económicas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cre o goberno galego que a diferenza de prezos nos combustibles impide competir en mellores condicións aos autónomos e empresas que teñen negocios nestas zonas despoboadas e en declive económico, como a costa da morte?

- Considera o goberno galego que de comprobarse a existencia de obstáculos graves no funcionamento do mercado dos combustibles que impiden unha competencia efectiva no sector e que menoscaban os dereitos dos consumidores, deberase solicitar ao Goberno do Estado a fixación dos prezos ou as marxes de comercialización dos combustibles na Costa da Morte, de acordo co establecido no artigo 13.2 da Lei 7/1996, de 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio minorista, para impulsar a economía da comarca?

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Carmela González Iglesias

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 14/03/2025 12:33:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 14/03/2025 12:34:47





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro, Julio Ernesto Abalde Alonso e María Elena Espinosa Mangana, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O 21 de marzo do 2022, o entón presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijoo, fixo públicas as recreacións visuais da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, CHUAC, e comprometeuse a que no 2025 estaría en pé o 80 % da nova infraestrutura.

Tres anos despois e xa chegado o ano 2025 vemos como existe unha demora evidente nos traballos deste equipamento sanitario e polo tanto un grave incumprimento nos prazos dados, o que suscita inquietude no conxunto da área sanitaria da Coruña.

Estamos a falar da maior infraestrutura sanitaria de Galicia que atende a unha área de máis de 550.00 habitantes e que é un centro de referencia nacional para algunhas especialidades. É evidente que se trata dun tema chave non só para a cidade da Coruña senón para a súa área de influencia así como para a xestión que ten que pilotar o Sergas.

O Concello da Coruña tiña sempre como prioridade nos seus obxectivos o deseño do plan director do mesmo que estaba rematado xa en 1998. Finalmente en marzo de 2022, asinouse o convenio mencionado onde se comprometían máis de 430 millóns de euros por parte da Xunta de Galicia para levar a cabo as obras. Pola súa banda, o Concello da Coruña comprometéase cos fondos pactados, 22 millóns de euros, que se desembolsarán na medida en que se presenten a certificación de obra referida aos accesos viarios. A





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21828
Data envío: 14/03/2025 16:13:26.814

realidade é que a día de hoxe só se certificaron 547.000 euros dun total de 22 millóns de euros que o concello da Coruña ten dispoñibles para axudar a financiar esta actuación, e non foi posible desembolsalos porque non se executaron as obras en tempo e forma.

Ao alarmante retraso do que calquera cidadán pode ser testemuña súmaselle a preocupación que xorde entre os propios facultativos. Segundo veñen de manifestar dende o Colexio Oficial de Médicos da Coruña este retraso nas obras de seguir co ritmo actual, podería alargarse até dentro de 10 anos, o que podería afectar á excelencia profesional do Complexo Sanitario da Coruña que ten que seguir mantendo na provisionalidade espazos e dotacións que a día de hoxe o fan estar á vangarda da medicina.

Ven con preocupación que se teñan que adiar novas incorporacións e novas áreas de investigación e coñecemento ata o momento en que estea rematado o novo CHUAC, e pregúntanse como afrontar entón todo este tempo que falta xa que a día de hoxe o retraso é evidente.

Ante esta emerxencia no eido da construción sanitaria, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Cal é o prazo definitivo que dá a Consellería de Sanidade para que entre en funcionamento o novo CHUAC?

Santiago de Compostela, a 14 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 14/03/2025 16:08:50

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75309

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21828
Data envío: 14/03/2025 16:13:26.814

Julio Abalde Alonso na data 14/03/2025 16:09:04

Elena Espinosa Mangana na data 14/03/2025 16:09:14

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75310

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, Sonia Vidal Lamas, Arianda Fernández González, Luis Bará Torres e Secundino Fernández Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2022 publicouse o Real Decreto 47/2022, de 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias, desenvolve, regula e fixa un prazo máximo de 3 anos (que rematan en maio de 2025) para a Declaración de Zonas Vulnerables por Nitratos (ZVN), pero exclusivamente por contaminación provinte de actividades agrarias e/ou gandeiras. Polo que a súa afectación limitase ao ámbito agrario.

A declaración das Zonas Vulnerables a Nitratos (ZVN) en Galiza implicará unha problemática importante no ámbito agrario e gandeiro. Estas zonas deseñáronse en base a un mapa de zonas afectadas por contaminación difusa publicado polo Ministerio de Transición Ecolóxica en base ao Real Decreto 47/2022, do 18 de xaneiro, sobre protección das augas contra a contaminación difusa producida polos nitratos procedentes de fontes agrarias.

Este mapa foi elaborado en base a análíticas realizadas ao longo de 3/4 anos (entre 2016 e 2019), polo que, a maior parte están desactualizadas e posiblemente non respondan á realidade actual e, seguramente non se corresponda xeograficamente coa realidade do ano 2025.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En concreto neste mapa para Galiza considerase que hai sete Zonas Vulnerables a Nitratos (ZVN), planificadas e comunicadas desde a Consellería de Medio Rural aos alcaldes e alcaldesas dos concellos afectados nas últimas semanas, e son: **Ferrolterra (San Sadurniño, Valdoviño, Moeche); Cecebre (Abegondo, Carral, Cerceda, Oza – Cesuras), Tambre (Trazo e Tordoia), Ulla (Santiso e Melide), Zas, Umia (Cambados, Vilanova de Arousa, Ribadumia, Meis) e A Limia (Xinzo, Vilar de Santos, Trasmiras, Sandiás, Sarreaus, Xunqueira de Ambía, Os Blancos, Rairiz de Veiga e Porqueira).**

Logo desta publicación do proxecto, o director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, José Balseiros, fala desa declaración por parte da Xunta de Galiza de zonas vulnerables a nitratos na revista “Campo Galego” o día 4 de marzo, e di literalmente: “sorpresa que nos causou que houbera puntos en comarcas cos que non contábamos con altos índices de nitratos, pois fixemos un encargo cun equipo de técnicos científicos para determinar a verdadeira orixe desa contaminación. Nalgúns casos dounos a razón en principio, pero noutros non foi así e iso púxonos finalmente en tomar a decisión de cumprir a lei, a norma que nos obriga a facelo”.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Como valora a Xunta de Galiza a problemática xurdida a raíz da declaración das sete Zonas Vulnerables a Nitratos (ZVN) debido ao Real Decreto 47/2022, do 18 de xaneiro?

Van a facilitarnos os datos técnicos e analíticas que avalan e determinan as zonas que van ser declaradas Zonas Vulnerables a Nitratos (ZVN)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vanse facer novas analíticas rigorosas naqueles casos nos que non haxa relación directa entre a contaminación por nitratos e carga agro-gandeira?

Porque nos 3 últimos anos non se informou das zonas que ían ser declaradas nas bacías galegas e porque se agardou 3 anos desde a Xunta de Galiza, sabendo que as tiñan que declarar?

Que medidas correctoras limitantes inmediatas, xa en maio, van ter que adoptar as explotacións agrarias e gandeiras desas ZVN?

Ten a Xunta de Galiza informe de impacto sectorial e económico destas declaracións?

Porque non se tivo en conta esta circunstancia das ZVN na elaboración e financiación das liñas de axuda e actuación do PEPAC?

Porque nos orzamentos da Consellaría do Medio Rural non figura ningunha medida económica?

Que financiación van ter os distintos Plans de Acción para adoptar as medidas inmediatas?

A Consellaría do Medio Rural vai ofrecer aconsellamento gratis ás explotacións afectadas nas ZVN?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asdo.: **Montserrat Valcárcel Armesto**

Sonia Vidal Lamas

Ariadna Fernández González

Secundino Fernández Fernández

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 17/03/2025 09:37:29

Sonia Vidal Lamas na data 17/03/2025 09:37:42

Ariadna Fernández González na data 17/03/2025 09:38:20

Secundino Fernández Fernández na data 17/03/2025 09:38:24

Luis Bará Torres na data 17/03/2025 09:39:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández e Ramón Fernández Alfonso, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**, sobre as consecuencias na economía galega da permanencia da fenda de xénero e fenda salarial ou retributiva na economía galega e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A desigualdade no ámbito económico e laboral é un elemento central na discriminación das mulleres na sociedade, porque sen autonomía económica non pode haber autonomía persoal e ese é un elemento de dominación clave para o patriarcado.

A análise desta situación é poliédrica, desde a permanencia dos estereotipos de xénero á distinta composición dos sectores laborais pasando pola falta de cumprimento ou desenvolvemento do marco legal e xurídico. Así, o resultado é que hoxe son as mulleres as que acaparan maiores cotas de temporalidade e maior parcialidade, os traballos peor pagados son os máis fortemente feminizados fronte a outros nos que somos minoría, etc. que se resume ben na imaxe do chan pegañento fronte ao teito de cristal.

A concatenación de crises consolidou esta situación e fronte ás súas teóricas intencións, a reforma laboral agrandou algunhas fendas de xénero preocupantes: o 60% dos contratos fixos-descontinuos son de mulleres e a temporalidade acada o 29,9% nas mulleres fronte ao 17,8% dos homes. Existe, asociado a isto, unha fenda de xénero





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

salarial que en Galiza é do 18,4% e que aumentou en termos absolutos ata os 4.687 euros.

Outro elemento que contribúe á permanencia desta desigualdade é a sobrecarga que sofren as mulleres pola falta de servizos públicos, como demostran os datos de excedencias que corroboran que son as mulleres nun 88% as que collen excedencias para coidar crianzas e para coidado de familiares un 78,6%.

Ante esta situación cómpre intensificar a resposta institucional, xa que segue fallando o cumprimento das leis, non hai políticas efectivas para abordar a segregación ocupacional e porque a Xunta como empregadora e financiadora dunha parte importante dos empregos feminizados deste país tamén contribúe a esta situación.

Por estes motivos e polas consecuencias da permanencia da fenda salarial e de xénero na economía galega, formúlase a seguinte interpelación:

Como avalía o goberno galego as consecuencias da permanencia da fenda salarial e de xénero na economía galega?

Que actuacións impulsa a Xunta de Galiza para acabar coa fenda laboral de xénero?

E coa fenda salarial de xénero?

Cales son os mecanismos de consenso destas medidas?

E cales os de seguimento e avaliación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora o goberno galego o agravamento de determinadas fendas como a temporalidade ou a parcialidade?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2025 13:56:16

Olalla Rodil Fernández na data 17/03/2025 13:56:19

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/03/2025 13:56:27





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana, Paloma Castro Rey e Julio Ernesto Abalde Alonso, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Decreto 48/2024, do 22 de abril, que regula os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia establece importantes novidades, entre as que destaca a politización de postos antes reservados a persoas empregadas públicas, abrindo o nomeamento a persoas afiliadas e afíns ao PPdeG. O que amosa un ataque grave á profesionalización e independencia do persoal empregado/a público da Xunta de Galicia, e reforza a concepción “patrimonialista” que ten o Goberno galego da Administración autonómica galega, que debe estar ao servizo do interese público e non ao servizo partidista do PPdeG.

Así, unha das novidades na área de Presidencia é que as xefaturas territoriais pasarán a denominarse “direccións territoriais”. Ademais, as propias delegacións territoriais, que ata agora dependían da Consellería de Presidencia de Diego Calvo, pasan a facelo da propia Presidencia da Xunta.

Antes no organigrama administrativo, por debaixo dos seis delegados territoriais (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), quedaban adscritos orgánica e funcionalmente ás xefaturas territoriais de cada consellería, que eran nomeadas polo sistema de libre designación de entre





persoal funcionario/a de carreira dos grupos A1 e A2 da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co Decreto 48/2024, do 22 de abril, poderán ocupar esas xefaturas territoriais calquera persoa aínda que non sexa funcionaria. A politización dos postos polo PPdeG é intolerable e supón un ataque sen precedentes a independencia e profesionalización dos empregados públicos da Xunta de Galicia, que esixen os artigos 9.2 e 103 da CE.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai o Goberno galego a modificar o Decreto 48/2024, do 22 de abril, de tal xeito que os postos de xefaturas territoriais se provean por libre designación entre persoas empregadas públicas dos grupos A1 e A2?
2. Cantas persoas non empregadas públicas foron nomeadas como directores/as territoriais ao abeiro do Decreto 48/2024, do 22 de abril?
3. As persoas non empregadas públicas nomeadas como directores/as territoriais ao abeiro do Decreto 48/2024, do 22 de abril, están realizando funcións que impliquen o exercicio de autoridade pública? Están estas persoas asinando resolucións nos procedementos administrativos?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21880
Data envío: 17/03/2025 14:59:22.207

Santiago de Compostela, a 17 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 17/03/2025 14:47:55

Elena Espinosa Mangana na data 17/03/2025 14:48:08

Paloma Castro Rey na data 17/03/2025 14:48:18

Julio Abalde Alonso na data 17/03/2025 14:51:10

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75320

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Sonia Vidal Lamas, Secundino Fernández Fernández e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde que o goberno do Estado elevara o risco de gripe aviar este pasado xaneiro, dadas as circunstancias mundiais nas que nos atopamos a este respecto, co falecemento dunha persoa acaecida desta enfermidade nos EEUU, levouse a cabo en Galiza o peche das explotacións avícolas de autoconsumo nas zonas de risco.

O número de concellos localizados nesas áreas serán máis nesta ocasión, xa que ao listado que aparece na orde APA/2442/2006 do 27 de xullo, o Ministerio de Agricultura propón engadir outros nunca antes incluídos, dadas as últimas informacións sobre concentracións de aves salvaxes e rutas migratorias, coa aparición de aves afectadas en ditos concellos.

Este tipo de aves salvaxes son atendidas, de ser preciso, polos centros de conservación de fauna silvestre repartidos polo país, un en cada provincia galega e que nestes momentos teñen unha especial importancia non só na recuperación da fauna, tamén aportando información sobre esta patoloxía que ameaza a saúde animal pero tamén a humana.

Dado que o persoal que leva a cabo a súa labor profesional ten contacto cos animais, tanto no caso dos que non teñen ningún tipo de risco para a súa saúde, coma no





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso dos que si o teñen, e debido a que nun dos centros galegos xa se tivo constancia dun gromo de gripe aviar no 2024, as medidas para a protección e prevención dos contaxios entre os propios animais e o paso da enfermidade cara os humanos deben ser exhaustivas e levadas a cabo de xeito adecuado.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

1. Está a garantir a Xunta de Galiza que todos os centros de conservación de fauna silvestre dos que é responsable contén con avaliacións de riscos específicas sobre a exposición dos traballadores/as a riscos biolóxicos?
2. Está a Xunta de Galiza a garantir que todos os centros de conservación de fauna silvestre hai unha plan de actividades preventivas derivado da avaliación dos riscos biolóxicos aos que se expoñen os traballadores/as?
3. Está a Xunta de Galiza a realizar inspeccións nas dependencias destes centros de conservación de fauna silvestre para garantir o correcto funcionamento e a posta en práctica adecuada das medidas preventivas derivadas da avaliación de riscos?

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 17/03/2025 17:52:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 17/03/2025 17:53:02

Secundino Fernández Fernández na data 17/03/2025 17:53:12

Sonia Vidal Lamas na data 17/03/2025 17:53:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á necesidade de que a Xunta de Galiza rectifique a súa decisión unilateral de segmentar a prestación sanitaria de atención primaria do Centro de Saúde Novoa Santos entre o PAC e o Centro do Couto contra a vontade profesional e veciñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na segunda quincena de marzo de 2025 vén de coñecerse que a Xunta de Galiza, contra a vontade da comunidade sanitaria, decidiu unilateralmente segmentar a prestación sanitaria de atención primaria do Centro de Saúde Novoa Santos entre o PAC e o Centro do Couto ante a previsión de demolición do actual edificio para impulsar o futuro Centro Integral de Saúde (CIS) de Ourense. Unha decisión sen consenso, sen rigor profesional e sen a adecuada planificación que debe ser rectificada e revisada.

Cómpre recordar que a promesa dun CIS para Ourense nace xa a finais do ano 2020 e comeza a súa andaina administrativa e orzamentaria no ano 2021. Porén, a realidade é que mentres os CIS de Lugo e de Lalín, comprometidos na mesma altura, están rematados e en funcionamento, o investimento en Ourense continúa na lista de tarefas pendentes, da mesma maneira que gran parte do Plan Director do CHUO ou a aposta pola demolición do materno, unha rectificación anunciada con décadas de atraso e que é aínda hoxe un anuncio ou unha nova UCI que en realidade ten menos camas das que foron prometidas. Esta situación certifica a falta de compromiso coa atención sanitaria ourensá, con atrasos permanentes aos que se suma unha cada vez maior





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dificultade de consolidar e atraer persoal ao non contar cunha estratexia específica nin favorecer na Área Sanitaria un bo funcionamento laboral.

Así as cousas, presuntamente, este centro renovado unificaría o PAC coa atención ordinaria; sumaría un circuíto específico para pacientes infecciosos; contaría cunha sala específica de diagnóstico por ultrasóns e área de radiodiagnóstico; e aplicaría programas para pacientes crónicos e multipatolóxicos e outros de rehabilitación integral. Posteriormente, a Xunta especificou que contaría con 13 alturas e unha superficie construída de máis de 7.584 metros cadrados e servizos e unidades asistenciais como rehabilitación, saúde mental ou radiodiagnóstico. En outubro de 2024, despois de múltiples desacordos coa veciñanza e cos propios servizos urbanísticos do municipio, o Consello da Xunta aprobada declarar o novo Centro Integral de Saúde Novoa Santos de Ourense como proxecto público de urxencia e de excepcional interese ao abeiroa da Lei 3/2016 do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Máis dun ano despois coñécense un conxunto de decisións unilaterais do goberno galego ante a próxima demolición do edificio que actualmente alberga o C.S Novoa Santos e ante o que as e os profesionais puxeron en coñecemento da sociedade distintas discrepancias. Estas discrepancias son razonadas e razoables e foron trasladadas, sen éxito, á xerencia sanitaria sen ser tidas en conta.

Entre os problemas sinalados, as e os profesionais sanitarios advirten da ruptura das bases de atención primaria para un terzo da poboación da cidade, da segregación de servizos e pacientes, da sobrecarga do Centro de Saúde do Couto que pasará a duplicar a poboación atendida, da ruptura da calidade e impartición de docencia e do desmantelamento do Centro de Orientación Familiar, que afecta ao conxunto da cidade.

Coa segregación de servizos, profesionais e pacientes romperanse as bases de accesibilidade, lonxitudinalidade, continuidade asistencial e integralidade, bases





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consensuadas, estudadas e contrastadas pola comunidade científica, que non responden a criterios aleatorios senón obxectivos e que redundan nunha maior saúde comunitaria. Así mesmo, un dos principais problemas será a sobre carga do centro de saúde do Couto, un centro que ten menos dunha década de funcionamento despois de dilacións na súa obra e de numerosos problemas de acondicionamento pola falta de calidade destas e ser outro exemplo de improvisación administrativa.

Da mesma maneira que cando se puxo en marcha o Centro do Couto, non está habendo unha planificación coa comunidade, nin cos e coas profesionais que atenden no centro actual, nin cos e coas profesionais dos centros afectados nin coas entidades sociais e veciñais. Tampouco se está a ter en conta a crecente demanda sanitaria nun contexto social no que aumenta o avellentamento e no que se incorpora nova veciñanza. Así, unha atención primaria xa saturada vaise segregar en distintos centros sen garantir espazos e horarios adecuados nin facilitar, de ser necesario, o prolongamento da xornada. Particularmente alarmante resulta o novo agravio contra o Centro de Orientación Familiar, que se suma ás decisións contrarias ás necesidades da saúde da muller en Ourense.

Resulta inaceptable do punto de vista da xestión pública e da xestión sanitaria que a chegada, a longo prazo, dunha nova infraestrutura, teña un prezo tan alto para a comunidade na que se proxecta. Con independencia do debate social e profesional que existe arredor da idoneidade ou non de distintos aspectos do proxecto do CIS, é evidente que hai que procurar unidade e racionalidade arredor das consecuencias da posta en marcha desta obra e buscar unha alternativa para que se manteña unha atención sanitaria na zona que estea planificada, manteña a unidade do servizo e accesibilidade, non reduza servizos nin sature outros centros. Unha alternativa que foi formulada polas profesionais e que pasaría por reubicar o servizos, cunha mínima reforma, no histórico Centro de Especialidades situado na rúa Concello, a menos de 300 metros do actual C.S Novoa Santos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesaria unha rectificación urxente por parte da Xunta de Galiza, que se interrompa a proposta de segregación profesional e sanitaria e que se acorde coa comunidade sanitaria, singularmente cos e coas profesionais, os termos de reorganización do servizo.

É preciso que a Xunta de Galiza sexa dialogante e responsable, pois estamos a falar da afectación a un terzo da poboación da cidade de Ourense e dun tempo prolongado de afectación que pode levar nunha previsión optimista arredor de cinco anos.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Vai escoitar a Xunta de Galiza a comunidade sanitaria de Ourense e rectificar as súas decisións unilaterais e equivocadas respecto da reorganización da atención do Centro de Saúde de Novoa Santos ante as obras do futuro CIS?

Considera o goberno da Xunta responsable non dialogar e acordar coa comunidade sanitaria os termos da reorganización da atención primaria dun terzo da poboación da cidade de Ourense?

Por que non se reorganizan a totalidade dos servizos no actual centro de especialidades da rúa Concello?

Como vai soportar o Centro de Saúde do Couto atender o dobre de poboación para o que foi deseñado e construído hai menos dunha década?

Considera lóxico que un veciño ou veciña que até o de agora tiña os seus servizos de atención primaria nun mesmo edificio agora os teña segmentados en centros separados por quilómetro de distancia e sen conexión de transporte?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É consciente o goberno galego do perfil demográfico e sanitario da cidade de Ourense?

Por que decide romper as bases da atención primaria nesta reorganización? É parte dunha intención de precarizar cada vez máis a atención primaria e contribuír ao seu colapso?

Que valoración fixo o goberno galego da afectación desta situación á prestación de servizos formativos?

Considera isto responsable nun contexto no que custa atraer e formar persoal de atención primaria en xeral e a Ourense en particular?

Por que desmantela o COF? Avaliou a situación e futuro do COF coas entidades e colectivos afectados?

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2025

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 18/03/2025 09:54:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 18/03/2025 09:56:00

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/03/2025 09:56:35





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Carlos López Font, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

As cifras da campaña de marisqueo do ano 2024 non deixan lugar a dúbidas na evidencias de que o sector do marisqueo atópase neste momento nunha situación crítica: na ría de Arousa un 93 % menos de berberecho, un 86 % menos de ameixa e 45 millóns menos de facturación nos últimos catro anos.

Con estas cifras de resultado económico do labor extractiva nas nosas rías non é estraño que se estea a producir unha perda continua da poboación de galegos e galegas que desenvolven esta actividade económica tan importante para os nosos pobos mariñeiros, sobre todo polo alto nivel de emprego feminino neste sector.

Segundo o IGE neste momento traballan no sector 3.300 persoas, 2.470 mulleres e 837 homes, que son 200 menos que o ano anterior e 400 menos que no ano 2020, ao comezo da pandemia do COVID, é dicir, no último ano caeron un 6,3 % o numero de traballadoras e traballadores do marisqueo en Galicia.

Esta baixa se ve aínda mais agudizada polo baixo, e en algunhas zonas, nula presenza de persoas menores de 30 anos que se dedican a esta actividade, o que imposibilita o relevo xeracional con que é unha actividade que esta condenada a desaparición, coas consecuencias sociais e económicas da amplas zoas da nosa costa, a que esta ademais fortemente golpeada pola baixada demográfica e a despoboación.





Á hora de facer unha diagnose son múltiples as variables que inflúen nesta situación, pero está claro que a baixada da produción debida a cambios climáticos, condiciona ambientais, contaminación, a alta mortalidade das especies, en definitiva, a perda de valor económico e garantía de sostibilidade do sector está na raíz deste problema.

O sector do marisqueo, na súa vertente económica precisa neste momento de seguridade de que esta actividade é sostible no tempo para que se manteña o nivel de emprego e, sobre todo, novas xeracións se incorporen a esta actividade.

A Consellería do Mar, en colaboración con outras unidades da Xunta de Galicia, ten a responsabilidade de facer fronte a esta situación e traballar para que o sector sexa sostible e atractivo e desa maneira fixar poboación moza nas nosas costas para que os nosos pobos mariñeiros teñan futuro.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que diagnose fai a Xunta de Galicia da perda continuada de traballadores/as no marisqueo e case nula presenza de novas xeracións que dificulta o relevo xeracional?
2. Que medidas ten pensado poñer en marcha a xunta de Galicia para que esta situación de ausencia de relevo xeracional poda ser revertida?

Santiago de Compostela, a 18 de marzo do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 13:58:30
Nº Rexistro: 21950
Data envío: 18/03/2025 13:58:30,291

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 18/03/2025 13:51:34

Carlos López Font na data 18/03/2025 13:51:43

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75332

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta Mesa a seguinte **interpelación**.

O 15 de febreiro do 2025 publicouse no DOG o Decreto 16/2025, do 10 de marzo, polo que se modifica o Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Entre os cambios máis significativos da norma regulamentaria, está o cambio de adscrición orgánica do Instituto Galego de Estatística (IGE), que antes dependía da Consellería de Facenda, e agora pasa a depender directamente da Presidencia da Xunta de Galicia a través da Oficina de Coordinación Económica.

A decisión coñécese cinco meses despois da polémica aberta polo informe do instituto estatístico que concluía que un de cada tres nenos galegos non saben falar a lingua propia da comunidade.

Por unha banda, a Xunta de Galicia anunciou no Pleno do 10 de marzo do 2025 cambios na xestión e tratamento dos datos estatísticos públicos. Neste semestre vai a licitar un contrato para que as empresas tecnolóxicas “poidan ofrecer os seus servizos para centralizar, xestionar e explotar os distintos datos” que ten o Goberno galego.

É dicir, en cuestión duns meses unha compañía privada poderá reunir e tratar a información do IGE, o Instituto Galego de Estatística, as consellerías, as universidades e outros organismos, para segundo motivacións dadas polo goberno galego se “poida dispoñer con axilidade e precisión de información pública actualizada”.





O anuncio fíxoos o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, na rolda de prensa posterior á reunión semanal do Consello da Xunta de Galicia. Asegurou que a intención é “optimizar” o uso de datos para dar mellores servizos. E a Xunta de Galicia optou por recorrer aos servizos dunha empresa externa para aplicar “as ferramentas e instrumentos que existen”.

Por outra banda, non coñecemos a día de hoxe as actuacións levadas a cabo pola creación da nova Oficina Económica de Galicia; poderíamos presupoñer que as súas funcións ían ser de gran relevancia no aspecto económico do Goberno galego, pero analizando polo miúdo o novo Decreto de estrutura orgánica da Presidencia, observamos que a Oficina económica de Galicia carece de funcións executivas, son máis ben de coordinación, de estudo e análise.

Asemade, moitas das súas atribucións dúplícanse con outros órganos ou unidades creadas, como a oficina económica no Instituto Galego de Promoción Económica, a sociedade Impulsa, ou de outros órganos directivos da Consellería de Facenda e mesmo da Consellería de Economía e Industria.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal vai a ser o alcance da externalización das funcións públicas de estática galega no contrato, na xestión e no tratamento dos datos estatísticos públicos?
2. Vai o Goberno galego a enviar trimestralmente ao Parlamento galego un informe sobre as actividades desenvolvidas pola nova Oficina Económica de Galicia?

Santiago de Compostela, a 18 de marzo do 2025





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/03/2025 17:04:47
Nº Rexistro: 21962
Data envío: 18/03/2025 17:04:47,909

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 18/03/2025 17:03:46

Elena Espinosa Mangana na data 18/03/2025 17:03:56

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75335

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A enfermidade celíaca, segundo a Organización Mundial de Gastroenteroloxía, é unha enfermidade autoinmune provocada pola inxestión de alimentos que conteñen glute. Esta alteración intestinal non só se produce cando se consumen alimentos con alto contido de glute, senón tamén cando hai contaminación cruzada en alimentos que, en principio, non contiñan glute, pero que, debido á manipulación, poden quedar contaminados con trazas deste.

A Asociación de Celíacos de Galicia (Acega) estima que a prevalencia desta enfermidade correspóndese co 1 % da poboación, arredor dos 27.000 galegos e galegas. A parte diso, consideran que entre o 75-80 % da poboación celíaca aínda non está diagnosticada. Segundo as estatísticas da Sociedade Española de Patoloxía Dixestiva as diagnoses de enfermidade aumenta exponencialmente un 30% cada ano. Estes datos de diagnose chocan de xeito frontal contra a adaptación real da sociedade, así como das entidades pertencentes á hostalería.

Esta enfermidade xera unha fenda na poboación o ter que cambiar, non so a alimentación diaria, senón que tamén a adaptación de todos os hábitos sociais. Se non fose pouco a adaptación completa da vida, esta enfermidade xera outra fenda, neste caso económica.

A Federación de Asociacións de Celíacos de España, nun informe do 2024, amosa que na adquisición de produtos específicos sen glute destínase arredor de 1.704.40 €, elevándose en 167.57 € con respecto ó ano 2023 tendo en conta a subida do 10,90 % dos produtos sen glute. Esta cifra sitúa o gasto adicional da poboación celíaca en 1.087,72 € fronte as dietas que o permiten.



Salientan dende esta federación que en puntos concretos do calendario como pode ser o Nadal, a disparidade de prezos entre os produtos con e sen glute alcanza o seu punto máximo, chegando a custar un 240 % máis.

O pan sen glute, un alimento que case a totalidade da poboación consume a diario e que o 100g de media ten un custe de 1,27 € mentres que se se trata de pan común, con glute, estes 100g custan 0,23 €. É dicir, este pan ten un incremento do 452,17 % máis caro. E se atendemos ós prezos da pasta esta porcentaxe elévase ate o 757 %.

Estes prezos elevados causan moitas dificultades nas familias con menos recursos que, se xa lles custa chegar a fin de mes, esta situación agrava aínda máis a súa capacidade para cubrir necesidades básicas.

O Goberno de España está xa actuando sobre o tema. Nas súas competencias, reduciu a través do Ministerio de Facenda, o IVE do 10 % ó 4 %. O Concello de Barbadás achega 400 € anuais para aquelas persoas diagnosticadas con celiaquía. A Xunta de Galicia ten que ir máis aló do fomento do comercio e a restauración para as persoas celíacas, que está ben, pero con prezos desorbitados dos produtos sen glute non é unha prioridade ir a restaurantes para as familias que teñen que pagar case 100 € máis cada mes pola compra, por cada celíaco que conviva nese núcleo e máis atendendo o sobrecusto que teñen os produtos sen glute na hostalería. A Xunta de Galicia dentro das súas competencias en benestar social debe actuar con achegas directas ás familias con menores recursos e con persoas diagnosticadas como celíacos e celíacas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 13:25:32
Nº Rexistro: 21987
Data envío: 19/03/2025 13:25:32.024

Valora o Goberno galego crear unha liña de axudas para as persoas celiacas con menores recursos e establecer plans para a adaptación da hostalería e da restauración ás persoas celiacas?

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 13:18:08

Silvia Longueira Castro na data 19/03/2025 13:18:27

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75338

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21998
Data envío: 19/03/2025 16:12:01.275

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, María Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

Galicia ten unha grande riqueza de recursos enerxéticos renovables autóctonos. Pero debemos poñer os medios, atraer a inversión e sobre todo, contar coa cidadanía, as comunidades locais e os sectores xa implantados para que o aproveitamento destes recursos respecte escrupulosamente o medio ambiente, biodiversidade, encontre sinerxías coas actividades xa implantadas e repercuta nun beneficio para as galegas e galegos.

A política enerxética e industrial do goberno non é recoñecible no noso país, porque está sumida nunha inseguridade xurídica sen precedentes. O Goberno galego non está a liderando a transición enerxética e facilitar o asentamento de proxectos industriais sostibles no noso país. Hai no momento actual cerca de setenta parques eólicos suspendidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, moitos por incumprimento de criterios de sustentabilidade ambiental. Este caos, sen precedentes, na paralización do desenvolvemento eólico en Galicia é responsabilidade exclusiva do Goberno galego que levan case 16 anos no goberno.

Ademais, o Goberno galego optou pola privatización na xestión dos nosos recursos naturais, xa que se substitúe a política pública enerxética pola xestión a través dunha sociedade privada, a sociedade de Recursos de Galicia- RdeG- na que a Xunta de Galicia ten o 30 % do capital social.

Foi a través dos medios de comunicación - o 14 de novembro de 2023- cando coñecemos a noticia da creación da sociedade público- privada- que nace

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75339

@PSdeG





“baixo o paraugas da futura Lei de promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais en Galicia” ó acadar os 100 millóns en 2027, sendo a participación no dito capital da Xunta de Galicia o 30 %, correspondendo o 70 % restante a empresas galegas, e “garantía de que a xestión da riqueza natural de Galicia se traduza en riqueza social”.

Segundo as novas, sempre por medios de comunicación a empresa Sociedade de Recursos de Galicia- en adiante RdeG- constitúese para o despregamento de novos proxectos de enerxía renovable, ligados á minaría ou que requiran da concesión de auga para usos como o acuícola, agropecuarios ou a produción industrial de bens de consumo.

Coa sociedade RdeG xa constituída, tramitouse logo no Parlamento o Proxecto de lei para promoción dos beneficios sociais e económicos dos proxectos que utilizan recursos naturais de Galicia. Polo tanto, creábase primeiro a sociedade privada-pública, sen tan sequera ter aprobada a lei que regularía o aproveitamento de recursos para beneficio social e económico. Esta forma de proceder amosa unha falta de respecto polo funcionamento democrático das institucións e do control que debe exercer o poder lexislativo ao executivo galego.

A Lei 2/2024, do 7 de novembro, xa en vigor, foi aprobada unicamente cos votos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, e pretendeu avalar legalmente a creación opaca da sociedade RdeG, que se artellou precisamente para fuxir do entorno de control público e da rendición de contas da devandita sociedade, ao amparo do artigo 102 da Lei 16/2010 de ordenación e funcionamento do sector público autonómico (LOFAXGA).

Pola vía do artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para poder exercer o noso labor de





fiscalización do Goberno galego, solicitamos, ata en nove ocasións, o expediente de creación, así como as sucesivas modificacións societarias de RdeG. A día de hoxe, segue sen remitirse o expediente administrativo que debe obrar en poder da Consellería de Facenda, ao amparo do artigo 93 da Lei de patrimonio de Galicia.

Polo anteriormente exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais do sector público autonómico, dispoñen da maioría dos dereitos de voto na sociedade RdeG ben directamente ben mediante acordos con outros socios?
2. A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou as entidades instrumentais do sector público autonómico, teñen dereito a nomear ou a separar a maioría dos membros dos órganos de goberno da sociedade, ben directamente ben mediante acordos con outros socios?
3. Quen preside a sociedade RdG, e cantos altos cargos do Goberno galego ou das entidades instrumentais do sector público autonómico están representados no Consello de Administración?
4. Respecto aos socios privados na RdeG, cantos millóns de euros desembolsaron cada sociedade individualmente considerada e de maior a menor desembolso?
5. Vai a sociedade RdeG render as súas contas ao Consello de Contas de Galicia?
6. Como ten pensado o Goberno galego arbitrar a participación das deputacións e dos concellos na sociedade RdeG?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/03/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 21998
Data envío: 19/03/2025 16:12:01.275

7. Cal foi o procedemento de selección do CEO da sociedade RdG e o do resto do persoal directivo e de cadro de persoal contratado pola sociedade?

Santiago de Compostela, a 19 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/03/2025 15:39:21

Elena Espinosa Mangana na data 19/03/2025 15:39:30

Lara Méndez López na data 19/03/2025 15:39:39

CSV: BOPGDSPG-aUY42XEnc-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75342

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a anulación parcial polo TSXG da normativa que regula as entidades de colaboración ambiental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 12 de marzo fíxose pública a sentenza do TSXG que anula parcialmente, dando resposta a un recurso presentado pola CIG, a normativa que regula as “entidades de colaboración ambiental”, previstas na *Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza* e no Decreto que a desenvolve.

Tanto a nota publicada polo Consello Xeral do Poder Xudicial como o texto da sentenza cuestiona con dureza a normativa aprobada polo goberno galego e anula parte do *Decreto 102/2023, do 15 de xuño, polo que se regulan as entidades de colaboración ambiental e se crean o Rexistro de Entidades de Colaboración Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia e o Banco de persoas expertas en avaliación ambiental*.

A motivación central desta sentenza é que as citadas entidades supoñen "unha verdadeira privatización da tramitación da avaliación ambiental", de maneira que unha competencia exclusiva da administración queda residenciada na iniciativa privada. A ilegalidade desta externalización queda expresada de maneira contundente na sentenza, ao "trasladar a unha empresa privada funcións que están reservadas a funcionarios públicos, porque reciben incluso de xeito explícito o mandato de valorar alegacións e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informes". O que vén sinalar a sentenza é que as citadas entidades non son “colaboradoras” da administración senón que son “suplantadoras” e “substitutas” das funcións que corresponden ao persoal da administración, xa que "non colaboran coa administración, senón que suplantán á administración durante nada menos que toda a tramitación da avaliación ambiental".

Se ben esta sentenza non é firme e cabe a posibilidade de recurso, a realidade é que os termos da mesma deixan en mal lugar a Xunta do PP e poñen de manifesto como se vulnera de maneira sistemática a lei na tramitación das avaliacións ambientais.

Máis alá desta figura concreta, a Xunta leva anos externalizando as funcións do persoal da administración na tramitación de avaliacións e informes ambientais, o que podería derivar en responsabilidades e nulidade das actuacións. É o caso da “administración paralela” da empresa TRAGSATEC, que recibiu numerosas encomendas de xestión para trámites ambientais.

Por todo isto fórmulase a seguinte interpelación:

- Que valoración fai a Xunta sobre a sentenza do TSXG que anula parcialmente, dando resposta a un recurso presentado pola CIG, a normativa que regula as “entidades de colaboración ambiental”, previstas na *Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galiza* e no Decreto que a desenvolve?

- Ten previsto a Xunta deixar sen efecto a parte do *Decreto 102/2023, do 15 de xuño, polo que se regulan as entidades de colaboración ambiental e se crean o Rexistro de Entidades de Colaboración Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia e o Banco de persoas expertas en avaliación ambiental*, que foi anulado pola sentenza do TSXG?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai respectar a Xunta as funcións e competencias do persoal ao servizo da administración e non suplantalas por medio de empresas ou persoas privadas, nomeadamente no caso das avaliacións e nos informes ambientais?

- Vai o goberno galego facer públicos todos os informes e avaliacións realizados por entidades de colaboración ambiental e persoas expertas en avaliación ambiental, ao abeiro da normativa anulada polo TSXG?

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2025

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Deputado e deputado G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 19/03/2025 16:39:57

Luis Bará Torres na data 19/03/2025 16:40:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Ariadna Fernández González, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a avaliación da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024 e a aprobación dunha nova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2024 rematou a vixencia da Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2020-2024. Segundo o propio documento aprobado, a Xunta de Galiza debía facer un seguimento e avaliación dos instrumentos e medidas nela previstas así como realizar un informe final para valorar o seu grao de cumprimento e os resultados obtidos.

De igual maneira, a Xunta de Galiza debe aprobar unha nova Estratexia para o seguinte período. Neste senso, a Consellaría de Política Social tivo a exposición pública un documento preliminar de estrutura e obxectivos para a Estratexia 2024- 2030. Porén, a día de hoxe continúa sen aprobar aínda o novo documento.

Este 2025 cúmprense 600 anos da chegada do pobo xitano á Península Ibérica. Malia o tempo transcorrido a falta de inclusión social da poboación xitana no noso País é evidente. Segundo os datos que nos traslada a Fundación Secretariado Xitano, a nivel estatal:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A taxa de abandono escolar entre o alumnado xitano é do 86% fronte ao 13,3% da poboación xeral.
- Aos 11 anos o 40% do estudantado xitano repetiu curso.
- A taxa de fracaso escolar é desproporcionada situándose no 62.8% entre a poboación xitana fronte apenas o 4% da poboación xeral.
- O 86% das persoas xitanas están en situación de pobreza e o 46% en extrema pobreza.
- A taxa de pobreza infantil é do 89%.
- Máis de 9.000 familias galegas continúa vivindo en infravivendas e/ou chabolas.

É evidente que urxen medidas específicas e decididas para combater a pobreza e a exclusión social que sobre o pobo xitano tanto en Galiza como no conxunto do Estado español. Medidas decididas encamiñadas a acabar coa desigualdade que atinxe a poboación xitana especialmente en dous ámbitos: a educación e o dereito a unha vivenda digna.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que valoración fai a Xunta de Galiza das cifras de desigualdade que atinxen a poboación xitana?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas adoptou ou ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para garantir a inclusión social do pobo xitano especialmente no ámbito educativo e no acceso a vivenda?

- Que medidas específicas adoptou ou pensa adoptar a Xunta en materia de vivenda para erradicar o chabolismo? E a infravivenda?

- Cando vai aprobar a Xunta a Estratexia sectorial de inclusión social da poboación xitana 2025-2030? Que resultados obtivo da anterior?

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2025

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ariadna Fernández González

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 19/03/2025 16:58:33

Ariadna Fernández González na data 19/03/2025 16:58:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, Mercedes Queixas Zas e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 3 de febreiro tivo lugar un dramático incidente nas urxencias do CHUAC que puxo en evidencia a falta de medios na que se atopa a sanidade pública galega ao producirse unha agresión con arma branca a persoal sanitario por parte dun paciente nun contexto dunha alteración do seu estado psíquico. Un mes máis tarde, no mesmo centro, produciuse outra agresión nunha planta de hospitalización por parte tamén dun paciente nunha situación de alteración do nivel de conciencia.

Estes incidentes poñen de relevo sobre todo a falta de medios para atender a pacientes psiquiátricas, tanto polos cadros de persoal exiguos, que non son suficientes para as necesidades asistenciais existentes na actualidade, como pola falta de espazos, protocolos e directrices para garantir unha atención digna, segura e de calidade. Algo que tamén está a sinalar o comité de centro do CHUAC ou organizacións coma SOS Sanidade Pública, que denuncian a falta de actuación da Xerencia e a dirección do Sergas neste sentido a pesar de seren coñecedores da situación, pois xa fora advertida previamente polo persoal.

A falta de medios para atender a persoas con alteracións psiquiátricas, ben debidas á propia patoloxía psiquiátrica coma a outras múltiples causas, é sobradamente coñecida, tanto pola sociedade galega, profesionais e pacientes, coma tamén pola propia administración, polo que resalta aínda máis a inacción para mellorar esa situación. Todo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o contrario, estamos a ver como desde o goberno galego e desde as filas do Partido Popular se opta por un discurso criminalizador e pola demanda de medidas coercitivas e represivas, en lugar doutras claramente terapéuticas e que poidan lograr unha desescalada non violenta.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

- Cales son os protocolos vixentes a día de hoxe nos centros dependentes do Sergas para a atención a pacientes con alteracións da esfera psiquiátrica?
- Constatou o goberno galego un incremento na asistencia a pacientes con alteracións deste tipo? Considera que os cadros de persoal están correctamente dimensionados para prestarlles asistencia, tanto nos servizos de urxencias coma de hospitalización?
- Considera que o persoal está debidamente formado para enfrontar situacións violentas en pacientes con alteracións psiquiátricas?
- Que medidas foi implantando o goberno galego para evitar as contencións mecánicas? Considera o goberno galego que hai marxe de mellora neste aspecto?
- Cales son as cifras de contencións mecánicas aplicadas no último ano en centros públicos?
- Considera o goberno galego que está a traballar para garantir a seguridade de pacientes e profesionais? E para garantir os seus dereitos básicos?
- Cales son as medidas e protocolos que vai implantar o goberno para evitar accidentes coma os que tiveron lugar no CHUAC?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iria Carreira Pazos

Mercedes Queixas Zas

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 20/03/2025 16:51:08

Mercedes Queixas Zas na data 20/03/2025 16:52:01

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2025 16:52:02





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A Lei Orgánica do Sistema Universitario (LOSU) do ano 2023 establece o réxime de profesorado e de categorías diferentes as existentes ata este momento nas Universidades pública no referido as figuras de profesorado contratado laboral.

A LOSU, no seu artigo 64.1, establece que o persoal docente e investigador das universidades estará composto polo profesorado dos corpos docentes universitarios e polo profesorado laboral.

O profesorado de corpos funcionariais docentes e investigadores corresponde as dúas categorías de Catedrático de Universidade e Profesor Titular de Universidade. A LOSU establece a incompatibilidade deste persoal funcionario en servizo activo nunha universidade pública con ser profesorado de universidades privadas ou centros privados adscritos a universidades públicas. A súa regulación, categorías e condicións laborais e retributivas corresponde a regulación estatal.

As universidades públicas poderán incorporar profesorado laboral, definido nos artigos 77-87 da LOSU, en distintas categorías: profesorado contratado laboral permanente, profesorado axudante Dr. profesorado asociado, profesorado substituto, profesorado emérito, profesorado visitante e profesorado distinguido. Coa excepción do profesorado contratado permanente e o profesorado asociado, estas figuras son ou poden ser de contratación temporal.





O profesorado con contrato laboral temporal no porá superar o 8 por cento en efectivos do cadro de persoal docente e investigador total. Non se computarán a tal efecto o profesorado asociado de Ciencias da Saúde e o profesorado axudante doutor.

Ademais destas figuras de persoal docente e investigador laboral, as universidades poderán contratar, coa financiamento interna da universidade ou con financiamento externa, persoal investigador en las modalidades de contrato predoutoral, contrato de acceso de persoal investigador doutor, contrato de investigador/a distinguido/a y contrato de actividades científico-técnicas.

O réxime xurídico aplicable a estas modalidades de contratación laboral será no marco e figuras que se establece na LOSU e nas súas normas de desenvolvemento, pero a súa regulación en materias expresamente remitidas por esta lei así como outras no ámbito das súas competencias corresponde a ás comunidades autónomas fixar a regulación, categorías e condicións laborais e retributivas, estando as mesmas sometidas a negociación colectiva na súa aplicación.

O pasado 12 de febreiro constituíuse a Comisión Negociadora do III Convenio do PDI do SUG, coa sinatura das tres universidades públicas e a catro organización sindicais presento no sector do Persoal Docente e Investigador, iniciando así un proceso fundamental para a mellora das condicións laborais do profesorado contratado a vista da nova Lei de universidades (LOSU), a Lei da ciencia e da reforma laboral, que tamén afectan a estas novas figuras e as súa condicións laborais.

Por exemplo, a LOSU abre de forma clara a existencia na figura de persoal laboral permanente a posibilidade de definir dúas categorías, de forma similar as figuras funcionerais, e que en Galicia non poden aplicarse xa que a regulación galega da figura de contratado doutor, as que se asimila esta nova





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/03/2025 17:21:24
Nº Rexistro: 22123
Data envío: 20/03/2025 17:21:24.761

figura, non o contempla polo que non se podería incluír no III Convenio Colectivo do SUG.

É por tanto urxente que a Xunta de Galicia exerza as súas competencias e elabore a regulación das distintas figuras de persoal laborais para que podan ser implementadas e contratadas nas universidades públicas previa negociación colectiva das súas condicións laborais.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cando ten previsto a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP regular as figuras de persoal contratado definidas na LOSU como consecuencia do mandato competencial da propia lei?
2. Ten previsto a Consellería establecer, como sucede noutras comunidades autónomas, dous niveis na figura de profesorado laboral permanente para que podan ser contratado polas universidades?

Santiago de Compostela, a 20 de marzo do 2025

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 20/03/2025 17:16:56

Silvia Longueira Castro na data 20/03/2025 17:17:06

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

75354

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a redución de nutricionistas nos centros de saúde de Negreira e Santa Comba.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A figura das nutricionistas na Atención Primaria é chave para avanzar na creación de equipas multidisciplinares e mellorar a asistencia sanitaria que recibe a poboación. De feito, constatouse desde a súa introdución nos centros de saúde que son profesionais enormemente valoradas polas pacientes, mais tamén polas demais traballadoras sanitarias. A esta satisfacción, cómpre engadir a mellora dos datos de saúde da poboación, pois a súa actividade céntrase maioritariamente na prevención, ben primaria, ben secundaria, de patoloxías que poden ser graves e crónicas.

Por iso resulta rechamante a decisión do goberno galego de reducir o número de nutricionistas en Atención Primaria, pasando de ter case un cento de profesionais en todo Galiza, un número que xa era insuficiente, a quedar só 45 para atender a toda a poboación galega. No caso da comarca do Xallas e A Barcala, os centros de Santa Comba e Negreira deixan de contar con servizo de nutrición e as pacientes de Santa Comba e Mazaricos son redirixidas a Muros, mentres que as de Negreira e A Baña teñen o seu centro de referencia nas Fontiñas, en Compostela.

É obvio sinalar que a redución de profesionais suporá unha maior sobrecarga para poder continuar atendendo á poboación nos termos nos que se viña realizando, mais tamén cómpre atender as barreiras que isto implica. A decisión de centralizar e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afastar este servizo pode supor que pacientes destes catro concellos teñan máis dificultades para poderen acceder ao mesmo, limitando a súa posibilidade de contar con profesionais especialistas para mellorar os seus hábitos dietéticos e atender á patoloxía específica, e xerando, en definitiva, inequidades en saúde que non deberan producirse nunca desde un sistema público.

Por todo o exposto anteriormente fórmulase a seguinte interpelación:

- É consciente o goberno galego da boa valoración das nutricionistas de Atención Primaria?
- Considera que as nutricionistas poden contribuír a mellorar o estado de saúde da poboación?
- Por que decide o goberno reducir as súas prazas?
- Cando vai restituír o goberno galego a praza de nutricionista nos centros de saúde de Santa Comba e Negreira?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**
Montserrat Prado Cores
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 20/03/2025 17:22:04

María Montserrat Prado Cores na data 20/03/2025 17:23:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente modificación da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, levouse a cabo a través do RD Lei 2/2025, do 18 de marzo, polo que se aproban medidas de urxencia para a garantía do interese superior da infancia e a adolescencia ante a situación de continxencias migratorias.

A realidade é que a chegada de menores estranxeiros non acompañados en situación de desamparo e expostos a un grave risco de exclusión social ás fronteiras do Estado español medrou nos derradeiros oito anos nun 221%. Son menores maioritariamente asociados a países coma Marrocos ou Alxeria, aínda que tamén con presenza importante de menores procedentes de Oriente Medio, África Subsahariana ou Europa do Este. A súa chegada escapando da fame, dos conflitos bélicos, persecución, violencia e da vulneración dos dereitos humanos, é maioritariamente absorbida polo arquipélago Canario, que na actualidade vive unha situación de especial dificultade ao non ter capacidade para garantir a súa atención, ao superar o 35% do total dos menores non acompañados que chegaron ao Estado español, con 5800 menores nesta situación dramática.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A través da recente modificación legislativa creouse un sistema de reparto obrigatorio entre as comunidades autónomas do Estado que afecta a aproximadamente 4400 nenos, nenas e adolescentes que se atopan na actualidade en Ceuta e nas Illas Canarias. Nese reparto, vimos de coñecer que a Galiza correspóndelle a acollida de 326 menores estranxeiros non acompañados, para os que segundo a Consellería de Política Social non hai espazo, ao asegurar que temos unha capacidade na rede de acollemento que xa está sobrepasada, chegando ao 104%.

En Galiza contamos con 832 prazas repartidas en 80 centros de acollemento de diferentes características, mais descoñécese o número de nenos, nenas e adolescentes inmigrantes non acompañados hai acollidos nestas institucións, co único dato que se manexa de que no 2021, 2022, 2023 e 2024 chegaron a Galiza nestas circunstancias algo máis de 120 menores.

Este novo proceso de acollemento non chega por sorpresa en Galiza en tanto que xa que dende o ano pasado a modificación da Lei estivo de actualidade, iso si cos votos do Partido Popular sempre en contra e con discursos e declaracións de membros do PP pouco acertadas e nas que os menores non foron nunca o centro das súas preocupacións, porque no caso de o ser estarían preparados meses despois para recibilos da mellor maneira posible en base aos principios de solidariedade e humanidade.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

1. Vai reconsiderar a Xunta de Galiza a súa negativa ao proceso de acollemento de menores non acompañados derivado da modificación polo RD Lei 2/2025 da Lei Orgánica 4/2000?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Considera a Xunta que negarse a acoller aos menores non acompañados derivados do reparto entre as distintas rexións do Estado Español é un comportamento solidario e responsable con estes nenos, nenas e adolescentes desprotexidos?

3. Cantos menores estranxeiros non acompañados se atopan no sistema de protección galego?

4. Aportará, e solicitará, a Xunta de Galiza os recursos necesarios para dotar de infraestruturas e persoal os centros de protección de menores habilitando as prazas precisas para o correcto acollemento e atención que precisan os menores estranxeiros que chegarán ao noso país durante o 2025?

Santiago de Compostela, 20 de marzo de 2025

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 20/03/2025 18:12:23

Olalla Rodil Fernández na data 20/03/2025 18:12:27



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

